

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2**

### **SESION ORDINARIA DO 28 DE FEBREIRO DE 2018**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### **NO ASISTE:**

Figuroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e oito de febreiro do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín,

González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno do Concello en sesión ordinaria, orde do día en poder das señoras/es concelleiras/os, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a sesión.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(17).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 27.12.2018).**

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 27.12.2017.

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

**2(18).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017. EXPTE. 73/143 (REXISTRO PLENO 1706/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 15 de febreiro de 2018, transcrito a continuación,

"En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local ( Art. 191.3 do TRLRF e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2017 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO e a Fundación FAIMEVI.

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Fundación MARCO.

Fundación FAIMEVI.

#### **RESOLVO:**

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2017 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade e o do seu O.A dependente ao longo do ano 2017, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións MARCO e FAIMEVI.

**Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e do Organismo Autónomo Administrativo XMU**

XMU		
Remanente Líquido de Tesourería		Resultado Orzamentario
2016	2017	2017
2.846.260,17	3.283.016,94	958.800,89

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2.016	2017	2017	2.016	2017	2017
84.482.277,68	91.061.195,67	32.272.178,71	87.328.713,88	94.344.408,64	33.230.979,60

#### Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	Total
Estabilidade Orzamentaria	12.239.696,25	4.215.069,13	-14.352,37	-250.048,70	16.190.364,31

#### Regra de Gasto

Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto computable liquidación 2017 (5)
	Gasto computable Liquid. 2016 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos 2017 (3)	Límite regla de gasto (4)=(2)+(3)	
Fundación Marco	831.851,78	849.320,67	0,00	849.320,67	823.266,02
FAIMEVI	327.508,17	334.385,84	0,00	334.385,84	360.923,43
Concello de Vigo	197.653.738,30	201.804.466,80	0,00	201.804.466,80	201.713.759,81
Xerencia Urbanismo	5.188.425,97	5.297.382,92	0,00	5.297.382,92	5.068.443,18
T. Gasto comput.	204.001.524,22	208.285.556,23	0,00	208.285.556,23	207.966.392,44

#### Tesourería

Entidade	XMU
95.158.516,62	12.935.288,39

### Fluxos de tesourería

	Entidade	Consolidado
Cobros Presupuestarios corrente e pechados	232.996.381,23	236.657.628,92
Pagos Presupuestarios corrente e pechados	227.272.236,81	226.608.021,30
Cobros non presupuestarios	54.216.286,23	60.734.808,90
Pagos non presupuestarios	54.330.198,29	61.146.777,45

### Aforro Neto

Entidade	Consolidado
37.847.898,66	39.040.198,68

### Período medio de pago xanerio-Decembro (RD 635/2014)

Mes	Entidade		PMP	Xerencia M. Urbanismo		PMP
	Importe			Importe		
	Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago	
Total PMP/anual	140.249.535,65	13.194.345,53	-12,98	796.924,43	97.798,12	-16,69

### Endebemento

$\% \text{ Endebemento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados}) * 100$

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados: 240.700.818,50 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2017: 0 euros.

Coeficiente de endebedamento a 31/12/2017, 0%

### Cumprimentos

Hai un Remanente Líquido de tesourería positivo na Entidade e no seu Organismo Autónomo, así como no perímetro de consolidación.

Hai Resultado Orzamentario positivo na Entidade e no seu Organismo Autónomo, así como no perímetro de consolidación.

Dáse cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, pechándose cun superávit tanto a Entidade como no O.A.

Dáse cumprimento a Regra de Gasto na Entidade e nos estados consolidados cunha execución de gasto computable é menor co legalmente previsto tendo en conta a TRCPIB e o gasto computable na Liquidación do ano 2015 proxectada sobre o 2016 coa TRCPIB do 2,1%, polo tanto, cómprese co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade financeira, sendo o coeficiente de endebedamento do 0% ao peche do ano 2017.

Durante o exercicio, en todos os meses deuse cumprimento a Período Medio de pago, sendo o PMP na Entidade no cómputo do ano de 17 días e na Xerencia Municipal de Urbanismo de 13,3 días, moi inferior que os 30 días que establece o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Local e a Disposición Final Trixésima primeira da Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais para o ano 2013.

**2)** En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da Liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e Ministerio de Facenda e Función Pública (MINHFP) antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local e O.A coa taxonomía LENLOC.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEOeSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases

de Execución do Orzamento."

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da liquidación do Orzamento do ano 2017, é dicir, para dar boas novas a esta cidade, para dar conta dos resultados positivos, dos bos resultados da liquidación do Orzamento do exercicio pasado, do 2017. Hai que destacar que pechamos o exercicio 2017 en situación de superávit, máis de 12 millóns de euros de superávit nas contas desta cidade, mérito do Alcalde, do goberno desta cidade e mérito tamén do Alcalde conseguir que eses máis de 12 millóns de euros se poidan reinvestir nas necesidades da cidade, evidentemente cando o Alcalde desta cidade e presidente da Federación Española de Municipios e Provincias e polo tanto, presidente de máis de 8.115 municipios de toda España consegue que tódolos municipios poidan reinvestir o seu superávit, tamén está a poñer en valor a xestión económica que se está a facer dende o Concello de Vigo, xestión económica que se reflicte nesa memoria da liquidación e que arroxa tódolos resultados positivos, resultado positivo como acabo de dicir no superávit, noutros parámetros que como tamén quedou patente son postos en valor polos organismos supervisores das contas dos concellos, así a autoridade fiscal independente avalou no exercicio do 2017, as boas contas do Concello de Vigo para este 2017 o feito de que non exista débeda neste Concello, hoxe o feito de que paguemos antes que ningún outro municipio de toda España, xa non só de Galicia senón de toda España, que paguemos antes que ningún outros municipio aos provedores permite que a cidadanía se beneficie dos mellores servizos públicos que se poden prestar por parte dun Concello. E todo isto máis que lle pese a algúns/as, coa menor presión fiscal dos concellos das principais cidades de España e de Galicia, esa é a xestión económica que queremos trasladar aos cidadáns e así no ano 2017, no exercicio 2017 os cidadáns valoran, claro que valoran positivamente os bos servizos públicos que se prestan dende Vigo, a seguridade, os bombeiros, a recollida e limpeza, todo estes aspectos que son valorados moi positivamente polos cidadás de Vigo, pero non só iso senón que tamén desenvolvemos con esa boa situación económica que acabo de sinalar, desenvolvemos políticas que lamentablemente no cobren outras administracións

públicas como é o caso da Xunta de Galicia, dende os orzamentos do Concello de Vigo no ano 2017 demos axudas de libros a máis de 1.300 persoal, demos axudas extraordinarias a familias con máis de 7.500 pagos, de alimentación, de aluguer, para cubrir as hipotecas, as bolsas de comedor, que permiten que máis de 3.500 alumnos de Vigo se beneficien destas bolsas de comedor, cubrimos patios de colexio e atendemos aos comedores de colexios, máis de 19 comedores de colexios cun investimento acumulado de máis de 1,6 millóns de euros nese período e colaboramos coa conciliación da vida laboral e familiar, coas aulas matinais, cos porteiros dos centros públicos, coas escolas infantís municipais, coa Casa das Mulleres, coa actividades para as persoas que necesitan neste caso atención e protección ante as situacións de violencia e cubrindo como dicía situacións que non cobren outras administracións, pero é que esta boa xestión do goberno municipal, do Alcalde o Sr. Abel Caballero, tamén se pon de manifesto na mellora das condicións de vida dos cidadáns e no incremento das actuacións de humanización e de investimento na cidade, este gráfico reflicte a situación no ano 2017, Xunta de Galicia cero, Concello de Vigo 43 millóns de euros en investimentos que cobren toda a cidade, cobren as escaleiras de Abelairas Menéndez, García Barbón pero tamén a zona de Bouzas, de Coia, da Hispanidade, a zona de Teis, a zona da estación de autobuses, as parroquias, cobren toda a cidade, polo tanto, ese é o resultado máis gráfico da boa xestión que se está a facer nesta cidade, por certo, noutras cidades lamentablemente non se inviste o que se está a investir en Vigo, isto é o que queremos facer cos bos resultados dos liquidación de orzamentos, coa boa execución que se está a facer dos orzamentos por parte desta cidade, mellorar as condicións de vida da cidadanía, e ter unha xestión económica solvente que nos permita desenvolver todas estas políticas sociais, de mellora das condicións de vida da cidadanía, de mellora da cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós sempre dicimos que este é o momento no que temos que falar profundamente do Orzamento porque se imos vendo as liquidacións que se van presentando ao longo do exercicio, nós dicimos sempre que se fai un spoiler publicitario, que agora se repite porque non se corresponde coa realidade da execución nin se corresponde coa realidade das partidas que vostedes presentan aquí na liquidación do exercicio completo, o superávit non é un exemplo de boa



xestión, é dicir, se vostede ten uns cartos orzamentado, estamos a falar de cartos que procede da recadación de impostos, maioritariamente, ou sexa transferencia doutras administracións, se vostede está recadando dos veciños de Vigo e ao final de ano non gasta eses cartos, non é unha execución positiva, o criterio do superávit ou en todo caso o criterio do equilibrio orzamentario é un criterio neoliberal que impuxo a Unión Europea, que se traspasou á lexislación e a esa famosa Lei de sostibilidade e que en todo caso o superávit non ten que agochar unha boa xestión, por iso nós discrepamos e discrepamos dese modelo que teñen vostedes de superávit, de ir postergando os investimentos para ir concentrando a maior parte de recursos económicos no último ano de legislatura para volver a condicionar outra vez o resultado electoral en base a unha política inxente de investimento no último ano que se o dividimos entre os catro anos que dura o exercicio, pois nin é inxente nin dende logo é expansiva. Nós queríamos poñer enriba da mesa algunhas cuestións, sobre todo dese superávit, porque ese superávit non sae do típico porco que íamos metendo cartos que tiñamos todas as entidades bancarias, ese superávit sae de partidas importantes que vostedes non executan, algunhas xa as citou vostede, vostede falou de cubrición de patios de colexio, neste exercicio hai unha execución baixa diso, vostede fala de determinadas investimentos en infraestruturas, hai moitas humanizacións, moitos plans que vostedes vincularon coa deputación para o asfaltado que están se executar, teñen unha execución do 50%, mellor que o ano pasado, vostede me dirá que son partidas comprometidas, dende logo aquí no expediente gran parte desas partidas pasan ao remanente de crédito que vostede sabe como sabemos nós, que se vai creando aí un saco, que por desgracia parece que non está na axenda deste Alcalde nin na axenda do Sr. Montoro, podelo utilizar de maneira clara, porque outra cousa é que vostedes negocien de maneira soterrada ampliar ese número de investimentos economicamente sostibles que vostedes consideran que son as humanizacións, pero a nós nos parece que a axenda política precisamente dos municipios é botar man deses 95 millóns de caixa que teñen vostedes, que efectivamente gran parte deses recursos aínda que quixera este concelleiro ou este Alcalde non se poderían empregar.

Nós queríamos primeiro, vostede citou a autoridade fiscal independente, que xa puxo algúns reparos aos Orzamentos do Concello de Vigo, entre outras cousas na

previsión de ingresos, porque vostedes si que van moi ben na recadación impositiva, tanto de impostos directos e indirectos, un 17% máis no caso das taxas e outros ingresos e un 11% máis entre impostos directos e indirectos, maior presión fiscal, pero é que aparte xa o pon aquí, dende o ano 2016 estamos por enriba dos 500 euros por habitante de presión fiscal que é estar por enriba da media dos grandes concellos deste país, aparte é a información que vostedes poñen, vostedes tamén acaban de ensinar un gráfico sobre os investimentos da Xunta de Galicia, eu non vou defender os investimentos da Xunta de Galicia nesta cidade, aínda que só sexa o traslado do Pergamiño Vindel, aí hai algo, polo menos o transporte, de cero aquí vostedes poñen unha serie de investimentos, algúns delas convenidas por vostedes e a administración autonómica e algunhas delas figuran neste expediente, figuran tamén transferencias do Estado que vostedes poñen neste expediente, en todo caso se que nos gustaría que nos clarexasen por exemplo se vostede considera que é normal pagarlle esa cantidade inxente por servizos sociais á Xunta de Galicia, sen que nós teñamos unha contra prestación do servizo, se é normal que Vigo reciba a mesma subvención en materia por exemplo para financiar o corpo de traballadores sociais, que por exemplo unha cidade como Ferrol, a min me parece que hai un agravio comparativo que si deberían estar trasladados no capítulo de ingresos, vostedes van moi ben en multas, tódolos anos, oito millóns de euros en multas, non sei, hai un virus de delincuencia viaria brutal no Concello de Vigo nos últimos anos, vostedes seguen utilizando as políticas de premio a través de gratificacións, horas extras para crear agravios comparativos entre o persoal deste Concello, que logo se demostra na modificación da relación de postos de traballo e vostedes na execución non van porque non queren ir, queren chegar, ir gardando eses cartos e logo no último ano volver a facer unha política expansiva. Nós estamos radicalmente en contra de que non se executen os investimentos e de que se vaian aumentando cada vez máis o cartos que se van poñendo nesa bolsa do Remanente de Tesourería.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros, que vostede se pode dicir que é inasequible ao desalento e teña o que teña que presentar e veña aquí ao que veña a presentar cando falamos de execución orzamentaria e de liquidación do Orzamento, di vostede exactamente o mesmo, ponse a mesmas medallas vostede

e ao Alcalde de Vigo, e todos tan contentos, o problema é que os que non están tan contentos son os vigueses/as, esa é a realidade, e a triste realidade que estamos vivindo nesta cidade e sobre todo dende que temos nesta lexislatura esta maioría absoluta, porque sinceramente non poñerse colorado traendo aquí este balance de execución do Orzamento do ano 2017, é bastante sorprendente porque é exactamente o que deberían facer vostedes, poñerse colorados, porque están vostedes xestionando os cartos que lle pagan puntualmente cos seus impostos, tódolos vigueses/as aos que por certo, cada ano lle soben vostedes máis os impostos, máis que o ano anterior e realmente eu creo que é unha técnica estar continuamente negando a realidade, esa é técnica na que vive o Sr. Alcalde, vive nunha realidade paralela moi distinta ao que viven tódolos vigueses/as, Sr. Alcalde, pero como os números non menten, como os números son moi claros e como a liquidación que presentan vostedes son moi claras, pois o que temos que falar é de fracaso, fracaso do seu modelo, da súa política e ausencia dun proxecto de cidade, iso é o que din os datos desta execución orzamentaria do ano 2017, unha vez máis. Temos o peor balance de execución de gastos dende o ano 2011, dos últimos oito anos, do capítulo de investimentos deixaron vostedes sen executar a metade do orzamento, 41 proxectos nin sequera os adxudicaron, aquí temos toda a lista de proxectos que están pendentes incluso de adxudicar, e os levarán ao ano que ven, pero con anunciar un proxecto, a bombo e pratillo, con facer publicidade e propaganda o proxecto non se executa, o diario oficial deste Concello, do Sr. Alcalde de Vigo é a prensa, non é Boletín Oficial do Estado nin o Diario Oficial de Galicia, nin o Boletín Oficial da Provincia, e iso é un problema para os cidadáns porque vostede cre que con anunciálo e con presentar unha foto, Sr. Alcalde, é suficiente pero non é suficiente, hai que executalo, porque entre outras cousas vostede é moi dilixente para cobrar os impostos aos vigueses.

Polo tanto, esta execución do ano 2017 demostra un proxecto esgotado, demostra un goberno que coa mellor maioría absoluta, xestiona peor que os gobernos das Mareas en minoría, esa é a realidade vergoñenta desta xestión orzamentaria que nos queren vostedes aquí vender a bombo e pratillo, a maioría absoluta, máis desaproveitada da historia desta cidade, sinceramente é unha mágoa, van vostedes a ritmo de tartaruga, e iso para contrastalo con esa velocidade de cruceiro que nos prometía o Sr. Alcalde de Vigo.

Escoitar as verdades unha vez ao mes ven moi ben, porque vostedes necesitan tomarse unhas doses de humildade e unha vez, aínda que non nos deixen debater en Localía, aínda que boicotearan o debate de Localía pos Plenos, Sr. Font e Sr. Caballero, aquí vanme ter que escoitar, os cinco minutos que estará o Sr. Alcalde no Pleno, logo marcharase e irase a outras cousas, pero aquí vai escoitar o que os vigueses están a pasar e si que vai escoitar que os vigueses están cansados de pagar impostos e que vostedes sexan incapaces de executar o orzamento e non llo devolvan en mellores servizos, si vaino escotar Sr. Alcalde, basta xa de subir impostos, de prometernos unha e outra vez, ano tras ano, as mesmas obras e as mesmas actuacións, basta xa de facerse fotos baleiras, basta xa de sempre responder insultando e faltando ao respecto a quen non opina como vostede, sinceramente, basta xa, estamos cansados de tanta publicidade, estamos cansados de tanta soberbia e lle pedimos por favor que polo vigueses teñan un pouco máis de humildade, porque falaba o Sr. Aneiros que non teñen débedas cos bancos, non, non teñen débedas cos bancos pero teñen débedas cos vigueses que lle viñeron pagando os impostos puntualmente nestes anos e aos que lles deben 100 millóns de euros que teñen vostedes en caixa con cargo aos impostos dos vigueses destes últimos anos, 100 millóns de euros de débeda con tódolos vigueses/as e como llos vai devolver? Como lle vai devolver eses 100 millóns? Porque de momento iso non nolo explicaron aínda.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que as siglas do seu partido Sra. Muñoz, fan honor ao que significan, son o partido do perigo, porque calquera que escoite o que está a dicir bótase as mans a cabeza, non nos fale vostede de subida de impostos cando a subida das gasoliñas que fixo vostede cando era concelleira da Xunta de Galicia, foi unha subida moi relevante, o mesmo que a súbida do canón de saneamento, o canón de Sogama, diso non nos fala vostede que o subiu vostede cando era conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, tampouco nos fala da subida do IVE do Ministro o Sr. Montoro e do goberno do Sr. Rajoy, tampouco nos fala diso e non nos dea leccións de execución porque vostede cando era tamén conselleira de Facenda na Xunta de Galicia, no goberno do Sr. Feijóo, pechaba o exercicio económico no mes de setembro, nós non pechamos no mes de setembro, executamos todo o orzamento durante os doce meses que ten un ano, Sra. Muñoz,

para vostede os anos tiñan nove meses, para nós teñen doce meses e 365 días, algúns 366 días se son bisestos, polo tanto, executamos correctamente eses datos. Pero é que tamén son o partido dos despistes porque eu non sei que datos consultan vostedes, que fontes manexan, eu recoñezo que só me movo en fontes oficiais, e as fontes oficiais amosan que a presión fiscal de Vigo é a presión máis baixa das cidades da Galicia, máis baixa que A Coruña, que Santiago de Compostela, que Pontevedra, que Lugo, que Ourense, polo tanto, datos oficiais e ambos rigorosos, Sra. Muñoz, revelan que a presión fiscal de Vigo é a menor das cidades de Galicia, ven a significar o que paga de media un cidadán Sra. Muñoz, por se non o saben, porque vostedes confunden recadación con presión fiscal e estamos a falar de presión fiscal.

Como digo, con esa presión fiscal baixa, coa débeda cero non debemos nada aos bancos, con pago a provedores máis rápido que ningunha outra cidade de Galicia facemos o que outras administracións non poden facer, pero é que tamén é un risco que os cidadáns escoiten ao Sr. Pérez Correa de Marea de Vigo que o superávit non é unha boa xestión, calquera que escoite esta frase do Sr. Pérez Correa de Marea de Vigo, pois lóxicamente entra en contradición porque se algo hai positivo é que haia superávit, un superávit que ademais se reinviste, un superávit que o Alcalde de Vigo e presidente da FEMP consegue que os concellos que Vigo poda reinvestir ese superávit nas necesidades da cidadanía. Polo tanto, que exista superávit sen dúbida é moito mellor que non o haxa e que exista superávit que se reinviste, sen dúbida, é unha boa noticia para a cidade e para Galicia, e si coincido co que dicía da subvencións porque o Consello de Contas di que a Xunta de Galicia concede menos subvencións ao Concello de Vigo que a outros concellos de Galicia, e aí onde está diferenza, evidentemente.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

PRESIDENCIA: Quería dar a benvida e saudar ao colexio Mendiño, curso administrativo que están presentes no Pleno.

### **3(19).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO. 5180/401 (REXISTRO PLENO 1701/1101).**

ANTECEDENTES: O día 18.01.2018, a técnica de administración xeral co conforme da xefa de Planeamento e Xestión e do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“Mediante Decreto 142/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, cuxo artigo 322.6 do RLSG habilita aos Concellos a crear, regular e xestionar un rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

O día 27.04.2017, a Xunta de Goberno Local acordou abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a elaboración e aprobación da Ordenanza reguladora do Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras do Concello de Vigo por prazo de vinte días.

O día 02.08.2017, o Xefe do Servizo de Administración electrónica informou que o devandito período de consulta abriuse con data 05.05.2017 e pechouse sen que se presentasen achegas ou suxestións.

O día 18.12.2017, a Vicepresidenta da XMU resolveu encomendar a redacción e tramitación da nomeada ordenanza á oficina de planeamento e xestión da XMU.

En data 17.01.2018 foi elaborada a Memora xustificativa que obra no expediente.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG).
- RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
  - Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Decreto 17.06.1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Regulamento orgánico regulador do Pleno do Concello de Vigo (A.D. Pleno do 30.05.2016; BOP núm. 114 do 15.06.2016).
- Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa (XGL do 31.08.2017).
- Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2018 (Pleno do 29.11.2017)

#### I. Xustificación da iniciativa

De conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante, LSG), a dirección e control da actividade urbanística constitúen unha función pública que corresponde exercer á administración urbanística competente, correspondendo aos municipios o exercicio como competencias propias de todas aquelas facultades que lles son atribuídas pola LSG en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, conservación e rehabilitación da edificación, agás que estean expresamente atribuídas a outras Administracións (artigo 12 da LSG).

De acordo co disposto no artigo 94.1 da LSG, a xestión do planeamento urbanístico corresponde aos municipios, se ben o seu artigo 2.2 posibilita que a xestión da actividade urbanística poda desenvolverse ben directamente por aqueles ou a través das formas legalmente previstas e das autorizadas pola lexislación reguladora da administración actuante. Precisamente, o artigo 4 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana aposta polo fomento da iniciativa privada na xestión pública urbanística.

Así pois, non só posibilitábase, senón que tamén trata de fomentarse, a intervención e protagonismo dos particulares nesta materia, organizados a través de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes da Administración urbanística actuante

Doutra banda, os artigos 322 e 323 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (en diante, RLSG), establece que os propietarios poderán participar na xestión urbanística do solo a través da constitución de entidades urbanísticas colaboradoras suxeitas á tutela do Concello. Trátase de entidades de natureza administrativa, con personalidade xurídica propia e que contan por plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

Pola súa parte, o Concello de Vigo desenvolve unha importe actividade na materia da xestión urbanística, exercendo funcións de tutela, fiscalización e control de múltiples entidades urbanísticas colaboradoras.

Os artigos 26 e 27 do Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, exixían a inscrición destas entidades no Rexistro de

Entidades Urbanísticas Colaboradoras autonómico correspondente, momento a partir do que adquirirían personalidade xurídica.

Non obstante, tales preceptos deixaron de ser aplicables na nosa comunidade autónoma a partir da entrada en vigor do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo (no sucesivo, RLSG), por mor do establecido na súa disposición derradeira segunda, letra c) e, así mesmo, o RLSG, suprimiu, na súa Disposición adicional primeira, o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, ao non ser tal inscrición, de acordo coa xa referida normativa urbanístico-autonómica, presuposto para que adquiran plena personalidade xurídica.

Con todo, o artigo 322.6 do RLSG habilita aos Concellos a crear, regular e xestionar un rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

A creación, regulación e xestión do Rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras poñerá a disposición desta Administración urbanística e dos interesados, unha ferramenta que permita incorporar a un rexistro propio e organizado, como mínimo, os datos ata agora consignados no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, así como aqueles outros que afectan ao funcionamento das entidades xa existentes e das que se constitúan no futuro, para o máis eficaz segmento da xestión urbanística e da custodia e manexo da información relevante dunhas entidades que exercen funcións públicas de carácter urbanístico.

Dado o obxecto, contido e fins desta iniciativa non se observan cuestións a valorar por razóns de impacto de xénero.

## II. Competencia municipal

A Administración local dispón da potestade regulamentaria como medio xurídico exorbitante para o cumprimento dos seus fins, sendo así que o principio de autonomía municipal, recoñecido constitucionalmente, ten unha primeira e fundamental manifestación nesta potestade administrativa (arts 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 6.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia e correlativos).

Pola súa parte, o artigo 25.2 da LRBRL establece que o municipio exercerá en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística (...)*”.

Neste senso, de acordo co preceptuado no artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a dirección e control da actividade urbanística constitúen funcións públicas a exercer pola administración urbanística competente, correspondendo aos municipios o exercicio, como competencia propia, de todas as facultades que lles son atribuídas pola LSG en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, entre outras (artigo 12 da LSG). E, concretamente, o artigo 94.1 da LSG residencia nos municipios a xestión do planeamento urbanístico, o que se realizará mediante algún dos sistemas de actuación, directos ou indirectos, legalmente previstos e regulamentariamente desenvolvidos.

Neste contexto, o artigo 322.6 do RLSG faculta aos Concellos a crear, regular e xestionar un



registro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

### III. Procedemento de aprobación

Na actualidade, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas incorpora un Título VI, relativo ao exercicio da potestade normativa, no que se enuncian os principios de: legalidade, necesidade, oportunidade e acerto das disposición de carácter xeral, que deben garantirse e xustificarse a través dos estudos e informes previos, memorias económicas, avaliacións e outras técnicas que a lexislación sectorial poda requirir. E, dado o carácter básico desta norma legal, os seus preceptos deben relacionarse cos tamen básicos da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Neste senso, en aplicación do artigo 132 da LPACAP o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 29.11.2017, acordou a aprobación do Plan anual normativo do Concello de Vigo para o ano 2018. Dado que a presente iniciativa non figura nel, pese a ter xa superada naquela data a fase de consultas determinada no artigo 133 da LPACAP. É por elo, que para garantir a observancia das “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa” aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 31.08.2017, nas que se recolle o suposto de iniciativas non incluídas no Plan Anual Normativo aprobado, realizárase, en tempo e forma, a conseguinte remisión da iniciativa tramitada á Secretaría xeral do Pleno.

Así mesmo, de acordo cos artigos 49 da LRBRL e 133 da LPACAP, logo da consulta referida no artigo 133 da LPACAP, logo do informe que emita o Interventor municipal, seguirase o seguinte procedemento:

- Aprobación, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local do proxecto de ordenanza
- Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo
- Aprobación inicial polo Pleno, no seu caso.
- Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. Publicación no portal web do Concello de Vigo (LPACAP).
- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, no seu caso, polo Pleno.

De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Consonte ao previsto no artigo 70.2 da LRBRL entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. Así mesmo, publicarase na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no Portal de Transparencia. O acordo publicarase tamén nos taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo para xeral coñecemento.

### IV. Órgano competente.

Consonte ao artigo 127 da LRBRL correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións. É por elo, que por proposta do Consello da XMU (artigo 10.1º dos Estatutos da XMU), someterase o proxecto á aprobación da Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación inicial, se procede, polo Pleno do Concello de Vigo previo ditame do Consello da XMU.

Por canto antecede proponse, sen prexuízo do que resulte do informe do Interventor municipal a recabar logo da formulación do presente informe-proposta, a adopción do seguinte...,

De seguido o funcionario asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data, 22 de xaneiro de 2018, o interventor xeral do concello informa do que segue:

#### "Posibilidade legal.

O artigo 322 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), logo de establecer a posibilidade que teñen os propietarios de participar na xestión urbanística mediante a creación de entidades urbanísticas colaboradoras, como son as asociacións administrativas de propietarios no sistema de cooperación, as entidades urbanísticas de xestión no sistema de concerto, as xuntas de compensación, ou as entidades urbanísticas de conservación, dispón que "Los ayuntamientos podrán crear, regular y gestionar un registro administrativo de entidades urbanísticas colaboradas radicadas en su ámbito territorial".

#### Actuacións previas.

- Consta o trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pechado sen que se presentasen achegas ou suxestións.
- Consta no expediente a oportuna Memoria xustificativa.
- Consta informe redactado en forma de proposta elaborado pola oficina de planeamento e xestión da XMU e asinado polo Xerente de Urbanismo.

#### Procedemento e competencia.

O procedemento de aprobación previsto no informe-proposta é o previsto na lexislación vixente en materia de réxime local LRBRL, a saber:

- Aprobación, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local do proxecto de ordenanza (artigo 127 LRBRL).
- Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo

- Aprobación inicial polo Pleno, no seu caso.
- Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. Publicación no portal web do Concello de Vigo (LPACAP).
- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, no seu caso, polo Pleno. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.
- Consonante ao previsto no artigo 70.2 da LRBRL entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. Así mesmo, publicarase na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no Portal de Transparencia. O acordo publicarase tamén nos taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo para xeral coñecemento.

#### Efectos económicos.

Conforme ao disposto no artigo 129.7 da LPACAP: “Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”.

Na memoria do expediente non se fai constar impacto algún sobre os gastos e os ingresos públicos, como tampouco se deduce do texto da ordenanza incorporada xunto coa proposta.

Neste sentido, o artigo 13 da ordenanza proxectada dispón que pola práctica das inscricións devengarase as taxas que legalmente se aproben polo Concello de Vigo.

Na actualidade, a ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos non recolle entre os servizos administrativos que dan lugar á liquidación da referida taxa, o suposto de inscrición no rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras, polo que a súa esixencia requirirá, de ser o caso, a previa modificación da ordenanza fiscal correspondente conforme ao procedemento previsto na Lei de Facendas Locais.

No que atinxe á vertiente do gasto, o acordo que se adopte no asunto de referencia non suporá a asunción de novas obrigas ou gastos de contido económico para o Concello de Vigo nin para a XMU, polo que, conforme ao disposto nos artigos 214 do RD-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, e 133 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, precepto que se atopa incardinado no título X da referida Lei (“Réxime de organización dos municipios de gran poboación”), o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa pola Intervención Xeral Municipal.

Polo exposto, devólvese o expediente ao servizo xestor, podendo, polas razóns consideradas, continuarse coa súa tramitación administrativa.”

En data 1.02.2018, a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto de modificación da Ordenanza.

Con data 8.02.18, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A presente Ordenanza ten por obxecto adaptarse á nova regulación vixente, en particular á Lei de Solo e o seu regulamento de desenvolvemento, co obxecto de regular o Rexistro Municipal de Entidades Urbanísticas colaboradoras, terán a condición destas entidades todas as asociacións administrativas de propietarios no sistema de cooperación, as entidades urbanísticas de xestión no sistema de concerto, as xuntas de compensación, as entidades urbanísticas de conservación, a idea do funcionamento destas entidades é darlle transparencia e exercer a función pública de control destas entidades por parte da administración, unha función pública que ademais é un exemplo de colaboración para o desenvolvemento urbanístico neste caso entre a iniciativa privada e o Concello de Vigo.

Este rexistro de entidades urbanísticas o exercía a Xunta de Galicia ata a nova entrada en vigor da Lei do Solo, lle ofrece aos concellos a posibilidade da súa creación, no Concello de Vigo entendemos que para exercer ese control é dende logo garantir a transparencia e o bo funcionamento e preciso crear este rexistro e polo tanto supervisar o seu funcionamento.

Polo tanto lle pedimos o apoio a esta ordenanza.

SR. PÉREZ CORREA: Felicitar que exista, que adaptemos esta Lei do solo pero sobre todo que exista esta ordenanza que os grupos puideramos facer achegas, cremos que en Vigo era unha necesidade histórica, hai barrios enteiros, pode ser o barrio de Coia como foi o desenvolvemento que clarificaría moi ben cales son as responsabilidades precisamente das urbanizacións privadas, da parte de mantemento e conservación pero tamén de cuestións que teñen que ver incluso co propio funcionamento actual, cremos que isto é o bastante mellor para

determinadas urbanizacións que dende logo o formato de comunidade de propietarios que ata o de agora ten dado moitos quebradeiros de cabeza á hora de abordar a propiedade e o mantemento. Gustaríanos que existira tamén como existe, estivemos vendo algunhas ordenanzas análogas nas que o Concello tamén colabora no que é apremio, é dicir, cando eses membros desas entidades urbanísticas non satisfacen a súa cota que houbera posibilidade incluso colaborativa do Concello de Vigo de facer apremio para que as persoas que como pasa en tódalas comunidades de propietarios ou moitas comunidades de propietarios que tamén pode pasar aquí, a posibilidade das cotas de conservación que tamén dunha maneira executiva os concellos obriguen, porque moitas veces iso limita e anula moito a conservación ou mantemento destas partes importantes do urbanismo vigués e moitas veces conviven no espacio público privado, eu sego poñendo como exemplo o barrio de Coia, polo tanto, nós estamos de acordo con esta entidade que entendemos que é a parte primordial do rexistro pero que no futuro se pode seguir avanzando a que haxa tamén unha posición máis proactiva por parte da administración para obrigar moitas veces a que estes ámbitos privados estean urbanizados, mantidos e teñan tamén esa colaboración na arquitectura pública dunha cidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Igual que fixemos na Xerencia de Urbanismo do 8 de febreiro, imos a votar a favor da aprobación inicial desta ordenanza. Isto é algo que se deriva como dixo a Concelleira da entrada en vigor en setembro do ano pasado do regulamento da nova Lei solo de Galicia e por iso dende o Partido Popular cremos que é interesante para o Concello contar cun rexistro similar ao que había ata o momento, o Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependentes da Xunta de Galicia que a Lei do solo acaba de suprimir, vemos que no trámite de consulta pública que xa acabou o 5 de xuño, non houbo ningunha suxestión e achega e iso é bo porque significa que hai consenso sobre este rexistro, que é importante porque nel se inscriben entidades como as entidades urbanísticas de conservación, as xuntas de compensación, etc., todo iso está moi ben, está perfecto, pero os vigueses esperan algo máis da súa Xerencia de Urbanismo e esperan algo máis do urbanismo porque xa hai 27 meses que se caeu o Plan Xeral e aínda seguimos esperando por algún borrador ou algo do novo Plan

Xeral, e é que como mínimo van tardar 3 anos e medio en presentar un borrador, xa o sabemos, xa sabemos que é desesperante, xa sabemos que non podemos contar co urbanismo de Vigo para utilizalo como palanca para a creación de emprego e riqueza na cidade, xa vemos empresas e proxectos empresarias, proxectos vitais de persoas de vigueses se teñen que ir da cidade porque non hai un Plan Xeral e non se pode construír, nin ampliar moitas veces unha nave e nin hai solo industrial, nin empresarial nin outros proxectos, tamén deportivos, téñense que ir da cidade, é unha pena porque Vigo está moi por enriba dos gobernantes que agora mesmo teñen, tocoulles a desgracia de ter un goberno que xoga con eles, que xoga co urbanismo, que fai política co urbanismo e por iso lle dicía que a día de hoxe a historia se repite, igual que fai once anos o Sr. Caballero e a Sra. Caride montaron unha estratexia baseada en criterios única e exclusivamente electoralistas e partidistas para que o Plan Xeral de Vigo non estivera aprobado antes das eleccións de 2007, hoxe tamén por criterios puramente electoralistas están atrasando a aprobación inicial da ordenación provisional para que non teñan os vigueses un borrador do Plan antes das eleccións do 9 de xuño do ano que ven, os vigueses non imos a ter un borrador do novo Plan Xeral antes das eleccións do 9 de xuño do ano que ven, por que? Porque vostedes como sempre, o Partido Socialista de Vigo, antepoñen os intereses electorais aos da cidade de Vigo, é unha mágoa señora Concelleira e Sr. Alcalde, pero é unha gran verdade, había un plan de consenso hai dez anos, un plan consensuado case por unanimidade, salvo o Partido Socialista de 22 colectivos, 21 apoiaban ese Plan, un Plan con 36.000 vivendas protexidas, con máxima transparencia, pero houbo moitas reunións, algunhas secretas en Santiago de Compostela para atrasar e torpedear ese Plan, por iso nós aquel ano, o Partido Popular votou en contra dese Plan, votamos en contra porque vostedes manipularon ese Plan facéndoo totalmente inviable técnica, económica e socialmente. E votamos en contra porque a maior parte dos solos non se ían desenvolver sobre todo no rural de Vigo e vemos como non se desenvolveron, vemos como os vigueses están a pagar o IVE máis alto de Galicia, están pagando por uns solares e uns terreos que non serven para nada pero estalles a pagar a prezo de ouro porque o Partido Socialista así o quixo. Din que o tempo pon a cada un no seu sitio Sra. Caride, e por iso despois de 11 anos de mentiras e de demagogia ao redor do urbanismo de Vigo vemos como

estamos, estamos peor que hai once anos e estamos se nun Plan Xeral.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: O que é na ordenanza temos consenso pero permítame Sr. Fidalgo algunha aclaración. Os vigueses non lle tocou un goberno, votárono, é un concepto democrático básico, o Alcalde é Alcalde porque o votaron os vigueses non porque lle tocara en sorte, vostede parece crer que lle vai tocar nunha lotería, confían non azar pero non, hai que confiar no traballo, un traballo que se ve reflectido polo tanto co referendo dos cidadáns, lémbrolle ademais que por abrumador apoio.

Por outra banda, eu xa non entendo nada Sr. Fidalgo, o Plan do 2008 era o seu, pero non o votou porque polo medio fíxese vostede o que pasou, se reincorporou a vivenda protexida que non a había, e decidiuse meterse vivenda protexida en tódolos ámbitos, entón, como había vivenda protexida vostede dixo, “non entón non o apoiamos porque xa non é noso porque o noso era o da especulación” e resulta que si é para os cidadáns xa non nos interesa. Mire, como a vostede calquera tema lle serve para enredar un pouco, lémbrolle que está vostede informado no Consello da Xerencia de Urbanismo que o prazo de presentación de ofertas de redacción do Plan Xeral remata o día 20 de marzo, estamos a tramitar a ordenación provisional, lémbrolle que non hai un ano que está aprobada esa lei e o Concello de Vigo é o primeiro e non só o primeiro é que xa ten iniciado o procedemento, aprobado por este Pleno o estudo, enviado o documento de borrador e de inicio, recibidos os informes medio ambientais e de urbanismo, ten o documento para a aprobación inicial e está pendente dos informes favorables para obter o mesmo e poder aprobalo inicialmente, iso por parte da ordenación provisional, pero ademais utilizamos tódolos mecanismos legais ao noso alcance para poder afianzar proxectos nesta cidade como é o caso da ampliación das instalacións de Citroën en Vigo como é o caso do IFEVI, como é o caso da estación e calquera outro que poidamos ter que sexa de interese público e urxente utilización. Desenvolvemos proxectos sectoriais, e mire vostede non se equivoque, o problema das instalacións deportivas que saen de Vigo non son as instalacións deportivas, as instalacións deportivas podían ubicarse perfectamente en Vigo, e así sábeo o Celta de Vigo, non é un problema de campos de fútbol, é un problema de 140.000 metros cadrados edificables en solo rústico de especial protección

forestal, porque en Vigo iso parece que non ten encaixe, noutros sitios parece que non lles importa eliminar solos de especial protección forestal para facer centros comerciais “ad doc” e por iniciativa municipal.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo, co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública e audiencia polo prazo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial” da provincia, no “Taboleiro de Edictos” do Concello e na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>. Darase igualmente cumprimento ás esixencias da Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

### ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO

#### PREÁMBULO

As entidades urbanísticas colaboradoras constitúen a máis xenuina expresión da colaboración dos particulares na xestión urbanística, como entes instrumentais que asumen funcións públicas para a máis eficaz xestión e execución do planeamento urbanístico.

Na nosa comunidade autónoma esta colaboración ven recoñecida no artigo 322.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo, RLSG) que habilita aos propietarios a participar na xestión urbanística mediante a creación de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes da Administración urbanística



actuante, a quen competirá, segundo o artigo 10.1 do Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), a aprobación dos seus estatutos, momento a partir do que adquirirán personalidade xurídica.

Estas entidades están dotadas de personalidade xurídica propia e independente da dos membros que a integran e da Administración actuante da que dependen, teñen a súa propia capacidade xurídica, de obrar e procesual e, como tales, dispoñen do seu propio réxime de obrigas e responsabilidades e dun especial réxime estatutario que define a súa estrutura e funcionamento dentro do marco legal que as define.

Con base ao establecido no artigo 27 do Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana (afectado pola disposición derradeira segunda do RLSG) e demais normativa concordante, na nosa comunidade autónoma estas entidades inscribíanse no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, momento a partir do que adquirirían personalidade xurídica propia. Hoxe, sen embargo, este requisito queda substituído polo da aprobación dos seus estatutos (artigo 10 do TRLSRU). Neste senso, compre sinalar cómo o Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras autonómico foi suprimido por mor da disposición adicional primeira do RLSG, en consonancia coa regulación da materia derivada do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Solo.

Con todo, o artigo 322.6 do RLSG habilita aos Concellos a crear, regular e xestionar os seus propios rexistros administrativos das entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

Pois ben, malia a non obrigatoriedade deste tipo de rexistros, o certo é que se trata dun instrumento útil como ferramenta para o control e seguemento da actividade destas entidades, facilitando o exercicio das funcións de control, fiscalización e tutela que ten asumidas a Administración urbanística, ademais de contribuír á transparencia no exercicio da función pública urbanística, sendo así que responde aos principios de necesidade e eficacia. A levanza organizada dun rexistro no que se consignen os datos organizativos máis relevantes das entidades urbanísticas colaboradoras permite un control máis eficiente das funcións administrativas, conténdose nesta iniciativa, de acordo co principio de proporcionalidade, a regulación imprescindible para atender tales finalidades de forma coherente co resto do ordenamento xurídico e, singularmente, en exercicio da habilitación contida no artigo 322.6 do RLSG.

Desta forma, a norma opta pola simplificación de trámites e fomenta a iniciativa municipal na inscrición dos diferentes actos e datos, favorecendo o máis eficiente control do funcionamento das entidades urbanísticas colaboradoras e evitando cargas administrativas innecesarias.

Conseguentemente, harmonizando cos diferentes principios consignados no artigo

129 da LPACAP, a norma responde aos principios de necesidade e eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Xa que logo, accederán ao Rexistro aqueles datos que teñan relevancia dende o punto de vista das funcións públicas que teñen encomendadas e que afectan directamente á composición deste tipo de entidades, así como ao seu funcionamento no ámbito da xestión urbanística. Así mesmo, o control da levanza organizada destes datos procurará unha maior concienciación sobre a importancia da identificación dos membros de cada entidade, coas posibles subrogacións que puideran terse producido, así como dos seus órganos de goberno, entre outras, cuestións, e todo elo sen xerar novas cargas administrativas innecesarias ou accesorias, fomentándose a incorporación ao Rexistro de oficio dos actos e datos comunicados.

Refórzase, desta forma, a seguridade xurídica do sistema e a transparencia no funcionamento dunhas entidades que, en definitiva, exercen funcións público-urbanísticas de carácter administrativo, tales como: a xestión urbanística, a execución do planeamento e a conservación das obras de urbanización; cumpríndose, así mesmo, coas previsións legais a respecto do acceso e participación activa dos destinatarios tanto durante á elaboración da norma como cara a súa publicidade e coñecemento.

Así mesmo, dotarase a este Rexistro de certa flexibilidade co fin de que poidan incorporarse tamén outro tipo de entidades ademais das estritamente recoñecidas na referida normativa autonómica, tales como as asociacións administrativas facultadas pola lexislación estatal de referencia para actuar no mercado inmobiliario con plena capacidade xurídica e que, na actualidade relaciónanse co deber de conservación e participación en actuacións de rexeneración e renovación urbanas, así como aquelas que contemple a normativa autonómica que regule ese tipo de intervencións, sempre que compartan esa natureza de entidades urbanísticas colaboradoras.

É por elo, que resultando conveniente a creación dun Rexistro municipal propio no que se leven, consignen e arquiven aqueles datos e acordos considerados máis relevantes para o funcionamento e seguimento das entidades urbanísticas colaboradoras dependentes do Concello de Vigo, considérase acaído exercitar a habilitación contida no referido artigo 322.6 do RLSG e poder, así, dispoñer dun instrumento de control propio e con plenos efectos xurídicos, que contribúa ao exercicio das funcións urbanísticas encomendadas a esta Administración tutelante.

Desta forma, a inscrición no Rexistro municipal aínda que non resulta un requisito exigible para a adquisición de personalidade xurídica propia, permitirá dispoñer dunha relación actualizada e organizada dos máis relevantes actos, datos e información que afectan ao funcionamento de cada entidade urbanística colaboradora, dotando a esta ferramenta, para maior garantía xurídica, das formalidades e efectos xurídicos propios dun instrumento desta natureza.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o Rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes do Concello de Vigo, creado ao abeiro do disposto no artigo 322.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), en aplicación do que os concellos poderán crear, regular e xestionar un rexistro administrativo de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

## Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. A presente Ordenanza aplicarase a todas aquelas entidades urbanísticas colaboradoras constituídas ou que se constituán no termo municipal de Vigo para a xestión urbanística.

De acordo co establecido no artigo 323 do RLSG, as entidades urbanísticas colaboradoras teñen carácter administrativo e dependen, nesta orde, da Administración urbanística actuante. Dispoñen de personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins.

2. Teñen a condición de entidades urbanísticas colaboradoras, de conformidade coa clasificación establecida no artigo 322.2 do RLSG:

- a) As asociacións administrativas de propietarios no sistema de cooperación
- b) As entidades urbanísticas de xestión no sistema de concerto
- c) As xuntas de compensación
- d) As entidades urbanísticas de conservación

Terán esta mesma condición todas aquelas entidades que con esta mesma natureza sexan recoñidas pola normativa urbanística.

## Artigo 3. Natureza

O Rexistro Municipal de Entidades Urbanísticas Colaboradoras ten a consideración de rexistro administrativo, electrónico e público e nel se inscribirán todas as entidades urbanísticas colaboradoras constituídas e que se constituán para o desenvolvemento e xestión urbanística.

## CAPÍTULO II. FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO REXISTRO DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS

### Artigo 4. Responsable do rexistro

O Servizo competente en materia de xestión urbanística será o responsable da levanza do Rexistro, así como do mantemento, actualización, coordinación e seguemento dos datos que nel se consignen, da práctica das inscricións e anotacións que resulten procedentes e da expedición de copias, informes e

certificacións, cando proceda.

## Artigo 5. Inscripcións

Causarán alta no rexistro as entidades urbanísticas colaboradoras, de oficio e sen necesidade de previa solicitude polos interesados, aquelas entidades que figuraran inscritas, antes da entrada en vigor desta Ordenanza, no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia.

As demais entidades inscribíranse logo da súa formal constitución e, nos casos nos que o exixa a normativa de aplicación, da súa aprobación pola Administración actuante.

A inscrición daqueles acordos ou datos que non requiran de aprobación municipal producirase previa solicitude da entidade urbanística colaboradora. Entederase implícita esta solicitude coa presentación, perante a Administración tutelante, dos acordos e datos susceptibles de acceder ao Rexistro, vía inscrición e/ou vía depósito.

Na inscrición da entidade urbanística colaboradora faranse constar os seus datos identificativos e un código diferenciador.

As entidades urbanísticas colaboradoras serán responsables de comunicar ao Concello de Vigo, a través da Xerencia Municipal de Urbanismo, e instar a aprobación municipal nos casos nos que o exixa a normativa de aplicación, de calquera modificación que se produza nalgún dos apartados referidos no artigo 6.2 desta Ordenanza.

## Artigo 6. Organización

1.O Rexistro levarase en soporte electrónico e estará constituído por seccións e subseccións nas que se consignarán os diferentes datos de todas as entidades que causen inscrición.

O rexistro dividirase nas seguintes seccións en función do carácter de cada unha das entidades constituídas:

- a) xuntas de compensación
- b) asociacións administrativas de propietarios
- c) entidades urbanísticas de xestión
- d) entidades urbanísticas de conservación
- e) outras entidades urbanísticas colaboradoras

2. Cada entidade urbanística colaboradora inscrita dentro da súa sección rexistral dará lugar aos seguintes apartados ou subseccións:

- 1) Asento de inscrición
- 2) Acordo de constitución
- 3) Estatutos e bases de actuación

- 4) Membros do órgano reitor
- 5) Listaxe de xunteiros
- 6) Outros
- 7) Entidades canceladas

3. No asento de inscrición consignaranse os seguintes apartados:

- N.º de rexistro (código diferenciador)
- Data de inscrición
- Denominación da entidade
- Domicilio social
- Cargos
- Obxecto e fins
- Documento de constitución da entidade/data de aprobación

4. Ao apartado correspondente ao acordo de constitución incorporárase un exemplar orixinal ou copia auténtica do acordo e da escritura pública de constitución.

5. Ao apartado correspondente dos estatutos e bases de actuación incorporárase un exemplar orixinal ou copia auténtica dos estatutos e bases de actuación da entidade e as súas modificacións, consignándose, así mesmo, a data de aprobación en cada caso.

6. Ao apartado correspondente á inscrición dos membros do órgano reitor, consignaranse os datos identificativos das persoas que ocupan os distintos cargos do dito órgano, deixando constancia da data de designación/aceptación do cargo, prórrogas e renovacións que sexan comunicadas. A renovación dos cargos non dará lugar a eliminación das inscricións anteriores, polo que sempre deixárase constancia das persoas que ostentaron cada cargo en cada momento.

7. No apartado destinado á listaxe de xunteiros, figurarán estes e as súas modificacións, cos seguintes datos mínimos: nome e apelidos, dni, enderezo, data de incorporación/adhesión, parcelas cuxa titularidade lle corresponda, cuota de participación e data na que teña lugar, de ser o caso, a subrogación. As subrogacións non producirán a eliminación das inscricións dos xunteiros subrogados de tal forma que se deixe sempre constancia das persoas propietarias en cada momento.

8. No apartado “Outros” incorporárase outros datos de interese non contemplados nas anteriores subseccións (tales como, datas de aprobación de instrumentos de equidistribución, operacións xurídicas complementarias, conta de liquidación definitiva, etc.).

9. O Rexistro disporá dun “histórico” ao que se incorporarán os datos e inscricións correspondentes ás entidades urbanísticas colaboradoras canceladas.

10. Todos os documentos que accedan ao Rexistro deberán ser orixinais ou copias debidamente autenticadas.

## Artigo 7. Cancelación

Practicarase a cancelación da inscrición das entidades urbanísticas colaboradoras cando sexa aprobada a súa disolución pola administración urbanística actuante por concorrer algún dos supostos legalmente previstos para lexitimar a dita disolución ou ben por resolución xudicial firme.

A cancelación requirirá da previa formalización da disolución en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente nos termos do exixido no artigo 328.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

En todo caso, a práctica do asento de cancelación non significará a desaparición das inscricións e demais asentos que tiveran sido practicados a respecto da entidade cancelada, que deberán ser conservados pola administración urbanística actuante.

## Artigo 8. Asento de rectificación

Os erros materiais, de feito ou aritméticos, que se detecten no contido dos asentos practicados, serán rectificadas, de oficio ou a instancia de parte, polo encargado do Rexistro mediante anotación de rectificación.

## Artigo 9. Nota ao marxe

Podrán acceder ao Rexistro mediante nota ao marxe aqueles datos ou circunstancias cuxa constancia se estime de interese para o bo funcionamento do seguemento da xestión urbanística e que non dean lugar a práctica de inscricións.

### CAPÍTULO III. EFICACIA E ACCESO

## Artigo 10. Eficacia

Os datos consignados no Rexistro presumiranse válidos e veraces, agás proba en contrario, polo que producirán plenos efectos. Así mesmo, presumirase a validez e eficacia dos documentos nel depositados.

## Artigo 11. Acceso ao rexistro

Terá lugar na forma establecida na lei procedimental común e demais que rexan o acceso aos rexistros públicos.

Os datos persoais que figuren no rexistro estarán protexidos pola lexislación reguladora da protección de datos de carácter persoal.

## Artigo 12. Certificacións e copias

Nos casos nos que sexa autorizado, expediranse certificacións dos datos que se consignen no Rexistro ou copias dos documentos que figuren nel, sen que con elo

quede habilitado o solicitante/consultante para o tratamento posterior deses datos ou a súa inclusión nun ficheiro dos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de outubro, de Protección de datos de carácter persoal. A expedición de certificados e copias estará suxeita ao previo aboamento das taxas vixentes no Concello de Vigo.

#### Artigo 13. Taxa

Pola práctica das inscricións devengarase as taxas que legalmente se aproben polo Concello de Vigo.

#### Disposición adicional única

No caso de entidades urbanísticas colaboradoras constituídas antes da entrada en vigor desta Ordenanza, cando as circunstancias do caso o xustifiquen, será suficiente coa inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dos datos identificativos da entidade, domicilio social e membros do órgano reitor que consten no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, sen prexuízo do que, os actos posteriores a súa entrada en vigor deberán ter acceso ao Rexistro.

#### Disposición final única

Esta ordenanza entrará en vigor cando, publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LRBRL), de conformidade co establecido no artigo 70.2 da LRBRL.

### **4(20).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DA EDIFICACIÓN FORZOSA E REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES. EXPTE. 185/408 (REXISTRO PLENO 1710/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xaneiro de 2018, o Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo co conforme do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“O artigo 137.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia obriga aos Concellos a crear, regular e xestionar un Rexistro de Soares no cal incluíranse os soares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigacións de conservación, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

A instancia da concelleira delegada de Urbanismo redactouse pola Xerencia, con data 20.11.2017, Memoria elaborada, e previo coñecemento do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 23.11.2017, o día 30.11.2017, a Xunta de Goberno Local acordou abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a elaboración e aprobación da Ordenanza reguladora do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Vigo polo prazo de vinte días.

O día 24.1.18, o xefe do Servizo de Administración electrónica informou que o devandito período de consulta abriuse con data 05.05.2017 e pechouse sen que se presentasen achegas ou suxestións.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

- ⌘ Constitución Española de 1978 (CE).
- ⌘ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- ⌘ Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).
- ⌘ -Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG).
- ⌘ RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- ⌘ Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- ⌘ Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- ⌘ Decreto 17.06.1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- ⌘ Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- ⌘ Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ⌘ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- ⌘ Regulamento orgánico regulador do Pleno do Concello de Vigo (A.D. Pleno do 30.05.2016; BOP núm. 114 do 15.06.2016).
- ⌘ Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa (XGL do 31.08.2017).
- ⌘ -Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2018 (Pleno do 29.11.2017)

#### I. Xustificación da iniciativa

De conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante, LSG), a dirección e control da actividade urbanística constitúen unha función pública que corresponde exercer á administración urbanística competente, correspondendo aos municipios o exercicio como competencias propias de todas aquelas facultades que lles son atribuídas pola LSG en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, conservación e rehabilitación da edificación, agás que estean expresamente atribuídas a outras



Administracións (artigo 12 da LSG).

De acordo co disposto no artigo 94.1 da LSG, a xestión do planeamento urbanístico corresponde aos municipios.

O Rexistro de Solares é unha institución urbanística regulada tradicionalmente no noso Ordenamiento Xurídico coa vocación de fomentar a edificación en solo urbano eliminando a imaxe prolongada de abandono que en a cidade proxectan as edificacións ruinosas e solares. Para tal fin, dá publicidade do réxime urbanístico dos inmuebles inscritos e facilita a intervención de terceiros que poidan substituír ao propietario que incumple os seus deberes de edificar ou rehabilita.

Respecto ao réxime legal, o legislador estatal regulou o Rexistro de Solares desde a Lei do Solo de 12 de maio de 1956 (desenvolvida polo Regulamento de Edificación Forzosa e Rexistro Municipal de Solares, aprobado por RD 635/1964, de 5 de marzo), seguido polo Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aprobado por RD 1346/1976, de 9 de abril e polo Texto Refundido da Lei Sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xuño. Desde a Sentenza do Tribunal Constitucional 61/97, o réxime xurídico do Rexistro de Solares vén establecido polos legisladores autonómico.

O camiño iniciado en Galicia polo artigo 190 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, renóvase agora con o artigo 137 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que establece a obrigaçión dos Concellos con poboación superior a cincuenta mil habitantes, de crear un Rexistro de Solares, *“no cal incluírán os solares e construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigaçións contempladas nos artigos anteriores -deberes de uso, conservación e edificación-, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento”*.

Pola súa banda, o artigo 337 do Regulamento de Urbanismo de Galicia, Decreto 143/2016, de 22 de setembro, determina a competencia municipal de cada concello, para determinar a regulaci3n do contido de devandito Rexistro, así como da súa organizaci3n e funcionamento.

Dado o obxecto, contido e fins desta iniciativa non se observan cuesti3ns a valorar por raz3ns de impacto de x3nero.

## II. Competencia municipal

A Administraci3n local disp3n da potestade regulamentaria como medio xurídico exorbitante para o cumprimento dos seus fins, sendo así que o principio de autonomía municipal, recoñecido constitucionalmente, ten unha primeira e fundamental manifestaci3n nesta potestade administrativa (arts 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 6.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da

Administración local de Galicia e correlativos).

Pola súa parte, o artigo 25.2 da LRBRL establece que o municipio exercerá en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística (...)*”.

Neste senso, de acordo co preceptuado no artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a dirección e control da actividade urbanística constitúen funcións públicas a exercer pola administración urbanística competente, correspondendo aos municipios o exercicio, como competencia propia, de todas as facultades que lles son atribuídas pola LSG en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, entre outras (artigo 12 da LSG). E, concretamente, o artigo 94.1 da LSG residencia nos municipios a xestión do planeamento urbanístico, o que se realizará mediante algún dos sistemas de actuación, directos ou indirectos, legalmente previstos e regulamentariamente desenvolvidos.

### III. Procedemento de aprobación

Na actualidade, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas incorpora un Título VI, relativo ao exercicio da potestade normativa, no que se enuncian os principios de: legalidade, necesidade, oportunidade e acerto das disposicións de carácter xeral, que deben garantirse e xustificarse a través dos estudos e informes previos, memorias económicas, avaliacións e outras técnicas que a lexislación sectorial poda requirir. E, dado o carácter básico desta norma legal, os seus preceptos deben relacionarse cos tamen básicos da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Neste senso, en aplicación do artigo 132 da LPACAP o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 29.11.2017, acordou a aprobación do Plan anual normativo do Concello de Vigo para o ano 2018, no que figura a presente iniciativa

Así mesmo, de acordo cos artigos 49 da LRBRL e 133 da LPACAP, logo da consulta referida no artigo 133 da LPACAP, logo do informe que emita o Interventor municipal, seguirase o seguinte procedemento:

- <sup>7A</sup> Aprobación, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local do proxecto de ordenanza
- Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo
- <sup>7A</sup> Aprobación inicial polo Pleno, no seu caso.
- <sup>7A</sup> Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. Publicación no portal web do Concello de Vigo (LPACAP).
- <sup>7A</sup> Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, no seu caso, polo Pleno.

De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Consonte ao previsto no artigo 70.2 da LRBRL entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. Así mesmo, publicarase na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no Portal de Transparencia. O acordo publicarase tamén nos taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo para xeral coñecemento.

#### IV. Órgano competente.

Consonte ao artigo 127 da LRBRL correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións. É por isto que por proposta do Consello da XMU (artigo 10.1º dos Estatutos da XMU), someterase o proxecto á aprobación da Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación inicial, se procede, polo Pleno do Concello de Vigo previo ditame do Consello da XMU.

Por canto antecede proponse, sen prexuízo do que resulte do informe do interventor municipal a recabar logo da formulación do presente informe-proposta, a adopción do seguinte .....

De seguido formulase a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 1.02.18, ditamina favorablemente dita proposta.

Con data, 5 de febreiro de 2018, o interventor xeral do concello informa do que segue:

#### "Posibilidade legal.

O artigo 137.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, obriga aos Concellos a crear, regular e xestionar un Rexistro de Soares no cal incluíranse os solares e as construcións en ruina ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigacións de conservación, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

### Actuacións previas.

- Consta o trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pechado sen que se presentasen achegas ou suxestións.
- Consta no expediente a oportuna Memoria xustificativa ou informe xustificativo previo.
- Consta informe redactado en forma de proposta asinado polo Xerente de Urbanismo e polo Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo e Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo.

### Procedemento e competencia.

O procedemento de aprobación previsto no informe-proposta é o previsto na lexislación vixente en materia de réxime local LRBRL, a saber:

- Aprobación, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local do proxecto de ordenanza (artigo 127 LRBRL).
- Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo
- Aprobación inicial polo Pleno, no seu caso.
- Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. Publicación no portal web do Concello de Vigo (LPACAP).
- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, no seu caso, polo Pleno. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.
- Consonte ao previsto no artigo 70.2 da LRBRL entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. Así mesmo, publicarase na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no Portal de Transparencia. O acordo publicarase tamén nos taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo para xeral coñecemento.

### Efectos económicos.

Conforme ao disposto no artigo 129.7 da LPACAP: “Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”.

Na memoria do expediente non se fai constar impacto algún sobre os gastos e os ingresos públicos, como tampouco se deduce do texto da ordenanza incorporada xunto coa proposta.

O artigo 11 do proxecto de ordenanza regula o procedemento de venda forzosa dispoñendo:

*“1. No prazo máximo dun ano desde a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares a Xerencia Municipal de Urbanismo convocará poxa pública co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible. A convocatoria fixará garantía para o*

*cumprimento do deber de edificar.*

*2. Se a poxa fose declarada deserta a Xerencia no prazo de seis meses poderá adquirir o inmovble con destino ao patrimonio municipal do solo ou convocará no mesmo prazo nova poxa con minoración do tipo nun 25 %.*

*3. Se a segunda poxa quedara deserta a Xerencia, no prazo doutros seis meses, poderá adquirir o inmovble con destino ao patrimonio público do solo polo prezo de licitación desta poxa.*

*4. O prezo obtido entregarase ao propietario; en ningún caso lle corresponderá unha cantidade superior á valoración do inmovble deducidos os gastos ocasionados e, se é o caso, as sancións aplicables; corresponderá o diferencial á Xerencia Municipal de Urbanismo que o aplicará o patrimonio municipal do solo.*

*5. Transcorridos os prazos establecidos nos apartados anteriores sen que a Xerencia realizase os correspondentes trámites, a inclusión do inmovble no Rexistro Municipal de Soares quedará sen efecto, circunstancia que comunicarse o Rexistro da Propiedade."*

Para o caso de que a XMU faga uso da posibilidade prevista nos apartados 2º e 3º do citado artigo, de adquirir o inmovble con destino ao patrimonio municipal do solo, deberá seguirse o oportuno procedemento administrativo previa dotación do crédito orzamentario específico e suficiente no capítulo VI do estado de gastos da XMU, e fiscalización previa do expediente pola Intervención Xeral.

No caso de venda do inmovble mediante poxa pública, e dado que o prezo obtido deberá ser entregado ao propietario, debe entenderse que o ingreso debe ter natureza extraorzamentaria xa que neste suposto a XMU actúa como un mero intermediario entre o propietario e o novo adquirente, polo que tales recursos non poderán destinarse a financiar gastos orzamentarios nin modificacións do orzamento de gastos. Polo contrario, para o caso de que o produto da poxa sexa superior ao importe da valoración do inmovble deducidos os gastos, tal exceso constituirá un recuso orzamentario para a XMU, afectado no seu destino ao patrimonio municipal do solo, polo que deberá de ser obxecto do adecuado control e seguimento contable.

Polo demáis, e no que atinxe á vertiente do gasto, o acordo que se adopte no asunto de referencia non suporá a asunción directa e inmediata de novas obrigas ou gastos de contido económico para o Concello de Vigo nin para a XMU, polo que, conforme ao disposto nos artigos 214 do RD-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, e 133 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, precepto que se atopa incardinado no título X da referida Lei ("Réxime de organización dos municipios de gran poboación"), o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa pola Intervención Xeral Municipal.

Polo exposto, devólvese o expediente ao servizo xestor, podendo, polas razóns consideradas, continuarse coa súa tramitación administrativa."

En data 8.02.2018, a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto de modificación da Ordenanza.

Dentro do prazo establecido para a presentación de emendas, o grupo municipal de Marea de Vigo presenta as emendas co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1707/1101.

Con data 19.02.2018, o Secretario Xeral da Xerencia de Urbanismo, emite o informe das emendas que di o que segue:

"Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LSG. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

RLSG. Decreto 143/20156, de 10 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

TRLSR. Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana.

Antecedentes. Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno en data 16.02.2018, no prazo previsto, o Voceiro do grupo político municipal Marea de Vigo presenta as seguintes emendas o Proxecto da Ordenanza Reguladora da Edificación Forzosa e Rexistro Municipal de Soares.

Emenda 1. Insta a substitución do artigo 1 do proxecto de Ordenanza polo o seguinte texto:

*“Esta Ordenanza ten por obxecto establecer os prazos en que os propietarios de soares, de edificacións declaradas en ruína ou inadecuadas e de construción paralizadas deberán proceder a súa edificación, así como a regulación do seu contido, organización e funcionamento do libro de rexistro de soares e edificios que cumpre rehabilitar e as consecuencias derivadas do incumprimento de deber de conservación ou edificación, ao abeiro do establecido no título IV, capítulo I da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”.*

Emenda 2. Propón a inclusión dun novo artigo denominado “Edificación ou rehabilitación pola administración municipal”. No primeiro inciso do párrafo inicial sinala, “Cando se incumpra o deber de edificar nalgún terreo incluído en determinadas áreas, a Administración poderá expropialo co fin de asumir a edificación ou ben encomendarlle a unha sociedade urbanística pública o desenvolvemento da actuación”; a continuación o artigo desenvolve o procedemento que, para a edificación, ten que levar a cabo a sociedade urbanística pública beneficiaria da expropiación.

Respecto das emendas formuladas emítense o seguinte,

## INFORME

### Emenda 1

O TRLSR contén diversas medidas destinadas a garantir o cumprimento da función social da propiedade inmobiliaria e evitar a existencia de prácticas de retención e xestión especulativas dos solos que obstrúen tal función; neste sentido o artigo 9.6 sinala, “En todo solo en situación de urbanizado no que así se prevexa pola ordenación urbanística e nas condicións por ela establecidas, o propietario terá o deber de edificar nos prazos establecidos na normativa aplicable”.

Este deber de edificar, tradicional na nosa lexislación urbanística, tamén se recolle na LSG, así o artigo 135.1.a), referido os deberes de uso do solo, sinala que os propietarios de toda clase de terreos haberán de emprender a edificación nos términos e prazos establecidos na legislación vixente; un prazo que a mesma norma o establece en tres anos no solo urbano consolidado no suposto de que non veña sinalado nas determinacións do PXOM.

O artigo 137.1 da LSG e o artigo 337.1 do RLSG refírense concretamente o Rexistro de Soares e sinalan, “Os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes crearán un Rexistro de Soares, no cal se incluírán os soares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizasen as obrigas contidas nos artigos anteriores, logo de que se constatase que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento”; o artigo 337.3 do RLSG indica, “Será cada concello o que determine a regulación do seu contido, organización e funcionamento”.

Do artigo 137.1 transcrito dedúcese que o Rexistro de Soares, en todo caso, debe incluír:

- a. Soares.
- b. Construcións en ruína.
- c. Construcións que incumpran os deberes de rehabilitación, de conservación, de seguridade, de salubridade e de ornato legalmente esixibles, así como os deberes relativos os requisitos básicos da edificación; deberes (obrigas) citados expresamente no artigo 135 da LSG (artigo anterior) e que corresponden os propietarios de todo tipo construcións, edificios e instalacións.

O artigo 1 do Proxecto indica, “*A presente Ordenanza regula o contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Vigo que inclúe as edificacións declaradas en ruína, as derruidas ou inadecuadas e as construcións abandonadas*”; desta redacción dedúcese que no Rexistro non se atopa prevista, tal e como pretende a emenda, a inclusión das construcións que incumpran os deberes de rehabilitación ou conservación, entre outros.

A solución outorgada polo proxecto de Ordenanza non incluíndo no Rexistro de Soares as construcións que incumpren os deberes de rehabilitación e conservación é mais conforme con determinados dereitos constitucionais.

En efecto, carece de lóxica e razón que unha construción (que pode ser un edificio de vivendas en réxime de propiedade horizontal) que incumpre o “deber de conservación” ou o “deber de ornato” (deberes que corresponden á Comunidade de Propietarios do edificio) débese incluír no Rexistro de Soares e, consecuencia diso, teña que ser

obxecto de poxa pública (transmisión a un terceiro), co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible, artigo 138.1 LSG.

A solución prevista na Lei Autonómica roza a inconstitucionalidade pola a súa incidencia no dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada, artigo 47 CE, razón suficiente para entender que os edificios ou construcións que incumpren tales deberes (rehabilitación, conservación, ornato ...) se teñan excluídos do Rexistro Municipal de Soares que, como apuntamos, ten como fin esencial evitar a existencia de prácticas de retención e xestión especulativas dos solos que obstrúan o cumprimento da función social da propiedade.

Entendemos, conforme o sinalado o artigo 15.4 do TRLSR, que en caso de inexecución inustificada -no prazo conferido o efecto- das obras de rehabilitación, conservación, ornato e outras similares que podan ordearse, o Concello (sen prexuízo das multas coercitivas que acorde) debe proceder á realización subsidiaria das obras, substituíndo os titulares do inmovible e asumindo a facultade de rehabilitalos ou conervalos con cargo os propietarios.

A emenda, na redacción alternativa que propón -ademais de citar a derogada Lei 9/2002-, incide na idea de incluír no Rexistro de Soares os edificios e construcións que incumpren os deberes urbanísticos sinalados; unha proposta que, polos motivos expostos, e a pesar do sinalado na LSG, non debe ser considerada.

## Emenda 2

A Emenda refírese a unhas “áreas” que non concreta e trata de instrumentar o procedemento de expropiación forzosa de terreos no caso de incumprimento do deber legal de edificar.

A expropiación forzosa de soares sen edificar pouco ou nada ten que ver co Rexistro de Soares salvo que o “Programa de Edificación Forzosa”, o igoal que o “Rexistro”, é un instrumento coercitivo da Administración municipal para evitar a especulación do solo.

O que indica o lexislador no artigo 140.1 da LSG é que o incumprimento dos prazos para edificar en determinadas áreas denominadas “prioritarias” previamente delimitadas a través dun “Programa de Edificación Forzosa”, conleva a posibilidade de “expropiación forzosa” dos terreos nelas incluídos o obxecto de que a Administración actuante (Concello) asuma a súa edificación; unha posibilidade moi distinta á inclusión do terreo no “Rexistro de Soares” para a súa posterior “venta forzosa” mediante poxa.

Nin a LSG nin o Regulamento mencionan os trámites a instrumentar para a aprobación do “Programa de Edificación Forzosa”, unha lagoa legal substancial dada a transcendencia das súas consecuencias xurídicas; en calquera caso enténdese -artigo 25 TRLSR- que tal “Programa” debe ser obxecto de aprobación inicial, información pública, audiencia dos interesados e aprobación definitiva.

Non obstante o exposto na Ordenanza existe a Disposición adicional segunda denominada “Programas de edificación forzosa. Expropiación de soares” que ten un sentido aproximado á emenda presentada e, transcrito en parte o artigo 140 da LSG, sinala,

*“O Concello de Vigo poderá aprobar programas de edificación forzosa nos que se delimiten áreas prioritarias a efectos de edificación. Cando se incumpra o deber de edificar nalgún soar incluído nestas áreas, o Concello poderá expropialo a fin de*



*asumir a edificación”.*

O artigo 140.2 da LSG advirte que tal compromiso municipal de edificación pódese encomendar a unha sociedade urbanística pública e que neste caso tal sociedade actuará como beneficiaria da expropiación que é o que reclama a emenda.

Será no momento no que Concello de Vigo aprobe un “Programa de Edificación Forzosa” cando o Pleno da Corporación deba plantexarse a conveniencia e a oportunidade de crear unha sociedade urbanística pública para materializar a edificación dos soares/terreos expropiados e a posterior venda das vivendas neles construídas; en efecto, quizais a xestión de tales terreos a través do Dereito privado (sociedade urbanística) sexa mais áxil e eficaz, non obstante facer mención agora, no Proxecto de Ordenanza, a unha sociedade urbanística municipal inexistente confunde e carece de razón.

O feito de que a Ordenanza non mencione a tal sociedade urbanística municipal non impide a súa futura creación.

Conclusión. En virtude do exposto procede que o Consello da Xerencia de Urbanismo, na súa condición de Comisión Informativa, adopte o seguinte,

Ditame

PRIMEIRO. Rexeitar as emendas presentadas polo grupo político municipal de Marea de Vigo o proxecto de Ordenanza Reguladora de edificación Forzosa e Rexistro Municipal de Soares.

SEGUNDO. Ditaminar favorablemente o proxecto de Ordenanza Reguladora de edificación Forzosa e Rexistro Municipal de Soares propoñendo a súa aprobación inicial ao Pleno do Concello.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 22.02.2018, rexeita a emendas presentadas e ditamina favorablemente a modificación de dita Ordenanza.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu de novo vou axustarme ao contido desta ordenanza, a ordenanza que hoxe traemos regula o contido, a organización e funcionamento do rexistro municipal de soares do Concello de Vigo que inclúe as edificacións declaradas en ruína, as derruídas, as inadecuadas ou as construcións abandonadas. Temos que ter en conta que todos coñecemos a nosa cidade, observamos como nos espazos ademais máis urbanos podemos atoparnos con algúns soares que non están construídos, con algunha vivenda que está en malas

condicións abandonadas ou derruídas e polo tanto este rexistro ven a facilitar unha ferramenta ao Concello para poder facer que aqueles propietarios que non cumpren coa súa obriga porque é un deber da propiedade tanto a edificación dos soares como a conservación, mantemento e edificación daqueles soares que están en ruína, abandonados ou inadecuados. Polo tanto, é un instrumento para que o Concello poida poñer no mercado eses soares e para que cumpran a finalidade que perseguen, é dicir, non só que teñen que estar nun prazo determinado postos a poxa pública, nun prazo dun ano neste caso dende o rexistro, para que poidan saír ao mercado e edificarse senón que ademais existir un prazo para a execución deses proxectos, esa execución material da edificación que en caso de incumprirse obviamente votará atrás esa venda para que volva a saír a poxa, no caso de que na primeira poxa pública non exista ninguén que estea interesado en mercar estes terreos, estes soares abandonados ou derruídos, o Concello poderá quitar unha segunda poxa cunha rebaixa do 25% no prezo de saída e de novo facer unha puxa pública ou se ben queda deserta poderá exercer o dereito de quedarse con esa propiedade con ese prezo marcado.

Os cartos derivados desa puxa pública e da venda serán obviamente para os propietarios e polo tanto, o que pretendemos é que todos eses soares sen edificar que temos no centro da cidade especialmente, todas aquelas ruínas, todos aqueles terreos que iniciaron un proxecto e quedou soamente un esqueleto, pois poidamos utilízalos para o que realmente precisamos que sexan, para que sexan útiles aos cidadáns, para que transformen esa imaxe deteriorada dunha parte que podemos ter nalgunha parte da cidade e unha imaxen con vida pero ademais para que cumpran a función social que deben ter eses terreos polo tanto, para que se usen para vivenda ou para locais comerciais dependendo do que o Planeamento fixe para cada un deles.

Polo tanto, a que tipo de inmobles vai dirixido, cales imos inscribir neste rexistro de soares? Todos aqueles soares que estean sen edificar, edificacións en ruínas, edificacións derruídas, inadecuadas, aqueles que teñan consumido unha edificabilidade inferior ao 50% da permitida pola ordenanza correspondente, cando máis dun 50% do seu volume ou superficie construída sexa destinado a un uso contrario ao previsto no Planeamento, edificación con alturas en contra e manifesta desproporción á legalmente autorizada, edificacións provisionais que se

estimen inadecuadas, ou construcións abandonadas.

O deber de edificación dos propietarios é o que fixo o Planeamento, no caso de que non exista ese prazo para fixar o deber de edificación, o fixa o resto de lexislación que é un prazo máximo de tres anos, polo tanto, a partir dese de prazo e unha vez que a administración consumiu tódalas execucións forzosas de obriga aos propietarios de exercer o seu deber de conservación, mantemento e execución, a administración poderá inscribir estes soares no Rexistro de Soares e a partir de aí, como dicía, nun prazo máximo dun ano poñelos no mercado ou responsabilizalos deles, eu creo que é unha boa ferramenta, se especifica ademais na ordenanza que o Concello vai a tratar como área prioritaria o Casco Vello, en particular porque temos algunhas zonas do Casco Vello alto onde é preciso intervir para conseguir unhas propiedades que aínda pois o Consorcio do Casco Vello non foi quen de conseguir, polo tanto, esperando que sexa de extrema utilidade para facer unha cidade máis sostible e máis habitable.

SR. PÉREZ CORREA: Esta era unha necesidade imperiosa deste Concello, nós estamos de acordo en que a situación da infravivenda que temos moita e unha delas que existe por desgracia ou ao non existir alternativas e non me vou poñer aquí a falar de quen ten a responsabilidade que serve moitas veces para que a xente que está en situación de rúa durma tódalas noites, temos moita infravivenda, nós estamos de acordo con que se abra o rexistro, entre outras cousas pola limitación, isto pode soar moi soviético pero vouno dicir, polo limitación para expropiar calquera vivenda que estea en abandono dunha maneira executiva inmediata, creo que non hai un dereito constitucional, logo falarei diso porque este grupo municipal presentou dúas propostas de emenda e cremos que non hai ningún dereito constitucional que diga que unha persoa poida ter unha vivenda en ruína o que unha persoa poida ter unha vivenda sen edificar ou coa edificación rematada, tamén é un criterio que nós queríamos introducir, que pasa con esas promotoras que deixaron as vivendas a medio facer, por que nos a podemos incluír a abrir o proceso expropiatorio, nós pensamos, vostedes dino aquí no informe, que as nosas propostas de emenda pois non terían un trámite no dereito constitucional, entendemos que o dereito constitucional ao que se refire é o dereito á propiedade de vivenda, nós pensamos que por enriba do dereito á

propiedade é o dereito as persoas a ter vivenda, polo tanto si que temos algunhas discrepancias co enunciado e tamén porque nós propoñemos que efectivamente non fora só un rexistro, que habilitara como imos expropiar para que o axente urbanizar prioritario sexa público, porque está moi ben que se obrigue a unha edificación en ruína, que require unha rehabilitación está moi ben que sexa en poxa pública, que aí poidan acceder entidades privadas pero a nós nos gustaría que a primeira opción, a primeira administración actuante e que a primeira posibilidade fora que esas vivenda acabaran xerando un parque municipal de vivenda, efectivamente coas limitacións, e digo que aí teríamos por desgracia que traballar nas limitacións que ten hoxe en día a lei de expropiación, unha lei de expropiación que practicamente ven da época franquista pero o que nós que si consideramos que sería unha boa oportunidade, vostedes no informe, no ditame que se fai as nosas emendas, precisamente cando nós falamos desa posibilidade de que a primeira opción sexa pública, aquí no ditame creo que con acerto, pon “será no momento no que o Concello de Vigo aprobe un programa de edificación forzosa cando o Pleno da Corporación deba propoñerse a conveniencia e oportunidade de crear unha sociedade urbanística pública para materializar esa edificación, a nós nos parece que iso é o central e é o que debería recoller este regulamento, porque isto é o que pasa en toda Europa, a primeiro opción, o axente urbanizador sempre é público, é unha das grandes discrepancias que a Unión Europea ten co urbanismo deste país, é unha das grandes discrepancias que levou a que o PXOM do 2008 estea incluído no informe Auken porque precisamente pola figura do axente urbanizador privado como prioridade, en todo caso estamos de acordo con que se aprobe esta moción pero nos gustaría que se incluíra algunhas cuestións que nos poñíamos, para nós poñer no artigo 1 a coletilla “dunha construción paralizada” abriría para nós un debate, outra cousa é a posibilidade xurídica que teríamos seguramente que pelexar con outras administracións, pero que a cantidade de edificios que as promotoras en quebra teñan deixado nesta cidade, que poidamos expropialo para un fin público, non nos parece como digo nin unha medida demasiado soviética nin unha medida que teña que asustar á xente, porque temos paralizados bastantes edificacións neste país, no conxunto do Estado máis dun millón de vivendas que sería ben que os concellos nos puideramos ir incorporando.

Tamén pensamos que debería clarificar máis cando se produce os prazos, dunha maneira máis nítida, os prazos e os deberes de rehabilitación, de conservación cando é dicir, con que carencia e sobre todo incluír dunha maneira máis ambiciosa aqueles edificios que están incumprindo o deber de rehabilitación que vostedes nos din non incluílo é conforme con determinado dereito constitucional, nós seguimos tendo dúbida. Gustaríanos que aquí houbera un compromiso, tal e como di o ditame e que se abra un programa de edificación forzosa, que o Concello empece a actuar, pensámolo nós, máis para adiante a solución sería crear unha empresa municipal de vivenda, e incluso unha segunda empresa como teñen as grandes cidades, unha empresa municipal de solo que paulatinamente vaia substituíndo á Xerencia de Urbanismo, cremos que sería unha formula interesante precisamente para a tutela pública de determinadas actuacións e evitar que vendamos moitas veces patrimonio de soares ou público como se está a facer agora mesmo sen que nós entendamos aínda moi ben por que.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar saudar tamén dende do Partido Popular aos alumnos/as do colexio Mendiño e esperamos que algún se adique á política e tamén poida achegar dende a política ou dende outro sector ideas e propostas para a cidade de Vigo.

Sobre o rexistro municipal de Soares, dicirlles que é algo necesario, é algo obrigatorio tanto pola Lei do solo de Galicia como polo regulamento e así o di tamén a ordenanza no terceiro parágrafo da exposición de motivos cando fala da obriga que teñen os concellos de máis de 50.000 habitantes, de crear un rexistro de soares no que se incluírán os solares e construcións en ruínas ou abandonados ou aqueles sobre os que non se realizaron os deberes de uso, conservación e edificación unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento, entón nós xa lle digo que lle imos votar a favor.

Todo isto está ben, o que non di e eu cría que o ía dicir, na súa intervención Sr. Caride, señora concelleira de Urbanismo e máximo responsable do Urbanismo en Vigo é que este rexistro xa existía en Vigo e co ánimo de enganar e tapar a súa incompetencia e falla de xestión porque non inscribiron ningún solar nin edificación abandonada en Vigo, claro vostede di que coñece a cidade e que algún solar ou

edificio está abandonado ou en ruínas, algunhas ducias, e tráeno aquí como se fora novo, a ver se cola, traen aquí un instrumento co que contaba o Concello de Vigo dende hai dez anos porque este rexistro non é novo e vostede deberíao saber porque coa Lei 6/2008, de medidas urxentes da lei de solo de Galicia cando, xa choveu, vostede era conselleira do rubro, do asunto, falaba que era necesaria xa a constitución destes rexistros, e por iso o Pleno de outubro do 2008, aprobou definitivamente a ordenanza reguladora que houbera deixado lista o Partido Popular e o meu compañeiro o Sr. Figueroa, cando era concelleiro de Urbanismo en 2007, dicía en outubro do 2008 o Sr. Mariño Mendoza, que foi concelleiro de Urbanismo do Partido Socialista brevemente, dicía falando da Ordenanza do Rexistro de Soares que esta Ordenanza ven solucionar situacións de parcelas e edificacións que todos coñecemos e que están no centro da cidade, ou sexa que ía ser a panacea aquela ordenanza, primeira pregunta entón, para que queremos unha ordenanza nova si xa a temos ou é que agora se lles da polo marketing e vender como novo algo que xa estaba en vigor aínda que con nulo resultado, porque como lle dicía sabe cantos soares se inscribiron no Concello de Vigo destes dez anos que gobernou o Partido Socialista e que está en vigor, sabe cantos solares, cantos expedientes, cero, cero inscricións no rexistro, un rexistro que é o mesmo que este, porque este rexistro xa existe, que queren redactar outra ordenanza para que pareza agora que se van a tomar este tema en serio? Pois vale aceptamos polbo, non se preocupe nós ímoslle votar a favor desa ordenanza, pero parece que o queren é enganar, dicir que “agora si que temos un instrumento que nos vai permitir facer o que tiñamos que ter feito dende hai dez anos” e non fixeron absolutamente nada, pero claro oíndoa na súa intervención anterior dicir que está satisfeita co estado do urbanismo de Vigo e que saca peito do número de vivendas protexidas que foron cero as que fixeron, e tamén deslizar unha idea de que había terreos para a cidade deportiva do Celta pero que o Celta non quixo, se xa o di, díga a enteira, se di unha idea díga a enteira, diga onde había os terreos para que a cidade deportiva do Celta se houbera quedado en Vigo, díga, sexa valente, e que quedarse a medias non o entendo, outra cousa é que intenten vender axilidade porque vostedes de axilidade non están, o seu urbanismo é o do Barrio do Cura, o da Panificadora.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Di vostede que o Concello de Vigo non fixo ningunha vivenda protexida, lémbrolle que as únicas vivendas protexidas que están a día de hoxe en construción son gracias a que o Concello de Vigo cedeu parcelas ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, o que ten a obriga legal de facer as vivendas protexidas que é a Xunta de Galicia se non lle regalamos o chan non fai nin unha, iso si non fai ningunha dende o ano 2008. Mire vontade de enganar eu non sei vostede como le, sinceramente empezo a crer que non le todo, que non le deseguido, di na introdución desta ordenanza e “urxente e adecuada á dereito a elaboración desta ordenanza que substitúe á vixente ordenanza reguladora de contido de organización e funcionamento do rexistro municipal de soares, edificios a rehabilitar, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 329, de 10 de decembro do 2008, polo tanto, que ven vostede a dicir? Iso o que cambia o instrumento legal fai moito máis áxil a aplicación dese Rexistro de Soares para que poida ser operativo e polo tanto temos que adaptala, e agora si o rexistro de soares pasa a ser unha ferramenta útil porque antes era unha ferramenta que desafortunadamente había dificultades para desenvolver, polo tanto, de engano nada, mire se coñezo ben a Lei do 2008, que lle lembro que era unha tamén que dicía que non se podía construír nos 500 primeiros metros de costa ao que o Partido Popular se opuxo por toda a costa Galega, de forma clara porque o pelotazo non se podía parar.

Eu díxenlle, e repito, que o Celta de Vigo coñecía que para desenvolver campos de fútbol, instalacións deportivas, instalacións anexas a esas instalacións deportivas e necesarias para as mesmas, residencia, restaurante, pequena tenda, etc., instalacións vinculadas á actividade principal deportiva non tiña ningún problema en facelo en Vigo, é máis poderíase facer por un Plan Especial para incorporar no solo rústico, pero un centro comercial de 140.000 metros cadrados non, porque non serve a mesma ferramenta é máis, porque a propia Lei do solo di que hoxe non se pode utilizar solo rústico de especial protección para chan urbanizable, e creo que é unha norma que é de aplicable a tódolos concellos de Galicia, con independencia da cor político e se están máis preto ou máis lonxe dun límite dun termo municipal. Polo tanto, esa era a dificultade, ningunha outra, para facer campos de fútbol en Vigo non hai dificultades, por certo estámolos a facer e os estamos a transformar para iso non temos, repito, ningunha dificultade.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

## ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas polo grupo municipal de Marea de Vigo.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a Ordenanza do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Vigo, co texto que se transcribe ao final deste acordo.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública e audiencia polo prazo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial” da provincia, no “Taboleiro de Edictos” do Concello e na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>. Darase igualmente cumprimento ás esixencias da Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

CUARTO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

## **“ORDENANZA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES**

**(proxecto)**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Rexistro de Solares é unha institución urbanística regulada tradicionalmente no noso ordenamento xurídico coa vocación de fomentar a edificación en solo urbano eliminando a imaxe prolongada de abandono que en a cidade proxectan as edificacións ruinosas e solares. Para tal fin, dá publicidade do réxime urbanístico dos inmuebles inscritos e facilita a intervención de terceiros que poidan substituír ao propietario que incumple os seus deberes de edificar ou rehabilita.

Respecto ao réxime legal, o legislador estatal regulou o Rexistro de Solares desde a Lei do Solo de 12 de maio de 1956 (desenvolvida polo Regulamento de Edificación Forzosa



e Rexistro Municipal de Solares, aprobado por RD 635/1964, de 5 de marzo), seguido polo Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aprobado por RD 1346/1976, de 9 de abril e polo Texto Refundido da Lei Sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xuño. Desde a Sentenza do Tribunal Constitucional 61/97, o réxime xurídico do Rexistro de Solares vén establecido polos legisladores autonómico.

O camiño iniciado en Galicia polo artigo 190 da Lei 9/2002, de 30 de decembro , de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, renóvase agora con o artigo 137 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que establece a obrigaón dos Concellos con poboación superior a cincuenta mil habitantes, de crear un Rexistro de Solares, “no cal incluírán os solares e construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigaóns contempladas nos artigos anteriores -deberes de uso, conservación e edificación-, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento”.

Pola súa banda, o artigo 337 do Regulamento de Urbanismo de Galicia, Decreto 143/2016, de 22 de setembro, determina a competencia municipal de cada concello, para determinar a regulaci3n do contido de devandito Rexistro, así como da súa organizaci3n e funcionamento.

É o Rexistro Municipal de Solares «o medio técnico a través do cal pódese instrumentar a venda forzosa nos casos de incumplimento de deberes urbanísticos -si non se aplica a expropiaci3n- conforme aos supostos e ao procedemento regulado pola lexislaci3n aplicable». Tamén, segundo os mesmos autores, co Rexistro de Solares «se fomenta o cumprimento da edificación propugnada pola achaiadura como, por exemplo, nos supostos de edificacións ruinosas ou inadecuadas ».

É urxente e adecuada a dereito a elaboraci3n desta Ordenanza que substitúa a vixente Ordenanza reguladora do contido, organizaci3n e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares e edificios a rehabilitar”, publicada no BOP nº 329, de 10 de decembro de 2008, co dobre obxectivo, en primeiro lugar, de cumprir o mandato do legislador (artigo 137.1 da Lei do Solo citado) en segundo e non por iso menos importante, de habilitar un mecanismo legal de intervenci3n no mercado do solo, vital tanto para o reencho de vacíos urbanos que xeran unha indeseable interrupci3n da cidade, como para a posta no mercado de solares revitalizadores da actividade constructiva.

Trátase, pois, tanto de cumprimentar unha obriga3n legal de adaptaci3n e desenvolvemento reglamentario dunha previsi3n legal, como de poñer en valor un instrumento fundamental para o reencho de baleiros urbanos consolidados no tempo co cosido da trama urbana e, o que non é menos importante, instrumentar un vehículo útil para a contenci3n de prezos do solo e con el ampliar o dereito de acceso cidadán a unha vivenda digna.

Obxectivo fundamental tamén desta Ordenanza é a regularizaci3n do accesos de inmuebles a devandito rexistro no momento da súa posta en funcionamento a fin de non colapsar o mercado e evitar así a perda da súa funci3n. Por iso, pretende

regularizarse o primeiro acceso contemplando aqueles solares e/ou edificaciónes, sobre os que exista constancia do agotamiento das medidas legais de compulsión sobre a propiedade que deveñan inútiles, descartando do seu acceso, xa que logo, aqueles sobre os que aínda se atopen en tramitación medidas de requerimiento de cumprimento de deberes urbanísticos e establecendo, para os solares criterios obxectivos para a súa posta no mercado en condicións e volume asimilables por este.

E non menos importante, a súa función de habilitar un instrumento que evite retenciones especulativas de solares que teñan a súa causa en perdas de valor dos solares respecto dos prezos manexados con anterioridad á crise, coa expectativa da súa máis ou menos próxima recuperación.

E por iso, tamén como instrumento eficaz para a prevención de novas "burbullas" inmobiliarias, sempre especulativas e contraías ao dereito de acceso dos cidadáns a unha vivenda digna, é tamén eficaz este instrumento, como mecanismo de control de prezos do mercado de solo evitando sobrevaloraciones sen base real e para as que sempre é necesaria unha retención injustificada de solo.

Mención especial e sen dúbida obxectivo primordial desta Ordenanza é a posta no mercado de solares de longa duración actualmente existentes no ámbito do Casco Vello. Aprobado o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello en sesión extraordinaria de 12 de abril de 2007 nel establécense unhas áreas de rehabilitación prioritaria e uns prazos para que os propietarios cumpran co seu deber de rehabilitar ou edificar. Nestes caos especialmente, pero tamén en todos aqueles incluídos no ámbito do planeamento especial que actualmente constitúan solares vacantes, deben ser un obxectivo prioritario da administración municipal para así completar unha trama urbana que é vital nun dos ámbitos de conformación, máis determinante, da imaxe da cidade.

## CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza regula o contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Vigo que inclúe as edificacións declaradas en ruína, as derruidas ou inadecuadas e as construcións abandonadas.

### Artigo 2. Natureza xurídica do Rexistro Municipal de Soares.

1. O Rexistro Municipal de Soares ten natureza xurídico administrativa e a consideración de rexistro público para consulta e disposición de calquera cidadá sen que sexa necesario acreditar a condición de interesado.
2. As certificacións que se expidan dos seus datos teñen o carácter de documento público con valor probatorio a efectos administrativos; serán transcripción íntegra e literal dos asentos correspondentes a cada soar ou edificación, acreditando, no seu caso, a inexistencia de asento.

## CAPÍTULO SEGUNDO. DEBER DE EMPRENDER A EDIFICACIÓN

### Artigo 3. Deber de emprender a edificación.

1. Os propietarios de soares, de edificacións declaradas en ruína, derruidas ou inadecuadas e de construcións abandonadas iniciarán as obras de edificación nas condicións e prazo fixados no planeamento, ou, no seu defecto, pola lexislación urbanística. O deber de edificar inclúe o deber de concluir as edificacións para cuxa execución se obtivo licenza.

2. O cumprimento do deber de edificar corresponde o propietario. A transmisión das fincas non modificará a situación do seu titular respecto ós deberes establecidos pola lexislación urbanística ou dos esixidos polos actos de execución derivados da mesma. O novo titular queda subrogado nos dereitos e deberes urbanísticos do anterior propietario e nos compromisos que este tivera adquirido coa Administración urbanística.

### Artigo 4. Supostos inscribibles no Rexistro Municipal de Soares.

Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de Soares os soares e edificacións e construcións que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Soares sen edificar. Aqueles que carezan de edificacións permanentes ou a parte dos mesmos non utilizada e susceptible de aproveitamento. Teñen a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación, que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, suministro de enerxía eléctrica e alumeadado público en condicións adecuadas para o uso permitido. De existir planeamento, ademais, deberán estar debidamente urbanizadas.

b) Edificacións en ruína. As declaradas en situación de ruína mediante resolución administrativa firme.

c) Edificacións derruídas. Aquelas nas que haxa desaparecido como mínimo o cincuenta por cento do volume aproveitable. Teñen este carácter as edificacións nas que mais dun cincuenta por cento da súa capacidade como vivenda son declaradas «inhabitables» por resolución firme.

d) Edificacións inadecuadas. A inadecuación vincúlase á incompatibilidade da edificación co planeamento en canto uso, aliñación, volume, altura e demais requisitos previstos do planeamento cando obstaculicen proxectos municipais, sempre que se trate de edificacións que,

1) Teñan consumida unha edificabilidade inferior ó 50% da permitida pola ordenanza correspondente

2) Cando máis do 50% do seu volume ou superficie construída estea destinada a un uso contrario o previsto no planeamento.

3) Edificacións cuxa altura se encontra en manifesta desproporción coa legalmente autorizada na zona desmerecendo pola súa condición, clase ou estado ás demais existentes no ámbito.

4) Edificacións provisionais que se estimen inadecuadas.

d) Construcións abandonadas. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios terminar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza; son construcións abandonadas aquelas iniciadas e abandonadas ou suspendidas que, sen causa xustificada, teñen incumprido o prazo da súa terminación previa declaración de caducidade da licenza.

#### Artigo 5. Prazos para emprender a edificación e cómputo.

1. Os propietarios de soares e de edificacións declaradas en ruína, derruidas ou inadecuadas e de construcións abandonadas emprenderán as obras de edificación no prazo fixado polo planeamento xeral ou de desenvolvemento, en función da clasificación ou cualificación do solo e das circunstancias específicas que concorran en determinadas áreas ou soares e, no seu defecto, no prazo de tres anos.

2. O prazo para cumprir co deber de edificar en solo urbano consolidado computarase dende a aprobación definitiva do planeamento urbanístico que conteña a ordenación detallada. No caso de que os terrenos non reúnan a condición de soar, o deber de edificar inclúe a obriga de completar a urbanización necesaria para a súa conversión en soar.

En solo urbano non consolidado e urbanizable, o prazo computarase dende a conversión dos terreos en soares.

O deber de edificar afecta igualmente aos propietarios de edificacións declaradas en ruína, derruidas, inadecuadas e de construcións abandonadas; o prazo computarase dende a recepción da correspondente declaración administrativa ou, no seu caso, da resolución pola que se ordea a finalización das obras.

3. No caso de declaración de caducidade dunha licenza polo incumprimento dos prazos para o inicio, execución e finalización da obra autorizada por causa imputable ó interesado, o tempo transcorrido dende a concesión da licenza ata a declaración de caducidade, terase en conta ós efectos do cómputo do prazo establecido para cumprir co deber de edificar. Producirá o mesmo efecto a declaración de desestamento e arquivo do procedemento por causa imputable ó interesado.

#### Artigo 6. Supostos que excepciónan a obriga de emprender a edificación no prazo establecido.

1. Cando o Concello de Vigo adquira ou posúa soares para fins de interese público poderá acordar prazos máis amplos dos establecidos para emprender a edificación. Para a mesma finalidade poderanse autorizar prazos superiores de edificación a solicitudes doutras Administracións ou entidades sen ánimo de lucro, previa a avaliación do fin alegado.

2. Por razóns de interese público, a Xerencia Municipal poderá:

a) Ampliar o prazo para cumprir co deber de edificar ata un máximo dun ano cando os interesados acrediten impedimentos técnicamente xustificados que serán valorados polo órgano concedente.

b) Reducir o prazo para o cumprir co deber de edificar nos casos de ruína inminente ou risco de grave e rápido deterioro da edificación previa xustificación incorporada o expediente contradictorio que se tramite.

Artigo 7. Incumprimento do deber de emprender a edificación. Orde de execución e execución forzosa da orde.

1. Acreditado o incumprimento do deber urbanístico de emprender a edificación mediante resolución ditada ao efecto, a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, previo expediente e audiencia do interesado, ditará a orde de execución obrigando ao propietario do inmovible a levar a cabo as actuacións necesarias para dar cumprimento o deber de edificación, entre elas a presentación da documentación para a solicitude de licenza urbanística.

2. A resolución de inicio advertirá das consecuencias xurídicas do incumprimento da Orde que, no seu caso, se dite, en particular do inicio de procedemento para a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares.

3. As ordes de execución conteñerán a determinación concreta das actuacións a realizar conforme as condicións sinaladas na lexislación e no planeamento urbanístico e fixará prazo para o cumprimento voluntario do ordenado; o prazo determinarase en razón á importancia e complexidade da actuación.

4. No caso de incumprimento da orde de execución a Administración municipal procederá a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros reiterables trimestralmente.

### CAPÍTULO TERCEIRO. PROCEDEMENTO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES

Artigo 8. Procedemento para a inclusión no Rexistro Municipal de Soares.

1. Constatado que as medidas de execución forzosa sinaladas no artigo anterior resultan ineficaces para o cumprimento do deber de emprender a edificación iníciase procedemento para a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares; a ineficacia acreditarase tras a imposición de dúas multas coercitivas.

2. O procedemento de inclusión axustarase o previsto na Lei 39/2015, de Procedimieento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Será condición para incoar o procedemento a concorrencia dalgunhas das seguintes circunstancias:

a) A declaración de incumprimento do deber urbanístico de edificar os soares no prazo

establecido ao efecto e a ineficacia das ordes de execución ditadas.

b) A declaración administrativa da situación de ruína dunha edificación e a ineficacia das ordes de execución ditadas.

c) A declaración administrativa dunha edificación derruida ou inadecuada e dunha construción abandonada e a ineficacia das ordes de execución ditadas.

3. A determinación e comprobación dos datos para ditar resolución referiranse á correspondencia do inmovible con aquel no que se declarou o incumprimento do deber urbanístico de edificación e a ineficacia das ordes de execución ditadas.

4. O trámite de audiencia realizarase respecto dos propietarios, titulares de dereitos reais, arrendatarios, ocupantes ou titulares de calquera dereito que conste no Rexistro da Propiedade ou sexa comunicado polos interesados. Transcorrido o prazo de audiencia, previa resolución das alegacións e practicadas as probas admitidas a Vicepresidencia da Xerencia Municipal, logo de informe dos servizos xurídicos, resolverá a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares ou, no seu caso, pronunciarase sobre a improcedencia da inclusión.

5. A resolución ditarase no prazo de tres meses dende a súa iniciación.

6. A resolución notificarase o propietario e demais interesados; o mesmo día que adquira firmeza vía administrativa realizarase asento de inclusión no Rexistro.

#### Artigo 9. Comunicación o Rexistro da Propiedade.

1. A resolución de inclusión de inmovibles no Rexistro Municipal de Soares comunicarse ó Rexistro da Propiedade.

2. Unha vez sexa firme en vía administrativa remitirase ó Rexistro da Propiedade certificación expedida pola Secretaría da Xerencia Municipal de Urbanismo que conteña a transcripción literal da resolución ditada solicitando se deixe constancia da mesma mediante nota ao marxe da última inscrición de dominio.

3. A nota marxinal e a aplicación do réxime de venda forzosa consignarase nas certificacións rexistrais que se expidan. Esta nota cancelarse mediante certificación do acordo de cancelación do asento practicado no Rexistro Municipal.

4. Se o inmovible incluído no Rexistro non estivera inmatriculado ou non exista constancia dos titulares, estenderase anotación preventiva que caducará polo transcurso do prazo de catro anos, sen prexuzo do disposto no parágrafo anterior.

#### Artigo 10. Expediente de valoración.

A inclusión dun inmovible no Rexistro Municipal de Soares implicará a iniciación do expediente de valoración, o seu resultado constará no Rexistro.

### CAPÍTULO CUARTO. PROCEDEMENTO DE VENDA FORZOSA

#### Artigo 11. Venda forzosa.

1. No prazo máximo dun ano desde a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares a Xerencia Municipal de Urbanismo convocará poxa pública co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible. A convocatoria fixará garantía para o cumprimento do deber de edificar.
2. Se a poxa fose declarada deserta a Xerencia no prazo de seis meses poderá adquirir o inmovible con destino ao patrimonio municipal do solo ou convocará no mesmo prazo nova poxa con minoración do tipo nun 25 %.
3. Se a segunda poxa quedara deserta a Xerencia, no prazo doutros seis meses, poderá adquirir o inmovible con destino ao patrimonio público do solo polo prezo de licitación desta poxa.
4. O prezo obtido entregarase ao propietario; en ningún caso lle corresponderá unha cantidade superior á valoración do inmovible deducidos os gastos ocasionados e, se é o caso, as sancións aplicables; corresponderá o diferencial á Xerencia Municipal de Urbanismo que o aplicará o patrimonio municipal do solo.
5. Transcorridos os prazos establecidos nos apartados anteriores sen que a Xerencia realízase os correspondentes trámites, a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares quedará sen efecto, circunstancia que comunicarase o Rexistro da Propiedade.

#### Artigo 12. Título transmisivo.

A certificación de adxudicación expedida pola Secretaría da Xerencia será título transmisivo inscribible no Rexistro da Propiedade. Na resolución de adxudicación constarán as condicións e prazos do cumprimento do deber o que queda obrigado o adquirente que serán resolutorias da adquisición en caso de incumprimento.

#### Artigo 13. Obrigas do adquirente.

O adquirente de soares e construcións no procedemento de venda forzosa queda obrigado a iniciar as obras de edificación e, no seu caso, de urbanización, no prazo dun ano a partir da data de toma de posesión do inmovible; o incumprimento desta obriga determinará a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares. A toma de posesión do inmovible materialízase coa notificación do acordo de adxudicación do inmovible ditado polo órgano municipal competente.

### CAPÍTULO QUINTO. ORGANIZACION DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES.

#### Artigo 14. Organización do Rexistro Municipal de Soares.

O Libro de Rexistro é o soporte físico no que constan inscritos todos os inmobles incluídos no Rexistro Municipal de Soares; reflexará dúas Seccións, Sección Primeira e Sección Segunda, refiridas, respectivamente, a soares e edificios; constará dun Anexo de planos de situación e deslinde relacionando estes cos asentos.

#### Artigo 15. Contido do Libro de Rexistro.

No Libro Rexistro consignarase para cada soar ou edificación os seguintes datos e circunstancias:

##### a) Relativos á finca:

- Situación: nome e número da vía onde se sitúa.
- Datos catastrais: referencia e superficie da finca.
- Valor da finca: valor os efectos da súa venda forzosa-
- Datos rexistrais: Número de Rexistro, Libro, Tomo, Folio, Finca, Inscripción.
- Identificación do titular e o seu domicilio a efectos de notificación.

b) Situación urbanística da parcela, facendo constar a clasificación, cualificación, uso global e específico, número máximo de andares e prazo de edificación. Acompañarase plano de situación e de deslinde.

c) Datos administrativos: número de expediente administrativo no que se ditou orde de execución; número de expediente de inclusión no Rexistro e data da Resolución ditada; no seu caso, cumprimento das obrigas urbanísticas expresadas mediante a cancelación do correspondente asento; as demais resolucións que lles afecten.

d) Observacións: de ser o caso, identificación de ocupantes; resto de circunstancias que puidesen afectar ao solar ou ao edificación.

#### Artigo 16. Órganos competentes.

1. Correspóndelle á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo as competencias relativas á xestión do Rexistro, en particular, as seguintes:

- a) Incoar os procedementos de inclusión de inmobles no Rexistro.
- b) Ditar a resolución de inclusión e cancelación de inmobles no Rexistro.

2. Correspóndelle á Secretaría da Xerencia as seguintes funcións:

- a) Levar e custodiar o Libro de Rexistro.
- b) Autorizar as dilixencias de apertura e peche de cada Libro e Sección.
- c) Expedir certificacións do seu contido.
- d) Expedir certificacións das resolucións de inclusión e cancelación.

Disposición adicional primeira. Soares e edificacións existentes á entrada en vigor desta Ordenanza. Actuacións prioritarias.

O expediente de orde de execución sinalado no artigo 7.1 poderase iniciar respecto de soares ou edificacións existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza cando se



acredite, previo informe ao efecto, que o incumprimento do deber legal de emprender a edificación tense producido fai mais de tres anos segundo o cómputo sinalado no artigo 5. Os efectos sinalados considéranse actuacións prioritarias as que podan levarse a cabo no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello aprobado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de 12 de abril de 2007.

Disposición adicional segunda. Programas de edificación forzosa. Expropiación de soares.

O Concello de Vigo poderá aprobar programas de edificación forzosa nos que se delimiten áreas prioritarias a efectos de edificación. Cando se incumpra o deber de edificar nalgún soar incluído nestas áreas, o Concello poderá expropialo a fin de asumir a edificación.

Disposición adicional terceira. Rehabilitación de edificios.

O deber de rehabilitar e conservar as edificacións corresponde os seus propietarios e alcanza ata o importe correspondente a metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta equivalente ao orixinal en relación coas características constructivas e superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable.

O contido da presente Ordenanza é extensible os supostos do de incumprimento deste deber sen prexuízo de instrumentar o réxime de substitución forzosa previsto no Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Disposición adicional cuarta. Normativa aplicable.

Para o non previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto no Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia. Será de aplicación a normativa reguladora da contratación no sector público e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares e edificacións a rehabilitar, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.10.2008 e publicada no BOP nº 239 do 10.12.2008.

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo de quince días dende a recepción da súa copia polas Administracións estatal e

autonómica.”

## **PROPOSICIÓN:**

### **5(21).- CREACIÓN DA DISTINCIÓN HONORÍFICA “CIDADE DE VIGO”. EXpte. 15892/101 (REXISTRO PLENO 1711/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 22 de febreiro de 2018, a Dirección e Apoio á Alcaldía co conforme do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á técnico que subscribe, en virtude de encomenda de funcións de data 8 de xuño de 2017, a realización dos tramites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa creación dunha nova distinción honorífica, en virtude do previsto no artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Constitución Española de 1978

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia  
Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro  
Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016, Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

#### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de

recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- Ao abeiro do disposto no dito artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións, a Comisión de Goberno de data 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do premio de “Vigueses Distinguidos”, título que ten coma obxectivo “galardoar á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas súas virtudes humanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e, incluso, nalgúns casos, persoas que polo seu labor calado, polo seu auto-rexeitamento de protagonismo, non son coñecidas pola maioría”.

CUARTO.- Dende a aprobación deste galardón específico no marco do Regulamento de Honras e Distincións no ano 1988, o Pleno da Corporación Municipal ven aprobando anualmente a concesión da Medalla da Cidade, prevista no artigo número 7 desta disposición e das distincións de “Vigueses Distinguidos”.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I. MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbese a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruirá ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rúeiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

#### MOTIVACIÓN DA CREACIÓN DUNHA NOVA DISTINCIÓN HONORÍFICA

Na instrución do servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente das necesidades apreciadas por parte da Alcaldía para a creación dunha nova distinción honorífica do Concello de Vigo, no xeito que de seguido se indica:

*“Dentro das atribucións que os Concellos ostentan en virtude da normativa antes citada e no contexto da habilitación prevista no Regulamento específico de Honras e Distincións do Concello de Vigo, no seu artigo 5.3., e transcorridos trinta anos dende a creación do título de Vigueses Distinguidos, considérase oportuna agora a institucionalización dun novo galardón que recoñeza a aqueles cidadáns e cidadás, institucións e entidades que teñan sobresaído dun modo excepcional e especialísimo nos seus ámbitos respectivos e teñan contribuído dun xeito determinante ao prestixio da cidade de Vigo e dos valores cidadáns que a definen e lle son propios. Esta distinción terá o carácter de Alta Distinción e a súa concesión será moi puntual e constituirá o máximo honor que o Concello de Vigo poida outorgar.*

*Este galardón terá unha dobre funcionalidade: por un lado, o recoñecemento de valores cidadáns extraordinarios e tarefas exemplares a prol da cidade de Vigo, tanto de persoas coma de institucións, permitindo que perduren na memoria colectiva e, por outro, pretende ser un estímulo para a realización de accións que comporten un beneficio para a cidade e reforcen, aínda máis, o sentimento de orgullo e pertenza a Vigo.*

*Reservarase a concesión desta distinción honorífica “Cidade de Vigo” a casos excepcionais, de méritos extraordinarios que concorran en persoas ou entidades, nacionais ou estranxeiras, que polos seus destacados méritos e servizo extraordinario prestado á cidade de Vigo sexan dignos de tal galardón.*

*Trátase dunha distinción para recoñecer e poñer en valor a persoas ou entidades con profundo arraigo na cidade, cunha longa traxectoria de traballo, dedicación e esforzo a prol da cidade de Vigo e que teñan contribuído a converter á cidade nun referente e exemplo.*

*A concesión deste galardón requirirá dunha motivación exhaustiva, na que se contemplan todas as circunstancias extraordinarias e excepcionais que fan ao galardonado merecedor deste recoñecemento. A concesión da mesma non terá unha periodicidade estipulada de antemán, xa que só se concederá en casos puntuais nos que se motive a súa excepcionalidade”.*

*Con respecto ao procedemento e competencias para a súa concesión, así como as formalidades para a súa entrega ao interesado, estarase ao previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.*

*Transcorridos trinta anos dende a creación da distinción da Medalla da Cidade e dados os cambios políticos, sociais, culturais, económicos, etc. que ten vivido Vigo neste período, é motivo suficiente para completar o catálogo de distincións municipais cun galardón que dea un paso máis aló para enaltecer a personaxes ou entidades que pola súa significada entrega e defensa dos intereses de Vigo merezan a gratitude e o recoñecemento explícito da cidade.*

## INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que a distinción á que se refire a presente proposta é exclusivamente honorífica e non comporta dereito económico nin administrativo algún para o galardonado, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

## IV. COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, segundo Decretos de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordos XGL de 19/06/2015 e 30/12/2016.

## VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia, contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte...

Deseguido a funcionaria asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

## DEBATE:

PRESIDENCIA: Antes, ten que ser votada a súa inclusión na orde do día por non ter pasado por comisión informativas.

Sometemos por tanto a votación a inclusión na orde do día.

Repito a cuestión, o punto 5 non pasou comisión informativa o cal significa que ten que ser votada a súa inclusión na orde do día, polo tanto, procedemos a someter a votación a súa inclusión non orde do día.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Hai que motivar a urxencia? Nos gustaría explicar cal é a urxencia.

PRESIDENCIA: Non é urxente, está perfectamente explicado, non é urxencia, temos que someter a votación a súa inclusión no orde do día porque non pasou por comisións informativas.

VOTACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DIA: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, acórdase a súa inclusión na orde do día.

PRESIDENCIA: Sometemos a debate a proposta.

SR. LÓPEZ FONT: Non se trata de urxencia senón que se trata da súa inclusión no orde do día, dun tema que se considera certamente importante e un tema de cidade, a proposta é a creación da distinción honorífica denominada como Cidade de Vigo considerada como unha alta distinción e así exponse na proposta que se fai neste Pleno.

Por ir aos antecedentes, lembrar que o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, data de setembro de 1981, é dicir, de hai 36 anos e medio, posteriormente este Regulamento xa prevía o que houbera calquera outra distinción que se acorde por parte da Corporación. En marzo do 1988, é dicir, hai 30 anos a Comisión de Goberno aprobou a institucionalización do premio Vigueses Distinguidos, co o obxectivo de galardonar á persoa ou persoas que se distinguiron e sobresaíron nas súas vidas, no seu desenvolvemento profesional por ter calado no que é o protagonismo desta cidade. Entendemos que dentro das atribucións

que os concellos ostentan pasaron xa 30 anos dende a creación deste título de Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade e cremos que é o momento no que se considera oportuno a institucionalización dun novo galardón, que recoñeza a aqueles cidadás/áns ou institucións ou entidades que sobresaíran dun modo especial e especialísimo nos seus ámbitos respectivos e teñan contribuído dunha forma determinante ao prestixio desta cidade e dos valores cidadáns que a definen e que lle son propios, esta distinción como dicía terá un carácter de alta distinción, non será unha concesión puntual como a de Vigueses Distinguidos ou a da Medalla da Cidade e a constituirá e esta é a proposta o máximo honor que a cidade de Vigo poida outorgar. Con este galardón entendemos que ten e así se propón unha dobre funcionalidade e por un lado é un recoñecemento de valores extraordinarios, tanto como dicía en cidadáns ou entidades, pero tamén pretender ser un estímulo para a realización de accións que comporten ese beneficio para a cidade.

Polo tanto, reservarase a concesión desta distinción honorífica denominada Cidade de Vigo a casos absolutamente excepcionais e a concesión deste galardón como non podía ser doutra maneira e se di na Memoria explicativa, requirirá dunha motivación exhaustiva, insisto que non terá un carácter periódico estipulado de antemán, por ir ao detalles concretos marcarse o que se recibirá unha placa conmemorativa e un pergamiño alusivo aos méritos recoñecidos que pasarán a formar parte do acervo colectivo da cidade de Vigo.

Con respecto ao procedemento e competencias para a súa concesión se estará ao previsto nese Regulamento de honores e distincións do Concello de Vigo, que como dicía é de 1981, e certamente cremos que con esta alta distinción que propoñemos para a súa aprobación este Pleno nos dotamos dunha distinción que se converterá en referente na nosa cidade, que será un recoñecemento moi importante para aquelas persoas ou entidades que haxan desenvolvido ao longo da súa vida e ao longo do seu desenvolvemento como institucións, pois grandes méritos nesta cidade e para o seu recoñecemento entendemos que debería ser aprobado polo conxunto deste Pleno e así o propoñemos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós non entendemos en primeiro lugar, a urxencia entre outras cousas porque nos gustaría traballar isto con tódalas limitacións que teñen as comisións, gustaríanos saber por que da urxencia e por que tamén desta nova



figura. A ver, vivimos nunha cidade que efectivamente ten un Regulamento do ano 1988, pero que tamén ten acordos de Pleno e ten determinados consensos que se teñen utilizado de maneira arbitraria, creo que este Concello ten un acordo por exemplo para a cuestión dos rueiros nos que di que prioritariamente os topónimos é un acordo de Pleno, vostedes saltárono sistematicamente priorizando pois outorgar rúas a persoeiros cando realmente existía un topónimo e tiña que haber un informe preceptivo tanto de normalización lingüística e de cultura, polo tanto, o que teríamos que ter feito ao mellor era propoñer a modificación completa do Regulamento e artellar tamén saber que queremos facer, con estas cousas hai que ter moito coidado como o criterio é tan absolutamente arbitrario e tan absolutamente subxectivo non teñamos que logo retirar medallas como pasou con algún presidente que liquidou de maneira irregular e case criminal a antiga Caixa de Aforros de Vigo e que tivo que retirarlle este Pleno a medalla, é dicir, non establezamos criterios completamente subxectivos e sobre todo que se clarifique se isto vai a ser unha atribución do Pleno ou vai a ser unha atribución exclusivamente do Alcalde, de maneira que un ano se me ocorre, dentro de tres non e dentro de seis si, e dependendo do contexto político electoral, nós non estamos de acordo con crear máis medallas honoríficas, nós o que queremos é que se clarifique o que hai porque xa imos ter seguramente discrepancias nos vigueses distinguidos sobre todos polo formato, entendemos que é este Pleno o que ten que facer propostas e sabemos polo prensa que se están subastando peso as nominacións para vigueses distinguidos deste ano, creo que este Pleno debería establecer un criterio moito máis amplo do que ten que ser a cidade, do que representa a cidade, e se quere buscar algunha cuestión deste tipo análogo noutros concellos, a min o lóxico sería pois como teñen algúns concellos, algún deles cercanos e outros, que o que fan é unha especie de título que se da a unha persoa en vida, que se mantén durante toda a vida da persoa, e mentres esa persoa está viva ese título honorífico o mantén pois poño o caso da cidade de Astorga que ten un regulamento, ou benemérito, o nome non me gusta pero o benemérito que é a persoa que ostenta ese cargo durante toda a súa vida, durante o tempo que esa persoa viva non se outorga o cargo, se se lle quere dar por enriba algo da Medalla da Cidade que creo que xa é unha cousa suficientemente importante como para que non cremos un que como digo, non sabemos aínda e

aquí non nos queda claro, se imos poder facelo en Pleno ou vai ser unha cuestión exclusivamente do Alcalde, sobre todo coas modificacións do propio Regulamento deste Pleno que nos preocupan para isto. Nós non estamos de acordo con este tipo de cousas, porque xa creo que a clase política de tódalas cores xa convertemos isto nun paripé, nunha especie de premio aos cercanos politicamente e castiga aos que non son, non hai un criterio obxectivo por parte dos grupos municipais moitas veces, e digo de todos, para establecer este tipo de medallas, hai moi pouca xente que xere consensos tan grandes como para que esta medalla, que como digo está por enriba da cuestión da Medalla da Cidade, esta distinción honorífica poida xerar consensos, e creo que é momento tamén de buscar outra maneira, cales son as persoas que fan máis pola cidade, creo que é o momento de buscar outro tipo de distinción máis alá do diploma como pon aquí, dásele un diploma como o que ía ao concurso de pintura do Corte Inglés dos anos 80, un diploma tampouco é honorífico, o mellor é darllo a unha entidade social e esa entidade social un compromiso de que vai ter recursos suficientes para levar adiante a súas cousas. Non esquezamos que estamos nunha cidade onde alguén dixo que ía poñerlle unha estatua a Mostovoi e case a temos o que sería hoxe en día un monumento a vergoña colectiva da cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que o que en principio e a lóxica di que debería de ser unha nova distinción desta cidade que se decida por parte de tódolos grupos municipais e que se decida con consenso, con transparencia, porque é algo que supostamente está chamado a recoñecer a entidades extraordinarias e a vigueses tamén extraordinarios e que fan cuestións extraordinarias, nos parece que empeza moi mal, comeza primeiro dende o escurantismo de nin sequera levalo ás comisións informativas e de presa e correndo metelo na orde do día do Pleno, comeza moi mal porque tampouco se nos explicou cal vai ser exactamente o procedemento de concesión, nós entendemos que será unha atribución do Pleno porque dino así os regulamentos, non unha atribución unilateral do Alcalde de Vigo.

Nace mal tamén, porque aquí o que se está intentando e para nós é un desprezo ao que historicamente para esta cidade foi o maior galardón que se daba que é a Medalla de ouro da Cidade e os Vigueses Distinguidos, pero parece que este

gobierno municipal quere esquecer todo o anterior ao seu goberno e quere crear cousas novas para que intentemos esquecer que existiu algo antes do Sr. Caballero, isto fano cando retiran estatuas emblemáticas na nosa cidade para poñer outras cousas que son o selo de calidade deste goberno, estano a facer día a día e agora un paso máis creando esta medalla, esta distinción Cidade de Vigo que non sabemos moi ben en que consiste.

Eu creo que o lóxico e razoable sería que se retirara este punto do orde do día e que o debatéramos tranquilamente os grupos para que realmente sexa unha medalla da cidade de Vigo e non unha medalla do Sr. Caballero, e iso é o que sería se vostedes teñen algunha intención de facer disto un premio que afecta ao 100% dos vigueses, pero se o que teñen é a intención de facer un premio a medida, dalo as veces que lles pareza oportuno, como lles pareza oportuno, a quen lles pareza oportuno e quen vostedes mesmos xulguen que cumpriron eses méritos, parécenos sinceramente unha estafa, a creación dun premio desta maneira, polo tanto, lles pido e lles pedimos dende este grupo municipal que retiren este punto, que o negociemos e que sexa algo que se faga por consenso, que se estipule que se aprobe por unanimidade deste Pleno para que todos esteamos de acordo porque a cidade de Vigo a representamos tódolos grupos municipais, non a representa ese goberno municipal, os concelleiros do Partido Socialista e o Alcalde de Vigo, a cidade de Vigo somos todos e Sr. Alcalde, vostede non é propietario de Vigo, Vigo non é propiedade do Sr. Caballero, Vigo é dos vigueses e vostede ofende aos vigueses cada vez que intenta tapar, vetar, discriminar a parte da cidade que non lle votou, iso non é a democracia, iso é de primeiro de democracia como diría vostede, e a democracia precisamente nesta cidade é algo que cada día estase a perder máis desgraciadamente para tódolos vigueses/as, se realmente hai un espírito democrático aquí, se realmente se busca un premio que sexa un buque insignia de Vigo, recoñecemento de algo extraordinario que se fixo por Vigo, entón retirarán isto da orde do día e acordaremos as condicións e que se dea por unanimidade, senón propoño que lle cambien o título que non sexa a medalla ou a distinción Cidade de Vigo e se chame Abel Caballero. Que será o seguinte, Sr. Alcalde, un busto grande no seu honor á entrada da cidade? Imos acuñar moeda propia coa súa cara en tódalas moedas? Iso é o que imos facer? Pois segan vostedes por ese camiño pero dende logo a democracia está a morrer na cidade de

Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Eu non deixo de sorprenderme e creo que ao longo do tempo se terán que ir arrependendo das palabras que dixeron neste debate.

Mire Sra. Muñoz, o primeiro ese goberno coa forma que vostede fala, é o goberno que decidiron o 52% dos cidadáns desta cidade, e polo tanto un goberno lexítimo e de ampla maioría, eu a verdade é que me sorprenden as dúas intervencións porque primeiro, non se leron a proposta que fixemos nin en canto ao que se pretende nin en canto á forma na que isto se vai desenvolver, misturado con outras cuestións como o tema das rúas, lembro ó voceiro de Marea que aquí se lembrou neste Pleno dar prioridade a nome de mulleres e este goberno o cumpriu escrupulosamente dende o momento en que se decidiu, polo tanto mire, isto non é un tema arbitrario, isto non é un premio de ninguén para beneficiar a ninguén, isto é unha alta distinción da cidade que despois de trinta anos de ter un regulamento e despois de recoñecer que Vigueses Distinguidos e a Medalla da Cidade foi un elemento identificador importante, é hora de que unha cidade como Vigo teña unha alta distinción, con tódolos respectos a Astorga señor voceiro de Marea de Vigo, estamos na cidade de Vigo, creo que debemos ser bastante máis ambiciosos dende logo no cualitativo e logo pola súa intervención considero que é un insulto aos que foron distinguidos como Vigueses Distinguidos, aos que obtiveron a Medalla desta Cidade, eu reivindico o papel de cada un dos que decidimos e lembro que dende hai dez anos foi un grado de consenso certamente importante.

Mire Sra. Muñoz, isto comeza moi ben porque é unha alta distinción que se pretende outorgar dende a cidade, sabe cal é o problema? Que a vostede todo lle vale para facer política, eu comprendo o seu nerviosismo pola situación na que se atopa dentro do seu partido e dentro do que son as expectativas electorais, pero isto é moi mala política, é unha política partidista e é unha distinción que pretendemos que sexa un galardón porque mire, non faga chistes nin con moedas nin con retirar monumentos e demais, do que fixo o Partido Popular non hai que retirar absolutamente nada porque como non fixo nada non hai que retirar nada Sr. Fidalgo, e isto non é unha estafa, é unha alta distinción que cando de acordo co procedemento haxa que decidir a quen se lle da, vostede terase que arrepentir de telo denominado como estafa.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. “Aprobar a creación dunha nova distinción honorífica do Concello de Vigo, que recibirá o nome de *Distinción Honorífica “Cidade de Vigo”*, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, segundo o contido na parte expositiva desta proposta de resolución”.

SEGUNDO. “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **MOCIÓNS:**

**6(22).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AMOSANDO O APOIO Á CONVOCATORIA DE FOLGA E ÁS XUSTAS REIVINDICACIÓNS LABORAIS DOS TRABALLADORES/AS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A NEGOCIAR UNHA SOLUCIÓN. REXISTRO PLENO 1712/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de febreiro de 2018, número 1712/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

“O 16 de novembro de 2017 os traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza facían concentracións ante as sedes xudiciais das sete principais cidades de Galicia para reclamar algo tan básico ao Goberno Galego como o feito de acabar coa discriminación que sofren os funcionarios/as deste sector no noso país con respecto aos doutras comunidades autónomas.

A negativa dos máximos dirixentes da Xunta de Galicia e do Partido Popular a escoitar a xusta reivindicación destes traballadores/as e a sentarse a negociar en serio unha solución, derivou na convocatoria os días 1 e 13 de decembro dunha folga do sector.

Debido a estas mobilizacións e á presión política exercida no Parlamento de Galicia polo PSdeG-PSOE e o resto de grupos da oposición, o Grupo Popular, co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, á cabeza, votaba a favor das reivindicacións deste colectivo, lográndose así, polo menos sobre o papel, un apoio unánime da cámara galega aos traballadores/as de Xustiza.

Posteriormente, a partires do 19 de decembro, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais celebrábanse 3 xuntanzas para acadar un acordo nos 5 puntos esixidos ata que, de novo, o señor Rueda amosou a súa dobrez, non respectando a decisión unánime do pleno do Parlamento que el mesmo votara e demolendo os tímidos avances acadados pola mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.

Todo isto aboca a unha nova xornada de folga o día 25 de xaneiro, transformada logo do 7 de febreiro na actual folga indefinida que está a vivir a Administración de Xustiza, e que está a ocasionar xa, pola cerrazón e inmovilismo do Goberno de Feijóo e, particularmente do seu Vicepresidente, Alfonso Rueda, serios inconvenientes ao conxunto da cidadanía galega.

Serios polos retrasos que se están a vivir, pero serios tamén porque o efectivo goce de Dereitos e Liberdades e o crecemento económico que diso se deriva fan imprescindible contar cun bo sistema de Xustiza.

Pese a isto, nos últimos anos a Xunta de Galicia non soubo facer fronte á crise económica e tentou capear o temporal, como en tantos outros campos, realizando unha xestión ineficiente e optando polo camiño máis fácil, pero máis destrutivo para os dereitos da cidadanía: recortes de persoal, redución de salarios aos funcionarios/as, que entre 2013 e 2016 perderon de media o equivalente a 3 pagas extraordinarias.

En definitiva, atopámonos nun momento de grave risco para o funcionamento eficaz do servizo público de Xustiza no noso país, as políticas da Xunta, baixo a escusa da austeridade, están a derivar as súas prestacións en favor de intereses privados, temos un servizo ineficaz e ineficiente da Oficina Xudicial e, como consecuencia, órganos xudiciais saturados e un funcionariado mal distribuído e explotado ao ter que asumir unha carga de traballo extra debido á escaseza de persoal e recibir por iso, aínda por riba, un salario inferior ao que reciben os seus homólogos no resto de comunidades autónomas.

Ante todo elo, é de xustiza que a cidadanía amose todo o seu apoio ás traballadoras e traballadores deste sector, que non poden consentir que os seus dereitos sigan minguándose e con eles, tamén os dereitos de todos e todas nós. Por iso, debemos solidarizarnos cunhas reivindicacións que cremos máis que xustas, como son, a equiparación en baixas médicas con Xuíces, Letrados Xudiciais e Fiscais, a devolución de partidas salariais que lles foron recortadas entre 2013 e 2016, os descontos por incapacidade laboral ou substitucións e creación das prazas ocupadas por funcionarios de reforzo, equiparación salarial entre persoal fixo e substitutos, así como o complemento autonómico transitorio, coa fin de diminuír a discriminación salarial que sofren as nosas funcionarias e funcionarios respecto dos do sector noutros territorios do Estado.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

## ACORDO

1. Amosar o seu apoio á convocatoria de folga e ás xustas reivindicacións laborais

dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza de Galicia.

2. Instar á Xunta de Galicia e, nomeadamente, ao seu Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, a escoitar a eses traballadores/as e a negociar unha solución que poña fin á súa discriminación e permita devolver á normalidade o funcionamento das sedes xudiciais do noso país.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A política de austeridade dos gobernos do Partido Popular certamente foi un fracaso, o deterioro económico dos traballadores públicos é evidente en tódolos ámbitos pero tamén a redución do cadro de persoal e o conseguinte deterioro deses servizos públicos, isto foi xeral en tódolos colectivos e aí temos as negociacións de función pública a nivel estatal que é un recoñecemento de que a política anterior foi errónea, pero neste comportamento de marca do Partido Popular, da dereita, é aínda máis patente en Galicia, en relación con esta folga do persoal de xustiza algúns lles sorprende a firmeza dos folguistas, non hai que esquecer que son sete sindicatos os convocantes e se trata dende o goberno e dende o Partido Popular, dende o goberno da Xunta de Galicia, de tratar de aparentar que isto é algo novo, como se houbera xurdido de agora, e isto é unha das grandes mentiras do Partido Popular e en especial do Vicepresidente da Xunta de Galicia, esta folga categoricamente é produto da política de recortes, pero tamén e aínda máis importante é produto da desatención da xustiza en Galicia por parte do goberno da Xunta de Galicia, do Partido Popular dende hai xa moitos anos, esta grave desatención no aspecto salarial e no aspecto de amortización de prazas, conduciu a esta situación e é evidente a xulgar pola forma de actuar que ten o Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Presidente tamén da Xunta de Galicia e o conxunto do goberno que lles importa moi pouco e así están a tratar aos traballadores públicos de xustiza, estanos a tratar dunha forma de menosprezo, estanos a tratar cunha táctica que o que pretende é exclusivamente enfrontar á cidadanía con eles, e é evidente que se se houberan adoptado medidas progresivas anteriormente, non estaríamos aquí. Os funcionarios, tamén os de xustiza se merecen un respecto a súa calidade de



traballo, a política de comunicación do Vicepresidente da Xunta de Galicia neste conflito é a de sempre, a culpa téñena os traballadores e tratando de parecer que solo buscan cartos e que enriba a Xunta de Galicia xa parece que lles ofrece moito, é dicir, facendo demagogia en comparación co resto de traballadores e co resto de persoas que neste momento non teñen traballo.

A folga ten 5 motivos, e isto é importante, salarial, si evidentemente porque hai unha redución do 20% e hai un posto moi baixo na comparativa co resto de comunidades autónomas, pero tamén solicitan que non teñan desconto nas baixas por incapacidade temporal, tamén están en contra da amortización de 106 prazas e con isto están a defender a tódolos cidadáns, están a defender que esas prazas non se amorticen e polo tanto con eses efectivos haxa unha maior calidade na prestación do servizo de Xustiza. E tamén están falando de consolidación de emprego e de abono de traballos de superior categoría, non se pode ir ao revolucionismo de parece que queren non sei cantos euros, de que ofrecemos tantos e de que son uns desaprensivos por facer estas reivindicacións. A responsabilidade neste momento recae sobre o Vicepresidente da Xunta de Galicia, tamén no Presidente por ser o máximo responsable, por non implicarse, por non dar importancia a este folga, son moitos días, hoxe é o 18º día de folga pero se perderon dúas fin de semana e o que hoxe nos preguntamos todos antes a grave situación na que atopamos é se o goberno da Xunta de Galicia non pensa sentarse a negociar porque dende logo o que é evidente é que hai que sentarse e non levantarse ata que haxa un acordo porque ademais estamos falando dun mandato parlamentario que parece ser que algúns se esquecen a pesares de telo votado, e polo tanto, a día 18 de folga efectivo, pero vinte e tantos días despois o que é evidente é que o goberno da Xunta de Galicia se demostra como claramente incapaz de resolver esta situación e vaia dende aquí a esixencia en defensa de tódolos cidadáns que se senten e non se levanten ata que non haxa acordo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: As discriminacións que están a sufrir as traballadoras/es do sector da xustiza e de tantos outros da man do Partido Popular son inadmisibles, inadmisibile é que a un traballador/a se lledesconte en nómina o 50% do soldo polo feito de poñerse enferma, isto é inadmisibile en calquera colectivo, máis neste caso concreto o desconto por incapacidade temporal só se da nas categorías inferiores,

xa que ese desconto non se produce no caso de xuízas, maxistrados/as, fiscais, secretarios e máis o desconto por incapacidade de temporal non se da noutros territorios como Euskadi, Navarra, Aragón ou Canarias, é dicir, poñer enferma ten repercusión económica dependendo da categoría e da zona do Estado na que se traballe, o Partido Popular traballando duro na cohesión de España.

O complemento autonómico é o máis baixo de tódalas comunidades, que teñen transferidas as competencias, teñamos en conta ademais que dende o ano 2013 ata o 2016, Galicia foi a única comunidade autónoma de toda España onde os traballadores/as da administración de xustiza se lle retirou este complemento, o que supuxo perdas para cada traballador de entre 10.000 e 3.500 euros, se a este roubo lle engadimos a perda sufrida por ter complemento máis baixo de tódalas comunidades, a perda sufrida neste período polas traballadoras galegas respecto da media estatal, oscila entre 16.000 e 7.000 euros. Unha clara discriminación respecto a outras zonas do Estado, é difícil, imposible que alguén poida crer que polo mesmo traballo a administración pública pague salarios diferentes en Galicia que en Navarra poñamos por caso. A Xunta de Galicia mantén unha porcentaxe de empregadas en precario moi por enriba do marca a normativa europea, concretamente na consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración, está bastante claro que cando o Partido Popular fala do imperio da lei refírese a aplicación para as demais, porque o propio Partido Popular é o primeiro en saltarse as normas cando lle convén.

Outra das reivindicacións dos traballadores/as é a paralización da amortización de prazas imposta pola Xunta de Galicia e xulgado do Contencioso, Xulgado de Paz, Xulgado de Familia e Audiencias Provinciais, un total de 106 prazas. Vale a pena deterse un momento neste punto, por se fora pouca a discriminación salarial, a discriminación no caso de incapacidade temporal ou a porcentaxe de traballadoras en precario, a Xunta de Galicia reduce persoal de Xustiza condenando a toda a cidadanía a un servizo lento e precario, ao mesmo tempo o partido do goberno en Galicia e no Estado, inicia ofensivas populistas para endurecer o código penal, cunha man recorta en xustiza facendo imposible un normal funcionamento da tutela a que toda a persoa ten dereito e con outro inician unha campaña de titulares que pretende facer crer que traballa para a seguridade da cidadanía. Poderíamos falar do Sr. Rueda pero imos da falar da vergoñenta criminalización da

folga que fixo o Sr. Feijóo, tentando ridicularizar ás reivindicacións económicas das traballadoras dicindo que hai moita xente no paro, e dende logo que hai moita xente no paro, moita grazas as reformas do Partido Popular feitas exclusivamente para lucro das de sempre, máis se a algo nos temos acostumar as que somos de clase obreira é que a dereita sempre vai tentar dividirnos, que sempre vai criticar a folga, porque a folga funciona, fai dano ao capital e a quen vive de repartir miseria económica e moral á espera dunha porta xiratoria. A única resposta, unidade e loita, dende aquí enviar moitos azos ao colectivos de traballadores da xustiza e apoiar sen fisuras a folga indefinida, porque só a través do instrumento que é folga acábase torcendo o brazo das que rescatan bancos e autoestradas e abandonan as traballadoras/es.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, saíulle a vena sindicalista, esa que tiña esquecida. Permítame que lle diga Sr. Font que non están vostedes para dar leccións, voulles a dar un pouco de información de como están os feitos porque na última mesa de diálogo os sindicatos levantáronse e romperon por terceira vez as negociacións, hai unha oferta, a Xunta de Galicia esta disposta a negociar pero os sindicatos levantáronse e están torpedeando a posible resolución do conflito, os sindicatos, que non os traballadores, hai moitos que non se senten representados por eles, unhas veces dicían que é porque non lles valía a oferta, outras porque non lles valía os negociadores, o que pasa Sr. Font é que non teñen vontade para negociar, a Xunta de Galicia nunca se levantou da mesa das negociacións e xa acudiu a dez reunións e o problema é puramente económico, os sindicatos, que non os traballadores, manteñen unha pretensión que son inasumibles, con subidas dun 13,3%, están pedindo cobrar 225 euros máis ao mes por cada traballador, nós cremos que é xusto que se lles suba o soldo aos funcionarios de xustiza e por iso vemos ben dende o Partido Popular que a Xunta de Galicia fixera un esforzo e lles ofrecera unha subida media de máis de 1.000 euros ao ano que sitúa a estes funcionarios moi por enriba do promedio estatal, e saben o que dixeron os sindicatos, pois que esta subida é ridícula, pois a nós parécenos que como mínimo este é un menos prezo por parte destes, a veces chamados representantes dos traballadores. Isto ademais a maiores dunha subida do 7-8% que xa anunciou o goberno central para tódolos funcionarios públicos nos próximos tres anos. Sabe o

que lle digo? Que dende o Partido Popular cremos que a maioría dos galegos non ve ridículo un aumento de máis de 1.000 euros no seu salario porque eses cartos saen dos petos dos galegos e sobre o resto de negociacións, mire a Xunta de Galicia negociou, cedeu en tódolos ámbitos, nos outros catro, pero isto se trata de cartos, cedeu en consolidación de prazas, en reposición de prazas amortizadas en ámbitos de especial afectación, cedeu en substitucións e en incapacidades temporais, pero isto Sr. Font, é só un problema de querer cobrar máis e todos queremos cobrar máis e pagar menos impostos pero eu lle preguntaría ao Sr. Alcalde, que lle vexo moi interesado nesta moción, si a el lle pediran os funcionarios ou os empregados das concesionarias do Concello un aumento de case un 14% lles diría que si? Entón ánimoelles aos funcionarios, que hai aquí algúns, algúns policía, e algún funcionarios que a partires deste momento lle vaian a tocar a porta do Alcalde porque vai ter con ese superávit que negociou co Sr. Montoro, un 14% máis de subida de salario para os funcionarios de Vigo e para as concesionarias. Mire, o que pasa é que aquí se perde de vista quen son os principais prexudicados, e os principais prexudicados son os cidadáns que ven como se lles traslada un xuízo, como por exemplo por unha incapacidade, como hai persoas que non poden executar o cobro do aluguer se un inquilino non lles pagou e necesitan eses cartos para unha hipoteca, etc.

Pero de todos modos resulta curiosa agora a súa preocupación polas retribucións dos funcionarios de xustiza cando nos orzamentos da Xunta de Galicia o Partido Socialista non presentou ningunha emenda sobre este tema, quen o presentou foi a Marea e 49 euros por traballador e sabe canto lle está a ofrecer agora a Xunta de Galicia? Pois 20 veces o que lle pedía a Marea a estes funcionarios, 20 veces, por iso é moi fácil falar e por iso dende o Partido Popular apelamos á responsabilidade dos sindicatos e dos traballadores, esta situación afecta a moitos cidadáns que é a quen lle prestamos ese servizo público e fundamental.

SR. LÓPEZ FONT: Esperábame de vostede unha intervención absolutamente sectaria e de menosprezo aos traballadores pero vostede non ten límite, cada vez é peor e cada vez é máis despectivo e máis sectario. Mire a nin non me sae ningunha vena sindicalista, é a que teño dende hai moitos anos pero comparto unha vena sindicalista con unha vena socialista dende hai moitos anos, e sabe

quen foi a quen tiven que combater durante toda a miña vida, a vostedes, ao Partido Popular, e mire, estou orgulloso da miña traxectoria sindical, non así vostedes que o único que trataron é que desapareceran os sindicatos, eu estou convencido de que vostedes o modelo de sindicato único e da falange a vostede seguro lles houbera encantado pero mire non necesito que me saia ningunha vena para facer unha defensa dos traballadores de xustiza e o que me doe é o menosprezo ao que vostedes lles someten porque é a tónica habitual e volve aquí, ademais utiliza o termo nós, vostede que está defendo aquí ao goberno galego ou está defendendo o que nos sucede en Vigo e o que lle sucede aos traballadores de xustiza.

É inadmisíbel a situación na que están os traballadores de xustiza, pero como dicía a miña intervención non é un tema que xurdira de onte para hoxe, é un tema que xa tería que ter vostedes solucionado dende hai nove anos que gobernan, porque vostedes terían que ter posto aos traballadores de xustiza nunha media en relación co resto dos traballadores doutras autonomías e efectivamente que os prexudicados somos os cidadáns pero somos como consecuencia do que vostedes fan, somos os prexudicados como consecuencia de que vostedes están a pasar os fin de semana sen intentar un acordo e sen sentarse na Mesa porque é a vostedes a quen lle corresponde, e logo se trata de facer política aquí en relación co Concello de Vigo, mire ninguén ten que chamar á porta do Alcalde porque xa chamaron hai dez anos, e cando entramos nesta institución e eu fun concelleiro de persoal durante oito anos e agora é o meu compañeiro o Sr. Espiñeira, puxemos as retribucións dos funcionarios e dos empregados públicos ao nivel que se merecen e iso o fixemos aquí, polo tanto, non imos a sufrir unha situación como a que sofre o persoal de xustiza, porque durante dez anos nos preocupamos de que as retribucións dos empregados públicos do Concello de Vigo fosen dignas, se correspóndense co máximo que podía ser, e así foi, polo tanto de incendiario, bombeiro pirómano para casa.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.02.2018 (Rex. Nº 1712/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**7(23).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR O PODER ADQUISITIVO DAS PENSIONES MEDIANTE UNHA REVALORIZACIÓN XUSTA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1713/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de febreiro de 2018, número 1713/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O artigo 50 da Constitución española establece que “os poderes públicos garantizarán, mediante pensiones adecuadas e periódicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade”

Dende o ano 2012, coincidindo coa chegada do Partido Popular ao Goberno do Estado, as actuacións do Goberno van na dirección contraria a lograr este dereito constitucional.

O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recollido posteriormente

como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.

En efecto, as retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros. Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras.

Ademáis, se formalizou un préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos. En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensións no período 2012 - 2017.

O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.

Por outra banda, non se revalorizan as pensións por parte do Goberno do Estado, nin se prestan servizos sociais por parte da Xunta de Galicia, nin se prestan os servizos da Lei de Dependencia, non se fan políticas activas que favorezan o aumento do número de cotizantes e dos importes de cotización, establécese un copago sanitario e outra serie de medidas que merman a capacidade adquisitiva dos pensionistas.

A 30 de novembro de 2017 o Sistema da Seguridade Social presenta, a nivel agregado das distintas Entidades xestoras e Servizos comúns, un déficit de caixa por operacións non financeiras de 7.826,25 millóns de euros. As Entidades xestoras e Servizos comúns da Seguridade Social tiñan, a 30 de novembro de 2017, unha necesidade de endebedamento que se cifra en 1.366,80 millóns de euros.

Segundo os datos oficiais, a 29 de decembro de 2017 había 18.331.107 afiliados á Seguridade Social e os datos de xaneiro de 2018 amosan un total de 8.198.160 pensionistas e de 9.572.422 pensións pagadas.

Dacordo cos datos do INE, somos en España 46.549.045 persoas ao final do

segundo semestre de 2017 e a proxección para 2030 amosa un descenso da poboación total, un saldo vexetativo negativo e un saldo migratorio elevado.

Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema. No PSOE e no Goberno de Vigo consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe contar con medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social, aprobando un novo marco xurídico laboral que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo dos Orzamentos Xerais do Estado.

Principio del formulario

Por todo isto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte

#### ACORDO

- Instar ao Goberno de España a garantir o poder adquisitivo das pensións mediante unha revalorización xusta que supere o incremento de prezos da vida e, especialmente, polo que se refire ás pensións máis baixas.
- Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero)
- Realizar as reformas legais necesarias para garantir o aumento do número de cotizantes e das achegas precisas para o Sistema público de pensións, derogando as reformas laborais realizadas neste quinquenio polo Goberno de España que precarizan o emprego e as pensións actuais e futuras.
- Eliminar o factor de sustentabilidade establecido na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.
- Establecer medidas que incrementen os recursos dos sistema público de pensións, como poden ser o Imposto á Banca e o Imposto ás Transaccións Financeiras, e que racionalicen os gastos.”

#### DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Para tratar neste caso un tema de gran transcendencia



social e que dende o goberno de Vigo e dende o Partido Socialista nos preocupa fundamentalmente porque pese a que algúns non lle guste ese modelo de Estado occidental que temos, ese modelo de Estado social e de dereito que temos, que recoñece como un dereito básico das persoas o dereito a unha pensión pública e o dereito a unha pensión pública que se revalorice como digo dende o goberno e dende o Partido Socialista estamos preocupados pola política que está exercendo o Partido Popular tanto no goberno de España como no goberno da Xunta de Galicia e que na situación actual temos pouco máis de 18 millóns de afiliados á Seguridade Social e máis de 9,5 millóns de pensións, en Galicia existe máis de 700.000 pensionistas que contan cunha pensión das máis baixas do Estado, a media da pensión na provincia de Pontevedra é de 824 euros, polo tanto, unha das pensións máis baixas do Estado. Ademais nas pensións e neste caso no ámbito máis cercano de Galicia ponse de manifesto tamén as diferencias cuantitativas, esa brecha de xénero que existe entre as pensións que perciben os homes e as mulleres e tanto nos sectores produtivos propios de Galicia como o sector do Mar, os autónomos, pero tamén en aspectos conxunturais como ser os accidentes de traballo ou as enfermidades profesionais, polo tanto, é o momento de tomar medidas, é o momento de que tanto o goberno de España como o goberno da Xunta de Galicia tomen medidas.

Evidentemente non somos iguais porque cando gobernaba o Partido Socialista a arca das pensións, o fondo de reserva das pensións tiña superávit, estaba en números positivos, dende o ano 2012, que goberna o Sr. Rajoy, que goberna polo tanto o Partido Popular, o fondo de reserva minorouse en nada menos que máis de 74.000 millóns de euros, polo tanto, a situación é para comezar a preocuparse, pero é que ademais en 2017 se lle concedeu un préstamo de máis de 10.000 millóns de euros do Estado á Seguridade Social, polo tanto, se afonda ese burato do fondo da reserva das pensións, burato que se incrementa tamén no ano 2018, porque entre outras cousas tamén se pagan con estas cotizacións, con este fondo de reserva de pensións, gastos impropios que nós dende o Partido Socialista entendemos que deberían de pagarse con cargo aos impostos.

Durante o goberno do Partido Socialista a pensión de xubilación para unha persoa de máis e 65 anos cun conxugue a cargo incrementouse en máis dun 53%, máis de 200 euros que se incrementaron esas pensións mínimas para un xubilado de máis

de 65 anos cun conxugue a cargo, que vemos no lado contrario? As políticas do Partido Popular, no caso do Estado que se incrementa? Un 0,25% para os pensionistas, cunha inflación que supera o 1%, polo tanto o que se lle esta a facer en termos reais aos pensionistas é baixarlles a pensión, polo tanto, baixando as pensións aos pensionista, e que se está a facer dende a Xunta de Galicia? Vemos que o goberno da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo e os seus concelleiros súbense os soldos máis dun 7%, para este ano en lugar de apoiar a aquelas persoas que máis o necesitan, súbense os soldos máis dun 7,5%, evidentemente non somos iguais no Partido Popular e no Partido Socialista nos momentos de crese baixámonos os soldos máis 20% e os temos conxelados nos cargos públicos, polo tanto non somos iguais é hora de que tanto o goberno da Xunta de Galicia como o goberno do Estado español tomen medidas porque tamén hai que ter en conta outra cuestión que temos en Galicia, o copago sanitario que obriga a moitos pensionistas a pagarse os seus medicamentos polo tanto, menor poder adquisitivo e máis negocio para os laboratorios, é hora polo tanto de que se poñan fin a esas políticas de precarización do emprego, desa mobilidade exterior que fala a Ministra a Sr. Bañez é que se fagan políticas serias e polo tanto, que se garanta o poder adquisitivo das pensións, que se derroque ese factor de sostibilidade que se aprobou polo Partido Popular e que a través de impostos á banca que tamén teñen que retornar parte dos beneficios á cidadanía, se fomente ese incremento do fondo da reserva das pensións, que se actualicen as pensións e que se suban as pensións as persoas que así o necesitan.

SR. PÉREZ CORREA: Eu de verdade que me estou convertendo nun fan das mocións que presenta o concelleiro o Sr. Aneiros, porque establece un criterio de que antes do goberno do Partido Popular non había nada, pois non había ningún tipo de goberno, existía o caos, incluso niso que os historiadores chaman os séculos escuros, é dicir, que non se sabía absolutamente nada, non queda rexistro nin nas hemerotecas nin nos arquivos, eu estou de acordo con esta moción, esta moción substancia gran parte do que levamos defendendo a esquerda política neste país dende os tempos anteriores á Constitución do Pacto de Toledo, vostede aquí introduce como se o criterio e o factor de sostibilidade fora unha invención exclusivamente do Partido Popular, é un consenso que o Partido Socialista e o

Partido Popular trasladaron cando a Unión Europea chegou a este país cos criterios de como xestionar o sistema de pensións, un criterio marcado primeiro, polo crise económica e co argumento tamén dos criterios económicos aprobados na Unión Europea, a única dúbida que propuxo o Partido Socialista era se o factor de sostibilidade había que poñelo de maneira inmediata ou esperar ao 2020 e pico cando o sistema dera quebra, iso é o único criterio, de feito vostedes na moción e coincide tamén co debate parlamentario que está habendo no Congreso, pois non fala do que sería o “quid” da cuestión que é que as pensións volvan a ter un indicador que sexa o IPC. Está moi ben garantir o poder adquisitivo das pensións mediante unha revalorización xusta, non, digan vostedes abertamente se están de acordo con que as pensións se revaloricen polo IPC, porque ese é o criterio que substancia gran parte da discusión que estamos a ter no Congreso dos Deputados porque nós si nos tememos que hai gran parte do acordo no Partido Socialista e no Partido Popular en seguir mantendo ese índice de revalorización, poñer as pensións no mesmo criterio de mellora que marca o IPC, sería 1.600 millóns de euros que é absolutamente ridículo e que é dende logo unha medida que o goberno do Partido Popular podería facer e non quere.

Logo tamén están cuestións que teñen que ver co que temos feito con ese fondo da Seguridade Social, claro que vostedes deixaron un fondo de 90.000 millóns, pero investido en débeda, e substituído débeda que era débeda, neses criterios que marcan tamén neoliberais do que é débeda boa, a débeda holandesa, ou francesa, vostedes subsistiron toda esa compra por débeda española, que todos sabemos cal era o nivel, é dicir, vostedes están a dicir neste moción que había aí 90.000 millóns físicos, gardados nun banco, non, estaban investidos en débeda pública, en bonos do Estado español, porque a Unión Europea tamén lles dixo a vostedes que meteran na débeda pública para garantir entre outras cousas a viabilidade ou non dun rescate.

Polo tanto, aquí hai cuestións nas que nós estamos de acordo, gustaríanos avanzar en porque vostedes adiantaron a idade de xubilación obrigando á xente tamén a establecer uns criterios diferentes para o acceso das pensión, por que vostedes limitaron as pensións máximas que serían tamén unha cousa que limita gran parte do poder adquisitivo dos futuros e dos presentes pensionistas, pero nós estamos de acordo en que se introduza iso, claro que o Partido Popular introduce ou polo

menos propón unha moción coa que nos estamos radicalmente en contra, o Pacto de Toledo é un instrumento exclusivamente agora mesmo de control ou de lexitimación de determinados recortes que marca o Partido Popular, nós non estamos de acordo con que vaimos a solucionar isto no Pacto de Toledo como historicamente temos ou polo menos nos últimos anos temos feito, nós o que queremos é que se debata no Congreso dos Deputados a modificación da Lei, hai unha proposta de lei presentada polo grupo Confederal Marea-Unidos Podemos que queremos que se debata no Congreso dos Deputados e que estas cuestións que son de calado de como se revaloriza unha pensión, de cando entra ese criterio de sostibilidade que a Unión Europea nos marcaba para o 2020 e pico que agora se quere meter a 1 de xaneiro do 2019, que se discuta nesa proposta de lei que levamos nós como imos facer que esa perda de poder adquisitivo que nalgúns casos do 12%, nos próximos 5 anos imos facer unha medida correctora para evitar que gran parte do soporte das familias que son os pensionistas/os pois non podan facelo por estas cuestións, e o que instamos é a que se abra ese debate e que tódolos grupos políticos quedemos retratados no Congreso dos Deputados do que lle dicimos aos pensionistas cando nos emocionamos porque os vemos mobilizarse e do que logo votamos no Congreso dos Deputados e do que logo levamos aos Pactos como o Pacto de Toledo que como digo o Partido Popular o que tiña que facer é darlle contido político e non facer disto un armazón de esnaquizar o pouco que quedaba de estado social neste país.

Nós estamos de acordo coa moción pero coa exposición de motivos non.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Foi Aristóteles quen definíu por primeira vez a demagogia, referíndose a ela como a forma corrupta ou dexenerada da democracia e si tiveran un mínimo de responsabilidade abandonarían a demagogia porque os cidadáns esperan dos políticos non só seriedade para afrontar o debate sobre o sistema de pensións senón tamén algo do que vostedes no partido Socialista adoecen, responsabilidade, diálogo e consenso, é miserable tratar de sacar réditos políticos coas pensións, por iso hai que ser construtivos e levar propostas serias á Comisión do Pacto de Toledo porque aos pensionistas non lles interesan as promesas envenenadas do Partido Socialista, aos pensionistas lles interesa o seu futuro porque despois de traballar toda unha vida é o mínimo que merecen e do que

teñen que estar preocupados os pensionistas é de que algún día volvan a gobernar os socialistas, porque foi co goberno Socialista cando a Seguridade Social perdeu máis de 3,5 millóns de afiliados, foi co Partido Socialista quen conxelou as pensións por primeira vez na historia provocando a maior perda de poder adquisitivo dos pensionistas na historia recente, foi o Partido Socialista o que atrasou a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos, foi o Partido Socialista o que cambiou o sistema de cómputo elevando de 15 a 25 anos para poder cobrar o 100% da pensión, foi o Partido Socialista o que introduxo o factor de sostibilidade, vinculando o importe das pensións á evolución da esperanza de vida dos pensionistas, foi o Partido Socialista quen levou a España ao borde do rescate e puxo aos pensionistas en risco de maiores recortes, e foi a decisión do Sr. Rajoy a de evitar o rescate, a que permitiu que España fora o único país dos afectados polo crese que non tivo que baixar as pensións como Grecia, como Irlanda ou como Portugal que tiveron que aprobar recortes nas pensións de ata un 40%, foi o Partido Socialista que como sempre cando goberna, quen deixou o sistema da Seguridade Social en números vermellos, foi o Partido Socialista cando en 2011 por cada nova pensión se perdían tres afiliados á Seguridade Social, e agora en cada nova pensión hai seis novos afiliados porque se está a crear emprego, foi o Partido Socialista o que deixou de ingresar nos anos 8 e 9 no fondo de reserva a totalidade do superávit xerado polo sistema da Seguridade Social, foi o Partido Socialista cando España lideraba a destrucción de emprego en Europa, España destruíu seis veces máis emprego que Reino Unido, once veces máis emprego que Italia e 20 veces máis emprego que Francia, durante o goberno do Partido Socialista seis de cada dez novas persoas que entraban no desemprego en Europa facíanlo en España e foi o Partido Popular que tivo quen crear un fondo de reserva no ano 2000 para que non volvera a ocorrer o que pasou no 96 que o goberno do Partido Socialista do Sr. Felipe González, deixou quebrado o sistema e o Sr. Aznar tivo que pedir un crédito para pagar as pensións porque co Partido Popular nunca se conxelaron as pensións, agora se soben, sempre e se soben por lei, co Partido Popular se pagan máis pensións que nunca, se paga a pensión máis alta que nunca, e gracias á creación de emprego agora recuperouse os afiliados á Seguridade Social, e tamén lle digo que dende 2007, ano no que se iniciou a crise económica, os pensionistas españois mantiveron o seu poder adquisitivo, pero se

agora din que se van a preocupar do poder adquisitivo dos pensionistas de Vigo, lles invito a que lle baixen os impostos de Vigo porque os vigueses pagamos o IBI máis alto de Galicia, dígolles que supriman o imposto de plusvalía que anticonstitucional pero que en Vigo se segue cobrando, lles pido que baixen a taxa da auga que é un ben de primeira necesidade e os pensionistas e os vigueses pagamos a auga máis cara de Galicia, lles pido que baixen o Vitrasa, porque os vigueses pagamos o autobús máis caro de Galicia, lles pido que baixen a taxa do lixo porque é un roubo que este ano o Concello lles custe 6 millóns de euros menos o contrato do lixo porque está prorrogado e vostedes non baixen a taxa de lixo, porque escoitalos de poder adquisitivo a vostedes os Socialistas, é burlarse dos veciños, e é vergoñento e lamentable como escoitar que os soldos da Xunta de Galicia soben un 7%, é totalmente falso e mentira.

SR. ANEIROS PEREIRA: Isto require de facer un pouco de memoria e de memoria histórica pese a que algúns non lles gusta, cando o Partido Socialista chegou ao goberno de España no ano 1982, foi aí cando tivo que traer, Sr. Pérez Correa, luz onde había escuridade porque foi o Partido Socialista o creador do sistema público de pensións, foi o Partido Socialista o que estableceu un réxime de pensións non contributivas para aquelas persoas que precisaban da axuda a cargo do estado, foi un xesto de solidariedade que estableceu o Partido Socialista con toda a cidadanía, o mesmo que as pensións de viuvez, antes do Partido Socialista non había pensións de viuvez, chegou o Partido Socialista pensións de viuvez, e o mesmo coas pensións de orfandade, antes do Partido Socialista non había en España, chegou o Partido Socialista e se estableceron pensións aos orfos que precisaban de recursos económicos para sobrevivir, cousa que antes do Partido Socialista non existía.

Pero tamén foi nun goberno do Partido Socialista cando se estableceu un ámbito de diálogo e un pacto de Estado, o Pacto de Toledo para as pensións, Pacto de Toledo que agora o Partido Popular esquece, non quere tratar, non quere levar os asuntos ao Pactos de Toledo por iso non imos aceptar a súa emenda porque o Partido Popular ningunea ao Pacto de Toledo, non quere consensos no Pacto de Toledo, se de algo sabemos os socialistas é de garantir un sistema público de pensións, é falso con tódalas letras e con toda a rotundidade, é mentira dito doutro

xeito o que vostede acaba de dicir, cando o goberno socialista no Estado español saíu do Goberno deixou superávit no fondo de reserva das pensións, lle soa o tema do superávit? Socialista, superávit; Partido Popular déficit e recortes, nós deixamos o fondo de reserva das pensións con superávit, subimos as pensións mínimas, á xente que máis o precisa, durante o último goberno do Partido Socialista, as pensións mínimas para un xubilado de 65 anos con un conxugue a cargo subiron máis dun 53%, pese a que lle pese ao Partido Popular, o goberno Socialista sempre apoiou ás pensións públicas, nunca fixo unha reforma para favorecer os plans privados de pensións como fai o Partido Popular, non introduciu un factor de sostibilidade que vai a baixar as pensións a partires do 2019 para as persoas máis maiores e con menos recursos, o Partido Socialista pola contra o que fixo foi establecer un factor de solidariedade. Mire, nós apoiamos a subida das pensións máis alá do IPC, queremos que suban máis dese 1,6% que sobe o IPC, queremos que soba moito máis porque queremos que as persoas maiores, as persoas que traballaron toda a súa vida teñan uns recursos dignos, suficientes para subsistir e por iso estamos en contra dos recortes da Xunta de Galicia, dos copagos sanitarios da Xunta de Galicia, da subida de soldos, si por máis que lle pese do Presidente o Sr. Feijóo e dos seus conselleiros nun 7,5%, lean os xornais, estamos en contra de todos iso, este ano 2018 díganlle ao goberno de España que toca subir as pensións, no 2018 toca subir as pensións, pedimos que o goberno de España suba as pensións, máis ás mínimas e máis as persoas que así o necesitan.

PRESIDENCIA: Rexeitada a emenda, votamos a moción.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do

grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.02.2018 (Rex. Nº 1713/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**8(24).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO Mº DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE A TOMAR AS MEDIDAS AXEITADAS PARA RECUPERAR E GARANTIR O ACCESO PÚBLICO E GRATUÍTO Ó DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE DA ILLA DE TORALLA. REXISTRO PLENO 1715/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de febreiro de 2018, número 1715/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“A Illa de Toralla forma parte do termo municipal do Concello de Vigo. Un espazo excepcional tanto polo enclave xeográfico na ría, como polo seu valor natural, arqueolóxico, histórico e paisaxístico.

Dita Illa, comunicada con terra co ponte que facilita o acceso dende O Vao, ten limitado a acceso dos non residentes a unha parte importante da súa extensión e perímetro. A día de hoxe os espazos accesibles limítanse as praias situadas a carón da ponte resultando inaccesible unha parte importante da franxa costeira da mesma

O artigo 2.b da lei de costas de 1988 establece que “la actuación administrativa sobre el dominio público marítimo-terrestre perseguirá los siguientes fines: garantizar el uso público del mar, de su ribera y del resto del Dominio público marítimo-terrestre, sin más excepciones que las derivadas del interés público



debidamente justificadas". En particular o artigo 27.1 da referida lei establece que "la servidumbre de tránsito recaerá sobre la franja de 6m medidos tierra adentro a partir del límite interior de la ribera del mar. Esta zona deberá dejarse permanentemente expedita para el paso público peatonal".

A piques de cumprir 30 anos da entrada en vigor da lei de costas do 88 compre facer efectivo o dereito o acceso público e gratuito o mar na Illa de Toralla.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente a tomar as medidas axeitadas para recuperar e garantir o acceso público e gratuito o dominio público marítimo-terrestre da Illa de Toralla. A tal fin, dita institución, deberá iniciar as actuacións necesarias para a realización dunha senda peonil accesible e segura que permita realizar o percorrido completo do perímetro da Illa de Toralla."

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Esta moción ten como obxectivo fundamental poñer enriba da mesa poñer un debate que afortunadamente neste país se produce dende hai moito tempo, porque dende a aprobación da Lei de costas afortunadamente se estableceu que o dominio público marítimo terrestre era de todos, de feito esa lei garante o dereito público de acceso á costa, é máis, esa Lei establece que no dominio público marítimo-terrestres ten que producirse ese acceso e o dominio público marítimo-terrestre é inembargable, inalienable e imprescritible, deste xeito polo tanto, as condicións de partida son que a franxa establecida como dominio público a única administración competente é o Estado por riba dos dereitos que puideran existir incluso de propiedade previos á entrada en vigor da Lei de Costas. Ademais diso a Lei sinala unha zona denominada de servidume de tránsito de seis metros terra a dentro para definir a zona de tránsito e polo tanto aquela zona que debe estar expedita para garantir o acceso de tódolos cidadás cara a costa. Na nosa cidade atopamos un caso onde ese acceso á costa a día de hoxe non é posible, e ese caso se sitúa na Illa de Toralla, ademais e paradoxalmente este

Concello recibiu a solicitude do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para reducir o dominio público marítimo-terrestre nunha parte da Illa de Toralla, informe ao que o Concello contestou desfavorablemente entendendo que non existe razón para tal cousa, pero é máis, ademais instamos a este Ministerio a que garanta o dereito que existe para tódolos cidadáns a acceder libremente a esa costa, en particular no perímetro da Illa de Toralla. Polo tanto, máis alá da discusión sobre se os viais internos da Illa de Toralla son públicos ou privados, situación que está hoxe nun contencioso administrativo entre o Concello e algún propietario e polo tanto dirimirán os tribunais, é certo que a Illa de Toralla a día de hoxe non se pode percorrer en todo o seu perímetro, cando o Ministerio, a competencia do Estado debe garantir que podemos acceder libremente a todo ese perímetro costeiro, que é o que pretendemos con esta moción.

Polo tanto, coa moción o que pretendemos é que o Ministerio non só garanta que o dominio público marítimo-terrestre é público senón que ademais nos permita que o poidamos visitar de xeito accesible e seguro.

Ante esta situación se lemos na Lei de costas as competencias de cada administración, poderemos atopar que é competencia obviamente do Estado como di o artigo 110 desa Lei, corresponde á administración do Estado nos termos establecidos na presente Lei a tutela e policía do dominio público marítimo-terrestre e das súas servidumes, así como a vixilancia do cumprimento das condicións con arranxo as cales se houberan outorgado as concesións ou autorizacións correspondentes. Compete á administración municipal informar os deslindes, as solicitudes de reserva, explotar os servizos de temporada que poidan establecerse nas praias e manter as praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade. Esas son as competencias municipais dentro do dominio público marítimo-terrestre, si avaliamos a situación da Illa de Toralla, obviamente xa non ten ningún sentido que ollemos a vista atrás e que nos preguntemos como unha illa que era así antes do proxecto de urbanización pois alguén considerara que era solo urbano consolidado e polo tanto que se podía facer ese proxecto de urbanización, pero máis aló desa situación o que queremos garantir é que agora na Illa de Toralla que aquí a vemos reflectida onde o propio Ministerio non seu visor do dominio público marítimo-terrestre establece cales son as zonas de servidume de dominio público, en particular nesta zona, a zona de

dominio público e a que aí vemos nun trazo verde, nesa zona se consiga facer unha senda que por certo o Ministerio está a facer en moitos outros sitios, cito só algúns exemplos, senda litoral entre o Porto de Campelo e a Seca, construción dunha senda de 220 metros de lonxitude con xabre e bordo de madeira, noutro punto, rexeneración ambiental do borde de Rianxo, execución do borde litoral que afecta a costa de Rianxo e tivo por obxectivo a recuperación de servidume de tránsito entre o porto e a praia da Torre, por exemplo, a ampliación do paseo de Loira onde di reposición de distintas actuacións para continuar un paseo bolado, rehabilitalo e facelo accesible, proxecto de recuperación, mantemento e conservación do dominio público marítimo terrestres e o seu entorno na provincia de A Coruña, co obxectivo de manter e mellorar a accesibilidade á costa e no seu caso recuperalas.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos completamente de acordo, entre outras cousas creo que é bo que volvera despois de moitos anos ao Pleno este tema, os que non cremos que haxa vida máis alá, supoño que o concelleiro o Sr. Antonio Figueroa Leri que fixo un traballo brutal para unha cousa tan absolutamente inentendible como era non poder acceder nin sequera a pe as praias que estaban no inicio da illa, pois supoño que para el se existe algo do que cren os crentes pois seguramente será un bo día, porque creo que a última vez, porque que non sexamos un grupo municipal novo, creo que a última vez que se falou de Toralla neste Pleno foi para ver se se poñían alí as praias para cans, e creo que é bo que se fale do problema esencial que vivimos con esta apropiación ilegal de espazo público, nós non vemos nada máis alá dun pelotazo urbanístico feito noutra época, creo que sería bo incluso revisar as escrituras de propiedade asinadas naquela altura, nesta altura e na futura por se hai concelleiros/as, funcionarios/as que nalgún momento dende que se construíron aí, edificios ou vivendas tiveron algunha titularidade, porque cremos que iso é a herdanza máis vergoñenta que ten este concello, e todos sabemos o que pasou ou polo menos revisando a sentenza dos anos 70 e 80 non esquezamos que aí había dúas torres programas, non unha, senón dúas, e tivo que ser unha sentenza do ano 78 a que impediu a construción da segunda, que logo se fixo un Plan parcial para xustificar a existencia e non a derruba desa torre existente, que logo se fixo todo, este Concello, non estou a falar

desta Corporación nin deste Alcalde, pero este Concello fixo todo o posible por non facer cumprir a lei con respecto a Illa de Toralla, nós seguimos pensando que non é exclusivamente a demarcación exterior de Costas que son seis metros que os usuarios xa están incumprindo colocando piscinas incluso dentro desa franxa de seis metros, senón que pensamos que calquera vial desa illa ten que ser cedido no momento que hai unha urbanización así como se lle pide a moitos veciños que cedan os viais, os viais teñen que ser cedidos e pasar a formar parte do inventario público de viais deste Concello, esixir que se fagan esas cesións, se hai un contencioso que se poña a traballar dunha maneira máis fonda e incluso con máis recursos para que eses viais sexan públicos, non só os exteriores senón calquera tipo de viais e que incluso se revisen as legalidades das edificacións que hai internas, non nos parece ningunha barbaridade cando estamos a falar dunha illa, dunha aprobación para nós absolutamente ilegal feita nos anos iniciais de que se fixo ese ámbito, incluso con sentencias xudiciais do ano 78 que son meridianamente claras, temos unha oportunidade que é novo PXOM, a nós nos parece interesante que no novo PXOM se aborde a cuestión da legalidade de todos e cada un dos viais que están tamén interiores da illa, por que o dicimos porque é certo que agora se volve, entendemos por que os veciños volveron a reclamar ou porque pode haber algún tipo de problema nos accesos exteriores ou nos perímetros que rodean a illa, pero este grupo municipal levábamolo no programa, recuperar precisamente para poder transitar, non necesariamente en vehículos, pero a pe ou en bicicleta, está no noso programa electoral do ano 2015, pero creo que non houbo nunca un debate sobre o que facer con Toralla, deixouse de maneira secuencial no Plan do 2008, creo que é bo que abordemos agora na redacción do novo Plan as cuestións que teñen que ver con devolver este pedazo de patrimonio da nosa costa, devolvelo aos veciños, a Lei de Costas do ano 88 era clara, e agora, os seis metros que nunca este Concello quixo pedir, nunca tivo unha acción proactiva para pedir, con esta batalla de que se era unha cuestión do Ministerio, do Concello, creo que este Concello debería ter feito e o dixemos o outro día, non só a labor sistemática de pedilo senón tamén mobilizar a cidadanía como no seu día fixo Leri para devolver esa illa e para devolver os dereitos a ceder á nosa costa a calquera dos veciños/as de Vigo, nunca é tarde e polo tanto se temos o consenso de instar ao Ministerio pero tamén de facer os deberes que nos

corresponden como administración local, dende logo sería unha boa oportunidade para volver a mobilizar á cidadanía de Vigo e volver a mobilizala precisamente por pedir un patrimonio que nos pertence a todos/as.

SR. GAGO BUGARÍN: Un saúdo especial aos espectadores que temos da entidade pública Mendiño que seguramente estarán un pouco sorprendidos de ver como o goberno local patalea, bravuconea e interrompe constantemente á oposición, pero esa sorpresa leveina eu tamén hai uns anos cando vin por primeira vez.

Volvendo un pouco ao tema da moción, nós o que queremos dicir é que evidentemente estamos coa legalidade, o Partido Popular sempre estivo coa legalidade, nós non temos ningún problema en ningunha zona da cidade que supoña confrontar aos veciños coa legalidade, nos sempre estamos a favor da legalidade o que si é certo e que se hai 800 veciños na Illa de Toralla que se preguntan por que a deriva das actuacións que teñen que ver co Concello de Vigo, dende o goberno local, lévalles constantemente a sentirse enfrontados e confrontados sen ningún tipo de colaboración, de explicación e sen ningún tipo de argumento máis que o xudicial e o mediático a través do xornal, e dígoo porque aínda lembran e colea que se designara unha praia alí para cans que é unha praia que non ten posibilidade de limpeza mecánica, que non tiñan papeleiras para o lixo e que polo tanto quedaban os excrementos ao día seguinte cando baixaban á praia.

Dito isto creo que convén lembrar un pouco a historia da illa, recoñecer que a illa ten unha extensión de 45.000 metros cadrados de propiedade privada, dos cales 24.400 son de terreo público que foi cedido en concesión á universidade de Vigo, que hai unha ponte que era privado, que fixeron os titulares da illa, que posteriormente cedeuse o paso en tránsito de forma pública, que hai dentro da illa tres concesións administrativas polas cales se garante obras contra os efectos das mareas e tamén de demais servizos, que hai ademais permisos municipais en regra que permiten ou que permitiron desenvolver a urbanización, que dentro do Plan Xeral está considerado como solo urbano edificable e que ademais hai dúas depuradoras de auga residuais. Dentro do espazo de Toralla convén tamén lembrar e isto é moi importante que hai unha estación de ciencias marítimas Ecimat, que ten sala de tratamento e bombeo de augas mariñas, laboratorios con equipos de

apoio á investigación, panal de mergullo, cinco edificios modulares con laboratorios húmidos que albergan a nove grupos de investigación pertencentes á Universidade e que polo tanto é unha entidade que está dentro da illa de Toralla que creo que convén ao menos saber cales son as necesidades de xestión que teñen e cal é a súa opinión en relación a todo este procedemento.

En relacións ás obras, Sra. Caride, e vostede quitaba un mapa, eu voulle quitar o mesmo mapa pero doutro color, se vostede ve como é habitualmente a titularidade dos solos da Illa de Toralla darase conta que hai un terzo de illa que é de titularidade pública por onde xa podería pasar unha senda peonil, e por outra banda hai unha parte maior que é de titularidade privada onde a día de hoxe é imposible que transcorra unha senda peonil. Polo tanto, nós o que lle dicimos ao goberno local é que evidentemente antes de dicirlle ao Ministerio que faga unha obra que pode ser legal, o lóxico é darlle en condicións os terreos para que realmente se poda facer a obra como cae de caixón, e polo tanto, eu lle digo que se chega a Illa a praia á dereita aí hai unha zona, ata que non chegamos á parte dos accesos da propiedade que xa é de ámbito da Universidade, esa zona xa é de ámbito privado e aí no pode pasar a día de hoxe unha senda peonil, e se nos imos á zona da esquerda que vostede dicía que está a comunidade de veciños do Castro pois aí tampouco podemos facer unha obra peonil salvo que elevemos o que é o paseo de madeira ou do material que vostedes consideren que sexa legal, por enriba das rocas que como entenderá e sabe disto que é experta, isto non se pode facer. Polo tanto, eu o que lle digo é que efectivamente nós estamos absolutamente de acordo con que isto se pode facer, estamos absolutamente de acordo que é legal, pero o que lle dicimos é que para que o Ministerio poida operar o lóxico é que o Concello lle dea os terreos para que poida facer a senda peonil e eu non creo sinceramente que nin vostede nin eu nin aquí os presentes vaxamos a ver en Toralla unha senda peonil que sexa volada a través de piares que estean cravados en medio das rocas. Polo tanto, presentámoslle unha emenda para que vostede o valore co rexedor da cidade onde lle dicimos que negocie cos propietarios a cesión gratuíta ou ben coa Universidade de Vigo a cesión de terreos sobre a servidume transitoria da Illa de Toralla necesaria para poder instar ao Ministerio o proxecto e executar unha obra peonil que circunde toda a Illa de Toralla.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que temos algun erro de concepto se me permite, porque claro o problema non é que hoxe sexan inaccesibles que polo que miro non lles preocupa, que o perímetro da illa non sexa accesible, o problema é que a lei, a lexislación marca claramente que o dominio público marítimo-terrestre é do Estado, polo tanto é público e é máis, lémbrolle que inalienable, imprescritible e inembargable, pero é que ademais di seguinte o artigo 8, “a los efectos del artículo anterior, inembargable, imprescritible y inalienable, no se admitirán más derechos que los de uso y aprovechamiento adquiridos de acuerdo con la presente ley, careciendo de todo valor obstentativo frente al dominio público, las detenciones privadas por prolongadas que sean en el tiempo y aunque aparezcan amparadas por asientos en el Registro de la Propiedad” agora imos ao plano se me permite, o plano é meridianamente claro, e está quitado do visor do dominio público marítimo-terrestre do Ministerio, polo tanto non o fixo este Concello, o plano indica unha liña azul que é ata onde chega a máxima ribeira do Mar, un liña verde que claramente está terra adentro, hai espazo de sobra que é a delimitación do dominio público marítimo-terrestre, obviamente a Universidade de Vigo non vai poñer ningún problema en que se utilice parte da súa concesión para xerar unha senda peonil, o que hai que facer é facer unha senda peonil en todas as zonas que a día de hoxe é imposible acceder á costa, polo tanto, o que estamos a defender é a legalidade, eu non sei que legalidade defende o Partido Popular, xa me perdo, non sei se a legalidade de Bárcenas, do “Bigotes”, do Sr. González, ou a legalidade que ten que defender, que é a Lei de Costas.

Polo tanto, a Lei de Costas é meridianamente clara, por certo o propio Partido Popular fixo algunha falcatruada na Lei de Costas, deixémolo aí, con independencia desa situación a pregunta é, por que fai o Ministerio de Medio Ambiente sendas peonís recuperando o dominio público marítimo-terrestre, retirando muros, retirando construcións, de todo e garantindo que o acceso público á ribeira do Mar se pode permitir, noutros concellos e non o fai en Vigo, que lle fixo esta cidade para que non queiran investir na mesma? As sendas estanse a facer, claro que se están a facer e se fixeron por parte de quen é titular da competencia pero en calquera caso se o problema é facer un proxecto para facer unha senda dende deste este Concello o podemos facer, agora o competente para autorizala, para

recuperar o dominio público marítimo-terrestre, para garantir a servidume do tránsito non é o Concello de Vigo, é o Ministerio de Medio Ambiente, ese Ministerio que ten que preservar ese dereito, a súa emenda non a aceptamos.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do seu titular)*

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.02.2018 (Rex. Nº 1715/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **9(25).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de xaneiro de 2018 e 22 de febreiro de 2018.



**10(26).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de xaneiro de 2018 e 22 de febreiro de 2018.

**11(27).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 12.01.2018, REFERENTE Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE, NO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES. EXPTE. 17028/333 (REXISTRO PLENO 1699/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 12.01.2018, transcrita a continuación.

“Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de deportes atribuíndose á su titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte

## **PROPOSTA**

Primeiro.- Delegar no Concelleiro de deportes D. José Manuel Fernández Pérez tódalas atribucións precisas para a celebración de eventos deportivos de competencia local.

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Cuarto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

## **MOCIÓNS.**

**12(28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO APOIANDO A FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO, ASÍ COMO TÓDALAS MOBILIZACIÓNS E ACCIÓNS CONVOCADAS CO MESMO OBXECTIVO E FACILITANDO TÓDOLOS MEDIOS DISPOÑIBLES PARA GARANTIR O DEREITO Á FOLGA. REXISTRO PLENO 1718/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de febreiro de 2018, número 1718/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

“Os efectos das desigualdades entre mulleres e homes maniféstanse todos os días en practicamente todos os contextos das nosas vidas. Estas desigualdades tradúcense na súa máxima expresión nos case 1000 feminicidios nos últimos 15

anos no ámbito estado ou nas máis de 5000 denuncias recibidas nos xulgados galegos no último ano.

No eido laboral, esta desigualdade, xunto coa precariedade que xa está a sufrir a clase traballadora, multiplícase no caso das mulleres xerando unha fenda salarial de máis do 20%. A parcialidade e a temporalidade, os postos onde historicamente ten colocado o patriarcado ás mulleres (relacionados co traballo reprodutivo e de coidados), seguen impedindo acadar en moitas ocasións postos de responsabilidade, facendo chocar ás mulleres con ese teito de cristal construído nun mundo laboral deseñado por e para os homes baixo unha perspectiva machista. No caso das pensións, as mulleres representan o 65% da poboación mundial que, tendo acadado as idades previstas pola lexislación para percibir unha pensión de xubilación, non a reciben. Ao igual que se falamos de economía somerxida, onde as mulleres, a niveis mundiais, veñen representar un 63%, consolidando así un modelo laboral lonxe dos parámetros dun traballo digno e con dereitos, ao carecer de toda protección.

O traballo reprodutivo e de coidados, alcanza no Estado o 53 % do PIB, o que significa que o propio Estado fai recaer nas mulleres gran parte do que debería estar sendo atendido a través dos servizos públicos. A creación da lei de dependencia no seu día, a pesar de ter un obxectivo positivo en canto ao recoñecemento do traballo de coidados como tal, consolidou o papel das mulleres nos traballos relacionados cos coidados. Os efectos da crise, as ansias de beneficios das empresas privadas e permitir a entrada destas facendo de xeito privatizado o que debería xestionarse desde o público, xeraron unha serie de novos sectores laborais, ocupados maioritariamente por mulleres, que afondan aínda máis nas desigualdades de xénero. Sectores precarizados con grandes niveis de parcialidade e temporalidade.

No ámbito doméstico e dos coidados, as mulleres seguen a ter, coma se dunha cuestión biolóxica se tratara, unha carga desproporcionada de traballo. Traballo non remunerado no que apenas existe un reparto equitativo de responsabilidades. Isto seguirá perpetuándose mentres non se leven a cabo medidas efectivas de conciliación e corresponsabilidade.

É inaprazable polo tanto implementar as medidas necesarias cara a combater a discriminación e a desigualdade, mellorando as condicións laborais das mulleres, implementando medidas reais de corresponsabilidade, recoñecemento do traballo reprodutivo e de coidados dun xeito digno e en igualdade, así como a esixencia de recursos e ferramentas para a loita contra as violencias machistas, tales como a trata de mulleres para consumo sexual, a prostitución, as agresións sexuais e os incesantes asasinatos de mulleres.

Por estas e moitas máis razóns este Concello debe apoiar á Folga Feminista convocada para este 8 de marzo. Este ano as mulleres, a través das diferentes asociacións feministas, decidiron parar en todos os ámbitos das súas vidas: folga laboral, de consumo, estudantil e de coidados. As mulleres queren demostrar así ao mundo que sen elas, o mundo non se move. As mulleres tomarán as rúas para

demostrar que non só hai que parar o mundo senón que tamén é necesaria a súa transformación. Unha transformación estrutural e transversal que mude o patriarcado por xustiza e igualdade.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede as seguintes propostas de

#### ACORDOS:

1. Apoiar a Folga Feminista do próximo 8 de marzo, así como tódalas mobilizacións e accións convocadas co mesmo obxectivo colaborando na súa difusión chamando á veciñanza á participación.
2. Facilitar todos os medios dispoñibles desde o Concello como a adopción das medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito á folga por parte das mulleres traballadoras do Concello que se sumen á mesma.
3. Colocar no Concello a faixa en apoio á folga feminista do 8 de marzo.”

#### DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A Marea de Vigo apoia a folga feminista do 8 de marzo e reclama a este Concello que tamén a apoie activamente, e así como tódalas mobilizacións e accións convocadas co mesmo obxectivo colaborando na súa difusión e chamando á veciñanza á participación. Tamén facilitar tódolos medios dispoñibles dende o Concello como a adopción das medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito á folga por parte das mulleres traballadoras deste Concello, así como as das mulleres das concesionarias que dependen del, tamén colocar no Concello unha faixa en apoio á folga feminista do 8 de marzo.

Os efectos das desigualdades entre mulleres e homes maniféstanse tódolos días en practicamente tódolos contextos das nosas vidas, estas desigualdades tradúcense na súa máxima expresión nos case mil feminicidios nos últimos quince anos no ámbito do Estado ou nas máis 5.000 denuncias recibidas nos xulgados galegos no último ano.

En Galicia temos unha longa historia feminista, un extenso percorrido tomando as rúas, as prazas e as palabras, co propósito de subverter a orde do mundo e o discurso heteropatriarcal. Este 8 de marzo, día internacional das mulleres dende a Marea de Vigo apoiaremos a folga internacional feminista, iniciativa que xa comezou o ano pasado e se suma a un movemento global que terá tamén lugar

noutros países como Arxentina, México ou Italia.

Apoiamos a folga para paralo todo, para construílo de novo, para reclamar a igualdade real de oportunidades e dereitos entre mulleres e homes. No eido laboral estas desigualdades xunto coa precariedade que está a sufrir a clase traballadora multiplícase no caso das mulleres xerando unha fenda salarial de máis do 20%, a parcialidade e a temporalidade os postos onde historicamente ten colocado o patriarcado ás mulleres relacionado co traballo reprodutivo de coidados, segue impedindo acadar en moitas ocasións postos de responsabilidade, facendo chocar ás mulleres con ese teito de cristal construído nun mundo laboral deseñado para os homes baixo unha perspectiva machista.

No caso das pensións, as mulleres representan o 65% da poboación mundial que tendo acadado as idades previstas pola lexislación para recibir unha pensión de xubilación, non a reciben, ao igual que se falamos de economía somerxida onde a mulleres a niveis mundiais veñen a representar o 63% consolidando así un modelo laboral lonxe dos parámetros dun traballo digno e con dereitos ao carecer de toda protección.

O traballo reprodutivo e de coidados, alcanza no Estado o 53% dos PIB, o que significa que o propio Estado fai recaer nas mulleres gran parte do que debería estar sendo atendido a través do servizos públicos, a creación da Lei de Dependencia no seu día a pesares de ter un obxectivo positivo en canto a recoñecemento de traballos de coidados como tal, consolidou o papel das mulleres nos traballos relacionados cos coidados, os efectos da crise, as ansias de beneficios das empresas privadas e permitir a entrada destas facendo de xeito privatizado o que debería xestionar dende o público, xeraron unha serie de novos sectores laborais ocupados maioritariamente por mulleres, que afonda aínda máis nas desigualdades de xénero, sectores precarizados con grandes niveis de parcialidade e de temporalidade.

No ámbito doméstico e dos coidados as mulleres seguen a ter como se dunha cuestión biolóxica se tratase unha carga desproporcionada de traballo, traballo non remunerado no que case non existe un reparto equitativo de responsabilidades, isto seguirá perpetuándose mentres non se leven a cabo medidas efectivas de conciliación e corresponsabilidade, é inaprazable, polo tanto, implementar as medidas necesarias cara combater a discriminación e desigualdade, mellorando as

condicións laborais das mulleres, implementando medidas reais de corresponsabilidade, recoñecemento do traballo reprodutivo e de coidados dun xeito digno en igualdade así como a existencia de recursos e ferramentas para a loita contra as violencias machistas, tales como a trata de mulleres para consumo sexual, a prostitución, as agresións sexuais, e os incesantes asanatos de mulleres. Por estas e moitas razóns este Concello debe apoiar a folga feminista convocada para este 8 de marzo, este ano as mulleres, a través das diferentes asociacións feministas, decidiron pagar en tódolos ámbitos das súas vidas, folga laboral, de consumo, estudantil e de coidados, as mulleres queren demostrar así ao mundo que sen elas o mundo non se move, as mulleres tomaremos a rúa para demostrar que non só hai que parar o mundo senón que tamén é necesaria a súa transformación, unha transformación, estrutural e transversal que mude o patriarcado por xustiza e igualdade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En primeiro lugar o que quero dicir é que dende logo como muller e que tódalas mulleres do Partido Popular, estamos absolutamente a favor de seguir traballando de forma incansable para alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres que desgraciadamente a día de hoxe non existe, agora ben, tamén estamos en contra de que se nos utilice, por motivos políticos para utilizarnos como elemento de confrontación política xerando debate e confrontación que cremos que dende logo non apoian en nada a consecución da igualdade real, absolutamente en nada, tamén estamos en contra de que entremos en debates absurdos lingüísticos como o que fai unhas semanas pasamos co termo voceiro/a que son estériles e que o único que fan é frivolar sobre un tema extraordinariamente importante, non só para tódalas mulleres senón para toda a sociedade porque a igualdade non é unha cuestión de mulleres é unha cuestión de toda a sociedade e toda a sociedade tense que implicar en conseguir a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, e por suposto, tamén é sorprendente a hipocrisía con que algúns toman este tema e a hipocrisía con que algúns manexan os números, porque claro unha cousa é falar e outra cousa moi diferente é facer, e unha cousa é erixirse como adalides da igualdade, por exemplo, dende o Partido Socialista cando foi cun goberno socialista o do Sr. Zapatero cando as mulleres deron un dos maiores pasos atrás do

conseguido na súa historia, e voules lembrar uns datos que son indubidables. Como ía dicindo, os datos son moi evidentes señores do Partido Socialista, xa sei que se alteran pero a realidade é que vostedes cando gobernaban co Sr. Zapatero, sete de cada dez novas paradas de Europa eran españolas, que 1.382.000 mulleres españolas perderon o seu posto de traballo coa crise, gracias ao goberno socialista do Sr. Zapatero, un auténtico record que custa moito dar marcha atrás, e a realidade é que dende que goberna o Partido Popular, dende que veu a recuperación económica, si señores do Partido Socialista, España lidera a creación de emprego feminino da zona euro, case o 30% das mulleres que abandonaron o paro en Europa o fixeron en España, e hoxe hai máis mulleres traballando que nunca, 8.554.010 afiliadas, cremos que é suficiente dende o Partido Popular? Non, é insuficiente, os datos son absolutamente insuficientes e temos que seguir traballando sen demagogia, sen mentiras, sen falsas verdades e sen postureos, de verdade comprometidos coa igualdade real porque cremos que hai que traballar realmente pola conciliación, a maternidade non pode ser unha escusa para discriminar laboralmente ás mulleres, non pode ser unha escusa para discriminar e polo tanto hai que traballar na conciliación, apoiando ás mulleres, ás familias para que as mulleres se poidan incorporar e estean incorporadas nas mesmas condicións, temos tamén que traballar para seguir diminuindo á brecha salarial, por suposto, é indigno que unha muller facendo o mesmo traballo que un home cobre menos, e hai que facelo efectivamente con medidas, traballando, modificando o Estatuto de Traballadores como se está a facer, chegando a acordos cos sindicatos para diminuír esa brecha salarial, por certo, que alcanzou máximos históricos cun goberno do Partido Socialista, porque vostedes señores do Partido Socialista teñen moitos record no seu haber, e o de haber conseguido a máxima brecha salarial entre homes e mulleres tamén e seu, non é do Partido Popular, o record do Partido Popular é tela reducido.

En definitiva, o que queremos é que se traballe para alcanzar esa igualdade real o que non queremos, insisto, son postureos e son medidas ao aire, respectamos o posicionamento de calquera e por suposto o das mulleres que queiran defender os seus dereitos como estimen oportuno, respectamos por supostos a folga convocada, non compartimos que ese sexa o camiño, dende o Partido Popular cremos que é outro o camiño pero respectamos que cada un leve a súa

reivindicacións como queira, sempre dende o respecto aos demais e pedimos respecto tamén polo noso traballo e sobre todo lles dicimos, seguiremos traballando, as mulleres do Partido Popular, as mulleres españolas e galegas seguiremos traballando porque a igualdade real é o noso dereito e é un dereito da sociedade.

PRESIDENCIA: Antes de iniciar o tempo lle dicimos á xente do público que garde silencio.

SRA. BLANCO IGLESIAS: As mulleres socialistas desta Corporación imos parar todas, señora concelleira do Partido Popular, vostede obedece ao seu xefe o Sr. Rajoy que dixo que por agora non toca ocuparse da brecha salarial, cando vai tocar? As mulleres xa traballamos, é moito, o que queremos é cobrar.

Señora concelleira da Marea de Vigo, na súa moción esperaba algunha nova achega, vostede está a dicir algo que afortunadamente xa está sabido e recollido, unha exposición cuantitativa da realidade que non deixa de ser dolorosa, a evidencia está ao alcance de calquera, e ás evidencias non se lle poden dicir que non, como vostede sabe moi ben na última reunión do Consello da Muller ao que vostede asistiu e que se realizou do día 16, é dicir, hai doce días, a concelleira de Igualdade ou sexa eu mesma, lles informou da folga prevista para o día 8 de marzo, vostede fixo unha pregunta “e iso apóiao a Alcaldía” a resposta foi que non só o apoiaba á Alcaldía senón que neste programa de actividades para o 8 de marzo que lle entreguei alí mesmo en man, aparecía especificado neste recadro tan grande, “día 8 folga feminista, día internacional das mulleres, manifestación saída da Praza de Portugal ás 20,00 horas”, pero ademais anunciámoslles nesa reunión que a Casa da Muller na que se imparten cursos estaría pechada, así como o Centro de Documentación e Recursos Feministas que dependen da concellería de Igualdade como rezan estes dous anuncios que están xa colocados nas portas dos citados lugares, eu esperaba atopar algunha novidade na súa moción, por exemplo que se fixera eco das reivindicacións da súas compañeiras de traballo no hospital Álvaro Cunqueiro que falan da precarización do traballo feminino no citado hospital, si, esperaba algunha nova información cuantitativa ou cualitativa ou algunha nova perspectiva que nos axudara a mellorar o que xa estamos facendo



dende a política deste goberno, que como vostede sabe estamos a vangarda na lista contra violencia de xénero, a través dos nosos servizos a través do Centro de Emerxencia, do CIN, con atención de psicólogas, xuristas, traballadores sociais, nos servizos de canguros para apoiar ás mulleres traballadoras ou información que non teñen recursos económicos, o apoio a 35 colectivos de mulleres, o apoio ao deporte feminino, á formación das mulleres a través dos talleres creativos, á formación en igualdade en 45 centros de ensino, á atención á xuventude a través de campañas como enlaza Vigo, con 2.000 alumnos, á exposición itinerante sobre a violencia sexual nos centros de ensino con conferencias de psicólogas, á formación en defensa persoal e podería seguir pero o tempo desta moción é limitado, tamén con talleres de formación, para que tódolos demais saiban e poder discernir sobre todo os adolescentes nun tema tan candente como as redes sociais, xornadas feministas en formación, Consello da Muller ao que vostede pertence, etc. Aínda así quero darlle a benvida á Marea de Vigo porque despois deambular por camiños incertos no pacto de estado contra a violencia de xénero coa súa abstención, parece que comeza a converxer coa política feminista que o Partido Socialista exerce e exerceu sempre dende o goberno e dende a oposición, así que lle reitero a benvida a casa, aínda que sempre chegan tarde e por suposto imos votar que si a esta moción porque as evidencias non se lles pode dicir que non, realmente esta foi a nosa proposta, esta moción parece surrealista.

SRA. LOPEZ BARREIRO: Se queremos incidir dun xeito especial neste tipo de requirimentos para que se tomen en serio as reivindicación das mulleres de dos colectivos feministas e para que non chegue o día e se pase por enriba da nosas accións, deixando nun lugar secundario o protagonismo da nosa loita en beneficio doutros protagonismos alleos, aos intereses do momento feminista e se o queremos recalcar e porque ese tipo de actuacións xa teñen acontecido na nosa cidade, eu non entendo porque o grupo socialista podendo facer catro mocións, traer catro, deixan unha e non traen aquí a moción de apoio á folga feminista, porque unha cousa é o que se fai no Consello Municipal da Muller que alí entre as que conformamos os grupos e outra cousa é isto que é un Pleno para toda a cidade, ou sexa non entendo, están a dicir que a moción é súa non, perdoe, a moción é nosa que vos a apoiades e outra cousa, pero vos non a trouxestes aquí

unha moción para apoiar a folga feminista, iso está claro.

Sobre as declaracións da Sra. Muñoz, o Partido Popular Sra. Muñoz non cre nestas reivindicacións polos dereitos das mulleres, por iso conxela o pacto de estado contra a violencia de xénero, recorta sistematicamente os recursos destinados ás políticas de igualdade, promove estereotipos sexistas, como no vídeo da “tarxeta de benvida” onde as únicas que coidan son as mulleres, ninguén está a utilizar as mulleres, é o movemento feminista quen convoca esta folga, non partidos políticos mixtos, é o movemento feminista, e dicir que foi significativo o de hoxe do Sr. Fidalgo cando o meu compañeiro “Chili dixo bo día a todas” e el non se veu reflectido nese “todas”, incongruentemente co que dicía un persoeiro do Partido Popular que polo visto a letra “a” é tan feminista como calquera outra, mi madriña, a cuestión de que a linguaxe é sexista é como o ABC do feminismo a día de hoxe, semella que lle fallan unhas poucas lecturas sobre o tema, señores do Partido Popular, pero iso non é o grave, supoño que a todas nos fallan lecturas sobre moitas cousas, o problema é que o Partido Popular non ten o máis mínimo interese en aprender sobre este asunto, e o que transcende da súa ignorancia son as políticas que levan a cabo por non saber ver ou non querer ver o problema de fondo co que están a tratar.

Por outra banda, a Sra. Muñoz tamén nos dixo que polo visto as mulleres do Partido Popular o día da folga, non o dixo ela pero si o dixeron outros persoeiros do seu Partido, que ían facer a folga á xaponesa, quero dicir que iso non existe pero de todas maneiras as nosas mulleres non as convocamos a que traballen máis porque simplemente non poden, os horarios laborais que teñen as mulleres de “a pe”, non poden facer unha folga xaponesa porque non teñen horas para traballar máis xa do que traballan, ao mellor as mulleres que defendedes vos igual si, pero as nosas dende logo non.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do seu titular)*

**VOTACIÓN:** Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.02.2018 (Rex. Nº 1718/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**13(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL TÓDALAS ANALÍTICAS REALIZADAS POR AQUALIA, ASÍ COMO A REALIZAR UNHA AUDITORÍA PÚBLICA EXTERNA DA REDE DE ABASTECEMETO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1716/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de febreiro de 2018, número 1716/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O feitos coñecidos dende o pasado mes de decembro en relación á calidade do subministro de auga potable na cidade de Vigo tense convertido nun motivo de profunda preocupación para as veciñas e veciños da nosa cidade.

Os continuos resultados de analíticas que amosan a deficiente calidade e mesmo a falta de potabilidade en diversas zonas da cidade merecen unha atención que o goberno municipal non está a amosar, mesmo todo o contrario o goberno trata sistematicamente de agochar os resultados das analíticas e desvíaa atención cara a asuntos que nada teñen que ver coa calidade da auga do subministro municipal.

Dende que se coñeceron estes feitos o grupo municipal do Partido Popular ten presentado reiteradas solicitudes de documentación respecto aso resultados das analíticas, así como dos investimentos realizados pola concesionaria municipal e polo goberno en canto á renovación da rede de abastecemento, que na súa meirande parte non teñen sido atendidas polo goberno municipal, vulnerando claramente os dereitos legais de acceso á documentación contemplados na Lei de bases de réxime local e na normativa de transparencia autonómica e estatal.

Mesmo en declaracións públicas realizadas no Pleno da Corporación o goberno enganou deliberadamente aos grupos da políticos no Concello, aos medios de comunicación e aos veciños e veciñas cando se comprometeu a entregar documentación que ao día de hoxe sigue ocultando nunha actitude que supera amplamente feitos dos reximenes máis antidemocráticos do mundo.

Ao día de hoxe e tras terse coñecido problemas co altos contidos de ferro, de trihalometanos ou coa ausencia de cloración en diversos puntos da cidade que en moitos casos chegan de desaconsellar o consumo de auga de rede de abastecemento de Vigo o alcalde Abel Caballero e o concelleiro de fomento, David Regades, lonxe de exercer a súa responsabilidade de goberno tomando as medidas necesarias para a subsanación destes graves problemas, téñense adicado de xeito sistemático á ocultación dos mesmos en clara connivencia con unha concesionaria municipal que dende fai máis de un ano e medio non da conta dos investimento realizados a cargo dunha prórroga do contrato escura e realizada contra os interese dos vigueses.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao goberno municipal a facilitar inmediatamente todas as analíticas realizadas por Aqualia e polo laboratorio municipal pendentes de entrega correspondentes aos meses de decembro de 2017, xaneiro e febreiro de 2018.
- Instar ao goberno municipal a a realizar unha auditoría pública, externa e independente de toda a rede de abastecemento da cidade, incluídas as ETAP, os depósitos e a rede.
- Instar ao goberno municipal a dar conta dos investimentos realizados dende a aprobación da prórroga do contrato do servizo de abastecemento e saneamento, diferenciando claramente o estritamente adicado á renovación da rede e o investido en actuacións que nada teñen que ver coa súa competencia.
- Instar ao goberno municipal á realización dos investimentos urxentes e imprescindibles na ETAP, así como na construción dos depósitos intermedios necesarios que garantan os niveis de cloro necesarios para manter a potabilidade e a máxima calidade da auga en toda a rede da cidade.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que parece que estou a ter un “dèjà vu” Sr. Regades, vostede sentado aí na presidencia e agora unha moción do Partido Popular para falar da calidade da auga en Vigo, e teño que lamentar que cada vez que falamos desta moción e deste tema a situación que temos é practicamente igual que o mes anterior, salvo que iso si sorprendentemente despois dun mes completamente en branco sen recibir ningunha información por parte do goberno e a pesares de sempre as promesas que fai o Sr. Regades en cada Pleno, nese mesmo día entregarnos toda a documentación pendente, pois esperan e xusto o día anterior do Pleno esta vez fomos agraciados con outro paquete de informes cos resultados de auga neste caso do mes de xaneiro, dalgún deles porque aínda estamos esperando por eses 500 que nos faltan do mes de decembro.

Eu creo que, señores do goberno municipal, eu creo que xa é o momento de que se tomen o problema da calidade de auga en Vigo en serio, de verdade dígollo porque cada día que pasa, cada día que coñecemos novos datos por certo, insisto, non proporcionados por vostedes, a preocupación que hai nos veciños se incrementa, e sobre todo a preocupación que hai nos veciños de dúas zonas concretas de Vigo, onde viven 27.000 vigueses, que é Teis e Canido, o outro día estábamos con veciños de Teis, coa Asociación de Veciños de Teis que está extraordinariamente preocupada pola auga que están a beber e porque tamén está moi preocupada porque non só non contestan ao Partido Popular as súas peticións de información senón que tampouco contestan ás asociacións de veciños os resultados claros dos controis que estiveron facendo nos últimos meses e que están a facer na actualidade, e non me extraña que estean preocupados porque dende logo os datos que fomos coñecendo e moi ao seu pesar claramente porque se houbera sido por vostedes a escuridade sería absoluta neste tema, invitan á preocupación cada día máis grande, primeiro, había problemas de ferro graves, ferro que sobrepasaba como moito os límites recomendados que teño que lembrarilles que son de 200, ferro que sobrepasaba con moito eses límites, que chegaba a superar nalgúns casos a potabilidade, todo con negativas reiteradas do Alcalde de Vigo ao que lle desmentían os seus propios técnicos de Aqualia, pero el seguía don erre que erre negando a realidade, despois problemas tamén cos trialometanos, problemas co aluminio, de auga amarela, de turxidez de auga e o

último episodio problemas de cloro, hai zonas desta cidade na que os veciños están a beber auga sen clorar, isto é extraordinariamente grave porque unha auga que non ten cloro é unha auga que non ten garantía sanitaria, e un responsable público e un responsable político o primeiro que tería que facer é preocuparse pola saúde dos veciños e vostede sabe moi ben que houbo técnicos de Aqualia acompañados por técnicos da Xunta de Galicia que visitaron varias zonas e varios locais desas zonas de Vigo, de Canido e de Teis recomendando que non se utilizara a auga porque non teñen garantía sanitaria, e que fai o goberno municipal ante esta realidade? Pon algún mecanismo en marcha, por certo seguindo os propios informes de Aqualia o informe do ano 2017, e construíndo depósitos intermedios que fagan que o cloro chegue tamén ao final da rede, como é Canido e Teis? Non, o que fai este goberno municipal, o Alcalde de Vigo, unha vez máis é negar a realidade, é dicir que non a todo, é insultar á voceira do Partido Popular, ao Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Vigo, en fin, en definitiva, a todos aos que sempre insulta día si e día tamén, cando o que os vigueses o que necesitan non son insultos, son solucións e aquí lle propoñemos unha moción na que lle pedimos e lle damos o camiño para comezar a solucionar este problema, primeiro unha auditoría independente, non queremos que audite Aqualia a súa propia rede, queremos unha auditoría independente, non imos a poñer ao zorro coidando das galiñas, queremos unha auditoría independente do estado da rede de abastecemento, o primeiro, queremos tamén que se nos dea conta de tódolos investimentos que fixo Aqualia nos últimos anos na rede de abastecemento pero con luz e con taquígrafos claro, claro, cales son eses investimentos que fixo Aqualia, que a día de hoxe as descoñecemos máis alá dos setos decorativos e das losetas; e tamén queremos que se constrúan depósitos para permitir que o cloro chegue en perfectas condicións a calquera das partes de Vigo, imos comezar por aí e seguiremos porque creo que ese é un primeiro paso que espero que acepte este goberno.

SR. PÉREZ CORREA: Nós, creo que pola pouca experiencia que temos algúns gobernos gobernados por Mareas, por espazos de Unidade Popular, pedimos á Xunta de Galicia que teña a mesma celeridade para declarar a auga de Vigo non apta para o consumo humano que tivo en setembro do 2015 para facelo en Ferrol,

porque con estas analíticas que nos entrega o Concello de Vigo, coas analíticas que pedimos e que se nos entregaron, estas son analíticas do laboratorio municipal, con estas analíticas, cando menos hai que prohibir o consumo de auga en determinadas zonas. Estas analíticas teñen uns indicadores, os parámetros están moi por enriba do que marca a normativa, logo xa buscaremos cal é a culpa, se é un problema da rede do propio do colexio, buscaremos se é que se están a tomar as medidas por parte de Aqualia de maneira legal, pero terá que ser a Xunta de Galicia a que declare a alerta sanitaria e prohibir a auga de consumo humano nesas zonas, para nós é absolutamente esencial porque coincidimos co Partido Popular que hai zonas da cidade de Vigo onde a auga en billa, nos domicilios, da con parámetros que non están dentro da ordenanza, nin sequera con ese gap que permite, é dicir, o recomendado son 200 microgramos de ferro por litro, ata 600 pode ser un parámetro incluso asumible polo estado do subministro, pero mil e pico como dan algunhas analíticas que vostedes nos entregan, laboratorio municipal, eu xa lle digo que para facer unha analítica non hai que ter unha ISO, hai que seguir un procedemento, pero a analítica para nós é perfectamente válida, se a Xunta de Galicia ten analíticas que coinciden coa analítica do laboratorio municipal, esiximos a mesma celeridade que se fixo en Ferrol coa empresa Emafesa, a empresa municipal de auga, porque os criterios para prohibir beber a auga da billa en Ferrol son exactamente os mesmos polos que temos que prohibir a auga en Vigo, porque mentres non o fagamos, Aqualia rise dos vigueses/as e o dicimos abertamente, trampeando as analíticas, purgar unha rede hai que autorizalo, purgar unha rede hai que informar ao laboratorio da Xunta de Galicia con sede en Lugo, para facer unha purga en rede nos días que se fai unha analítica, hai que informalo, a Xunta de Galicia pode verificalo cos seus técnicos inspectores farmacéuticos que veñen aquí precisamente e que son notificados cando se fan purgas, non se nos diga que purgar a rede é normal, porque purgar unha rede significa que hai anomalía e polo tanto, cremos que se investigue, por suposto que si, agora non queremos unha investigación de “price waterhouse cooper” como a outra, que foi a que permitiu ampliar cinco anos máis a concesión, para nós abrindo unha caixa de Pandora perigosa porque o contrato que vostedes teñen formalizado con Aqualia di que poderemos ir incrementando eses períodos de cinco anos ata un máximo de 40, co cal os vigueses estamos collidos durante

un máximo de 40 anos a pagar 30 metros cúbicos, a non ter ningún tipo de control nin garantía pública de como se está a subministrar auga e un debate que para min é estéril, vostedes van a introducir seguramente o debate do río Verdugo, pero que o contrato que vostedes formalizaron esixe á concesionaria o mantemento da estación depuradora do Casal que estaba no contrato hai 25 anos, se a concesionaria en 25 anos non fixo nada por mellorar a potabilizadora que é responsabilidade deste Concello poderemos pedirlle á Xunta de Galicia que faga unha nova, e poderemos pedir que nos faga un cuarto ou un quinto embalse, lexítimo, pero a responsabilidade da estación do Casal é do Concello de Vigo, no boten balóns fora porque está no contrato que se pode facer público e que calquera persoa pode ver.

Nós o que queremos é unha comisión de investigación aquí no Pleno, non queremos unha auditoría externa, xa a tivemos auditorías externas que dixeron que se pode seguir roubando co sistema de tarificación dos 30 metros cúbicos aínda que non se consuman, xa tivemos auditorías que dixeron que era legal que a cambio de 20 millóns de investimentos arbitrarias se ampliara 5 anos unha concesión que tiña que renovarse despois de 25 anos. Polo tanto, pedimos unha comisión, volveremos a pedir, que falemos abertamente do que pasa coa auga de consumo humano nesta cidade e emprazamos á Xunta de Galicia a actuar coa mesma celeridade que se actuou noutras cidades, porque en Ferrol si? Por que en Ferrol con trialometanos cun niveis nalgúns puntos de toma incluso inferiores aos que están dando as analíticas neste Concello por que se declarou por parte da Xunta de Galicia en Ferrol a alerta sanitaria de maneira inmediata en case 24 horas e aquí nin sequera se comete a prudencia de avisar aos colexios que están dando os indicadores mal e teñen que ser as propias traballadoras do laboratorio as que fagan esa función, por que non se avisou por parte deste Concello ou da Xunta de Galicia das dúas administracións que fan analíticas sobre a rede de subministro de auga nesta cidade, aos centros educativos, aí si para nós pode haber unha responsabilidade penal, por non avisar aos colexios e para non avisar aos cidadáns si que consideramos que hai unha responsabilidade penal.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade o falar non ten cancelas, despois dicimos palabras grandilocuentes e pensamos que aí definimos a potabilidade ou non, se



apta ou non a auga de Vigo. A auga de Vigo é apta para o consumo humano e así o di a Xunta de Galicia que é o órgano que ten competencias para elo, pero non o di de forma arbitraria, non señores de Marea de Vigo, dino porque hai un Real Decreto o 140/2003, de 7 de febreiro, no establecen os criterios de calidade da auga, e a calidade da auga de Vigo sempre foi apta para o consumo, por iso non suspenderon a a calidade non apta do consumo cousa que non pasou así noutras cidade de Galicia, pero bo é verdade que por moito que lle intente explicar, reflexionar, vostedes sempre van a crear o alarmismo, eu creo que o que hai que facer é todo o contrario, ser obxectivos e dicir a realidade do que está a pasar coa auga de Vigo, que a auga de Vigo é auga apta para o consumo, é unha auga potable para o consumo e non só iso, senón que é a auga máis analizada de toda España, Sr. Font, por favor, ensine as analíticas feitas nos últimos meses, esas son tódalas analíticas feitas nós últimos meses no Concello de Vigo pola auga, entregadas polo Concello ao Partido Popular, en data de 19 de outubro de 2017, subministrábase as analíticas solicitadas, en data de 29 de xaneiro do 2018, remitíronse as analíticas de novembro e decembro do ano 2017, solicitadas polo Partido Popular, o 30 de xaneiro do 2018, se lle remitiron copias das incidencias completadas no artigo 27.2 do Real Decreto 140/2003, na data de 27 de febreiro do 2018, se lle remitiron as analíticas do mes de xaneiro do mesmo ano, teñen máis informes que todos os concellos de España xuntos, pero non só iso é que a min me sorprende porque claro eu imaxínome que isto fano por entorpecer a función do goberno e por entorpecer a función dos funcionarios, porque temos funcionarios adicados só a isto e vostedes están equivocados, os funcionarios están non para servir ao Partido Popular senón que están para traballar para os cidadáns, para as veciñas/os de Vigo, pero bo eu creo que iso vostedes non o van a ter nunca en conta porque cren que as administracións son propiedade súa.

Despois cando dicía que Aqualia e a autoría que pretenden facer para ver a calidade da auga que sexa externa, claro o laboratorio de Aqualia está certificado por Aenor e como saben vostedes a entidade nacional de acreditación Enac certificou esta laboratorio para que as análises que se fagan por parte da empresa concesionaria sexan as análises aptas e procedimentados, non que se inventen procedementos. Máis transparencia que o Concello de Vigo e máis transmisión de documentación que o Concello de Vigo, ningún, o goberno local ven dando conta

de modo regular e público dos investimentos feitos polo abastecemento de auga, cando vostede nos dicía que investimentos se están a facer co Plan de Investimentos da Auga? Pero si se pasan pola Xunta de Goberno as obras de Aqualia catro veces, a primeira, acordo de encomenda Aqualia da execución da actuación a partires dun informe técnico dos funcionarios municipais do Concello, xustificando a necesidade do investimento, despois punto segundo, acordo aprobación do proxecto e custes asociados da actuación, tamén se pasa pola Xunta de Goberno, se pasa tamén pola Xunta de Goberno punto terceiro, a remisión dos datos coa tramitación dos expedientes, coa expresión do investimento a facer, orzamentos, prazo, data de inicio, de final da obra, garantía e axentes intervenientes, pero pasa unha cuarta vez pola Xunta de Goberno, Xuntas de Goberno que son todas públicas e aos que vostedes teñen acceso a toda a información e se pasa unha cuarta e última vez pola Xunta de Goberno para recoñecer o investimento feita pola empresa concesionaria dentro do Plan de investimentos, que se fixo no Plan de Investimentos de Aqualia? 12.000 metros lineais de tubaxe de abastecemento, 6.000 metros de tubaxes de saneamentos, máis de 5.000 metros de augas pluviais na cidade de Vigo feitas nos últimos anos, as actuacións executadas suman máis de 13 millóns de euros de renovación das infraestruturas hidráulicas da cidade. Renováronse 68.000 metros de tubaxes de abastecemento, 45.000 metros de tubaxes de saneamentos de augas residuais e 89.000 metros de augas pluviais, que cando chegamos a este Concello non existían.

Polo tanto, auga apta para o consumo, investimento máis que transparente xa que a facemos a través da Xunta de Goberno Local como non pode ser doutra forma, con catro controis na Xunta de Goberno Local e lle dicimos máis, que mandamos tódolos datos de tódalas analíticas no mes de decembro, máis de 700 analíticas, á Xunta de Galicia que é o órgano xestor e que tódolos cidadáns a través do seu portal poden saber en momento real, eu lles pediría aos señores do Partido Popular acendan o ordenador e no momento real, datos publicados pola Xunta de Galicia saben se a auga é apta ou non apta para o consumo humano, e en Vigo a auga sempre foi apta e potable para o consumo humano.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Regades que hai que ver que vostede

chegue aquí e sente nese Pleno, un Pleno máis, no terceiro Pleno consecutivo xa e volva a contarnos a mesmas mentiras, que non as cre nin vostede, Sr. Regades.

Mire, Sr. Pérez, voulle dicir por que a Xunta de Galicia non decretou a non potabilidade da auga en Vigo nalgunhas zonas, sabe por que non o decretou despois deses informes? Porque ninguén llo dixo, porque o Concello de Vigo tiña a obriga legal de comunicar eses resultados que agora lle mandaron a vostedes do Laboratorio Municipal á autoridade sanitaria, e os esconderon, e por iso a Xunta de Galicia, que foi a facer unha inspección descubriuno semanas despois e abriulles un expediente sancionador, e ese expediente sancionador que teñen vostedes aberto por ocultar información grave que afecta a saúde dos vigueses, algo grave, non só se quedará nun expediente administrativo sancionador, porque aquí vai a ver responsabilidades doutro tipo e van vostedes que ten dar que conta non este Pleno, noutro sitio de cal foi a súa actuación neste punto, ocultaron intencionadamente información que determinaba a non potabilidade da auga en Vigo, xogou coa saúde dos vigueses e logo ven o Sr. Alcalde despois de estar mentindo durante meses a reunirse con persoal do Álvaro Cunqueiro hospital que denotou e sobre o que mentiu día si e día tamén a dicir que está preocupado pola saúde dos vigueses, non nos cremos ese conto e lles pedimos que non nos conten máis contos, que estamos fartos dos seus contos coa auga, que o queremos é ter información, é que nos dean tódolos resultados dos controis, que publiquen os resultados dos controis da auga na páxina web de Aqualia para que o vexan tódolos vigueses, que o que queremos que os 450 millóns de euros que ingresou Aqualia dende que vostedes están no goberno, 450 millóns de euros, que fixeron con eles? E nos dicía vostede agora 13 millóns, e o resto? O resto da conta de resultados ao beneficio de Aqualia? Sorprendente e lamentable, queremos claridade, que se acometan os investimentos que fan falla non as que vostedes lles interesa politicamente por motivos electorais, queremos que se invista na potabilizadora que é obsoleta e que non está facendo o traballo que debe, queremos que se constrúan depósitos intermedios para que a tódolos puntos da rede chegue o cloro e neste momento os veciños de Teis e de Canido non teñan a auga sen clorar, iso é o que queremos e iso é o que esiximos tódolos vigueses, e o seguiremos esixindo a pesares das súas mentiras e das súas falsidades, e se seguen vostedes ocultando a información e se seguen vostedes mentindo a

tódolos vigueses, estará dentro da súa responsabilidade, dende logo a do Partido Popular vaise cumprir porque imos seguir pedindo o que non se nos da e esixindo o que non se fai, e se non o fai vostedes en ano e pouco tempo, xa o fará o Partido Popular.

PRESIDENCIA: O Grupo Socialista presentoulle unha emenda de substitución na que instábamos á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso de execución das obras de captación de emerxencia do río Verdugo paralizadas por dita administración. Punto segundo instar á Xunta de Galicia a realizar unha auditoría en tódalas instalacións internas do subministro de auga aos colexios de ensinanza que é competencia da Xunta de Galicia na cidade de Vigo, e proceder á renovación da rede interior das tubaxes do CEIP Ría de Vigo e punto terceiro, instar á Xunta de Galicia a cumprir o comprometido e faga unha nova potabilizadora de auga tal e como se comprometeu polo goberno autonómico no 2013 no Plan de Abastecemento da auga.

Acepta a moción de substitución?.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non, mocións para desviar a atención cara os responsables, non Sr. Regades, para iso presenten vostedes unha moción.

PRESIDENCIA: Falando de transparencia e falando da transparencia deste goberno, deste Concello, lembrarlle ao Partido Popular e seguramente a tódalas viguesas/es que xa o coñecen, que é recoñecido o Concello de Vigo polas súas prácticas e pola FEMP na rede de transparencia e tamén varios premios que recibimos á transparencia en materia de contratación, con vostedes e os vigueses/as todos eles coñecen, eu non entendo cando a Xunta de Galicia ten as competencias e estamos a dicir que no portal da Xunta de Galicia aparecen tódolos datos relativos á potabilidade da auga de Vigo, como vostedes din que o organismo que ten competencias non lles vale, que vostedes queren que apareza nunha páxina determinada, concreta e nun sitio concreto, cando tódolos concellos de Galicia están no mesmo portal que é un portal da Xunta de Galicia. Eu tiven tentación Sra. Muñoz, de comezar a ler aquí tódalas análíticas feitas en decembro do ano 2017, entón ía a dicirlle o 1 de decembro do 2017, as dúas da mañá se fixeron as

seguintes probas de ferro en tres puntos da cidade, e daban 539, 520, 478, todos por debaixo dos 600 de ferro, as seis da mañá fixéronse outras tres probas en distintos puntos da cidade e daban 535, 530, 500 e 490, as dez da mañá volvíanse a repetir as probas e estaban todas por debaixo dos 600 en ferro, 569, 528, 484; as dúas da tarde volveron a repetirse tódalas probas estando por debaixo do 600 de ferro, as seis da tarde volveron a repetirse as mesmas probas, as dez da noite volveron a repetirse as mesmas probas, pasamos ao día 2 de febreiro, as dúas da mañá, as seis da mañá, as dez da mañá, as dúas da mañá, as dúas da tarde, as seis da tarde, as dez da tarde e así o día 3, 4, 5, etc. todos eles, datos feitos por este Concello, por este goberno e trasladados todos eles as 700 e pico que se fixeron en decembro, trasladados á Xunta de Galicia, están aí como lle ensinaba o Sr. Font e están na Xunta de Galicia, no porteiro da Xunta de Galicia que é a membra competente, e xa lle diciamos que é a auga máis analizada de toda Galicia, sendo Sra. Muñoz, atenda porque isto é moi importante, sendo a auga máis analizada de toda Galicia sendo unha das mellores augas de Galicia e traerei tamén a este Pleno datos concretos e específicos, analíticas de concellos gobernados polo Partido Popular coa auga en moi peor condicións que o Concello de Vigo. Co cal, como dicimos sempre, para calidade e para transparencia, os veciños/as de Vigo saben que a auga de Vigo é apta para o seu consumo porque o órgano competente que é Xunta de Galicia así o ten determinado.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do seu titular)*

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.02.2018 (Rex. Nº 1716/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**14(30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORAR E DESENVOLVER UN PLAN ESTRÁTEXICO CULTURAL PARA VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1717/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de febreiro de 2018, número 1717/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A cultura tense transformado nos últimos anos nun elemento central das políticas locais e territoriais. Unha aposta decidida pola cultura fai desta un factor de rexeneración urbana; ten a capacidade de potenciar o desenvolvemento dunha cidade; contribúe a recuperación do seu patrimonio histórico; atrae visitantes e mesmo residentes; e supón un factor de diferenciación con outros enclaves e territorios.

Neste marco, chama poderosamente a atención a falta dun verdadeiro proxecto cultural á altura do que Vigo demanda. Un proxecto que contribúa a consolidarnos como destino turístico urbano, a nivel nacional e internacional, ao tempo que facilite o desenvolvemento económico da cidade.

Vigo está a perder o tren dunha fonte importante de ingresos e dun sector económico estratéxico con capacidade para xerar postos de traballo. E o está a perder non porque o diga este grupo municipal, senón porque así o evidencian os datos e as actuacións deste goberno.

Ano tras ano, e a pesar de contar cunha ampla rede de museos, as cifras

empeoran. Así, desde o 2011, exercicio no que o PSOE asumiu a súa xestión directa, a rede de museos municipal ten perdido máis de 60.000 visitantes.

Unha cifra que este goberno parece empeñado en mellorar co desmantelamento que está a levar a cabo no museo municipal que mellor funciona: o MARCO.

O Museo de Arte Contemporáneo de Vigo recibiu, no 2017, o mesmo número de visitas que o Verbum, o Quiñones de León, a Casa da Cultura, a Pinacoteca, a Casa das Artes, o Centro de Artesanía Tradicional e o Liste xuntos. Dato que demostra que o MARCO tíñase convertido, por dereito propio, nun referente nacional da arte contemporánea.

Fronte a isto, o goberno municipal prescindiu do director -chegando mesmo o alcalde a dicir que o museo está mellor sen director- na procura de orientar a súa actividade cara non se sabe onde.

Este atentado cultural a gran escala ten tamén a súa correspondencia a pequena escala, con decisións incomprensibles como a adoptada na Escola Municipal de Danza, a cuxos alumnos subúselles de novo o prezo do curso sen ningún motivo, de 7 a 20 euros mensuais.

Esta cifra, sumada aos 40 euros de matrícula, ten suposto que, en so dous anos, os alumnos viron como se lles multiplicaba por 15 o prezo do curso, nunha mostra máis de que este goberno vive absolutamente de costas á cultura.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Goberno municipal a elaborar e desenvolver un Plan Estratéxico Cultural para Vigo.
- Instar ao Goberno municipal a respectar o espírito do museo MARCO, potenciando a súa actividade para que siga a ser un referente nacional da arte contemporánea.
- Instar ao Goberno municipal a reducir os prezos da matrícula e das mensualidades da Escola de Danza Municipal devolvendo ambas contías a niveis de 2015."

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Saúdo tamén aos alumnos e profesores do Colexio Mendiño informándolles que este é o último debate do Pleno.

A cultura tense transformado nos últimos anos nun elemento central das políticas locais e territoriais, unha aposta decidida pola cultura fai desta un factor de

rexeneración urbana, ten a capacidade de potenciar o desenvolvemento dunha cidade, contribúe á recuperación do seu patrimonio histórico, atrae visitantes e mesmo residentes e supón un factor de diferenciación con outros en claves e territorios. Neste marco chama poderosamente a atención a falla dun verdadeiro proxecto cultural á altura do que Vigo demanda, un proxecto que contribúa a consolidarnos como destino turístico urbano a nivel nacional e internacional ao tempo que facilite o desenvolvemento económico desta cidade. Vigo está a perder o tren dunha fonte importante de ingresos e dun sector económico estratéxico con capacidade para xerar tamén postos de traballo e o está a perder non porque o diga este grupo municipal senón porque así o evidencian os datos e as actuacións deste goberno, ano tras ano e a pesares de contar cunha ampla rede de museos, as cifras empeoran, así dende o 2011 o exercicio no que o PSOE asumiu a xestión directa na rede de museos municipal ten perdido máis de 60.000 visitantes, unha cifra que este goberno parece empeñado en mellorar co desmantelamento que está a levar a cabo no museo municipal que mellor funciona que é o Marco. O museo de arte contemporáneo de Vigo recibiu no 2017 o mesmo número de visitas que o Verbum, o Quiñones de León, A Casa da Cultura, a Pinacoteca, a Casas das Artes, o Centro de Artesanía tradicional e o Liste xuntos, dato que mostra que o Marco téñase que convertido e por dereito propio, non polos políticos, por dereito propio, nun referente nacional da arte contemporánea. Fronte a isto o goberno municipal prescindiu do director, chegando mesmo o Alcalde a dicir que o museo está mellor sen director, na procura de orientar a súa actividade cara non se sabe onde, e ademais unha falla de respecto absoluta, o Padroado do propio Marco e co desplante de 16 artistas, tódolos artistas queren expoñer por algo será que se negaron a expoñer no Marco nesta lexislatura.

Este atentado cultural a gran escala ten tamén a súa correspondencia a pequena escala ou a escala municipal con decisións incomprensibles como a adoptada na escola municipal de danza e música tradicional a cuxos alumnos se lles subiu de novo o prezo do curso sen ningún motivo, de sete a vinte euros mensuais, esta cifra sumada aos 40 euros de matrícula ten suposto que en só dous anos os alumnos viron como se lles multiplicaba por 15 o prezo do curso, nunha mostra máis de que este goberno vive absolutamente de costas á cultura, e isto é un impedimento, esta suba na taxa da Escola Municipal é un impedimento absoluto



para a familias, para nenos, para maiores, que queren formar parte desta escola, que ten unha tradición que tódolos Alcaldes/as ao igual que o Marco respectaron, e que isto é unha decisión política unilateral que non beneficia a ninguén, prexudica á cidade, á cultura tradicional, ao arte contemporáneo, aos sectores económicos como dixen xa tamén, é unha presión innecesaria, que queren recadar con eses 20 euros que lle están a cobrar aos alumnos da escola municipal de danza tradicional, cal é o recadación porque a verdade vostedes din que son un goberno lexítimo pero son un goberno penoso porque realmente iso é limitar absolutamente a cultura e ese prezo é incluso maior que nalgunhas escolas e conservatorios privados desta cidade que por suposto teñen que existir, pero a Escola Municipal de danza Tradicional é unha vergoña que vostedes estean agora cobrándolle 20 euros mensuais con 40 euros de matrícula.

Este goberno municipal, este Alcalde, como ben saben vostedes arraxa coa cultura, nós pedímoslle respecto porque tódalas manifestacións culturais que hai nesta cidade de Vigo que teñen ademais unha bagaxe e unha autonomía propias, hai que respectalas, hai que axudalas, e vostedes están politizando absolutamente todo, entón o Sr. Abel Caballero cre que vai ser o mellor director do Museo de Arte Contemporáneo, cre que vai ser o mellor profesor da escola de danza, cre que é o mellor guitarrista desta cidade, cre que é o mellor expoñente cultural desta cidade, iso non pode ser así, miren un exemplo, as costas que lle deron tamén ao Pergamiño Vindel, o Pergamiño Vindel vostedes como se non pasara por esta cidade, recibiu xa máis de 35.000 visitantes e ademais inspirou a máis de 50 películas de estudantes galegos, recibiu moitas visitas de nenos/as, iso é achegar á cultura e educar na cultura ás novas xeración, pero que fai esta Alcalde? En vez de achegar esa cultura vai el a ver aos alumnos, é el o máximo expoñente da cultura desta cidade de Vigo, de verdade que isto é un agravio absoluto, que ningún concelleiro/a de cultura, que ningún Alcalde/esa nesta cidade ten feito ata este momento, entón nós temos que dicir que que legado vaille quedar á cidade de Vigo, porque si ten pasado, este museo de Arte Contemporáneo ten un pasado, ten dificultades e está a saír adiante, esta Escola Municipal de Danza ten un pasado, ten unha tradición pero que vai quedar despois do Sr. Abel Caballero? Nada, arraxa coa cultura. Nós pedímoslle por favor coherencia e que apoiem esta moción porque será importante para Vigo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Imos a ir directas aos acordos propostos na moción, en canto ao primeiro acordo, petición dun Plan Cultural, é evidente que o campo da cultura non pode estar suxeito á improvisación e se non hai improvisación e se non hai improvisación na nosa cidade, dende logo o parece. Colectores baleiros como a Pinacoteca con 40.000 euros orzamentados que loxicamente ao estar pechada, pasaron directos a superávit, o Verbum nunca ben xestionado e que agora é un páramo deserto ou os convenios de promoción cultural do Auditorio Mar de Vigo que en lugar da incultura como marco xeral, deberían de estar en festas; a ausencia de axudas significativas e apoio aos teatros locais que estando dentro da iniciativa privada, van salvando o tecido cultural local como Teatro Ensalle ou a sala Ártika.

Por suposto que é imprescindible un plan cultural integral para a nosa cidade, tanto para optimizar os colectores culturais como as políticas culturais e as prioridades de investimento, a nosa dúbida en todo caso é se o goberno local o que teña que desenvolver en solitario este Plan porque se nestes momentos os resultados podemos cualificalos de pobres, haberá que pulsar outros botóns para obter un resultado diferente, e por iso que presentamos a emenda de engádeda a este punto propondo que esta programación cultural se faga a través dun Consello Municipal da Cultura, este Consello que sería creado en base ao Regulamento de Participación Cidadá e de acordo co código de boas prácticas da FEMP, estaría conformada polo goberno local, representantes da cultura do movemento veciñal, membros de institucións culturais públicas e privadas que operen na cidade, membros de asociacións culturais, artistas de demostrado percorrido curricular e representantes dos partidos da Corporación, o obxectivo sería que a política cultural da cidade non sexa unha deriva improvisada que vaia cambiando con cada goberno, senón que exista unha continuidade na liña que permita calidade, participación e continuidade nos proxectos.

En canto ao segundo acordo, instar ao goberno municipal a respectar o espírito do museo do Marco potenciando a súa actividade, estando de acordo en que hai que manter o proxecto orixinal que levou ao Marco a ser o museo máis visitado na nosa cidade con grande diferenza e discrepando absolutamente da deriva actual que levou a deixar ao museo sen director, á dimisión da xefa de exposicións e a

negativa de moitos artistas a participar nesta deriva, é dicir, discrepando do desmantelamento absoluto do Marco, como referente da arte contemporánea na nosa cidade, hai que dicir que para potenciar a súa actividade son necesario fondos, e que a situación actual é consecuencia tamén do desleixo doutras administracións, no seu día a Deputación de Pontevedra gobernada naquel momento polo Partido Popular abandonou o Padroado, supoñemos que o Sr. Louzán estaba máis interesado noutros campos, concretamente campos de herba artificial, e hai que dicir tamén que a Xunta de Galicia foi baixando a súa achega ata deixala en cantidades que son pouco máis que simbólicas, lembramos que o Concello achega máis de 600.000 euros, a Xunta de Galicia 100.000 euros e o Ministerio de Cultura que tampouco parece moi interesado neste tema, 35.000 euros. Está ben que o Partido Popular de Vigo amose interese no Marco, tamén estaría ben que a través das institucións que goberna amosase ademais de interese tamén compromiso porque daqueles pós parte destes lodos.

En canto ao terceiro acordo, instar ao goberno municipal a reducir os prezos na Escola de Danza, pensamos que é de xustiza que xa que esta casa presume de superávit efectivamente no campo da cultura prioritariamente, se faga un esforzo orzamentario para que sexa alcanzable a todas.

En resumo, apoiaremos os acordos que contén esta moción a pesares de que hai unha evasión de responsabilidades no punto dous, que son achacables tamén a institucións gobernadas directamente polo Partido Popular, e agardamos que as concelleiras do Partido Popular de Vigo presionen nesas institucións para o mantemento do tecido cultural e que o fagan con feitos e non só con palabras.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A verdade é que xamais vin un desatino político que invade o concepto de hipocrisía política tamén, ver a uns representantes de Marea defendendo dende o descoñecemento máis supino intereses lobísticos, minoritarios, elitistas, alleos á realidade da maioría social e artística da cidade, como o releva o eco escaso das reivindicacións e a uns representantes do Partido Popular causantes dunha visión cutre dos valores culturais, sociais, pero por enriba de todo causantes dos recortes máis brutais en políticas sociais, en educación e sanidade e por suposto que en cultura, cultura con maiúsculas, que xamais podemos comprobar. Como se atreven a vir a un Pleno aducindo o papel

dinamizador da economía social de Vigo por parte da cultura, cando vostedes emprenderon a maior loita restritiva contra os orzamentos da Xunta de Galicia con Vigo, vaimos a simples exemplos: Marco, redución a un terzo da achega da Xunta de Galicia no Marco, do 16% ao 12%, e que dicir do compromiso da Xunta de Galicia coa música? A música con maiúsculas, a Orquestra Sinfónica de Galicia presuposto da Xunta de Galicia 2.500.000 euros, Orquestra Filharmónica de Santiago de Compostela presuposto da Xunta de Galicia 661.707 euros, máis do 16% do orzamentos global, Orquestra Sinfónica de Vigo 430, a terceira orquestra sinfónica de Galicia de Vigo, cero euros de achega por parte da Xunta de Galicia, claro que hai un proxecto cultural, outra cousa é que vostedes non o vexan o non o queiran ver. Cando o Sr. Abel Caballero gaña as eleccións sucesivamente por maioría absoluta non o gaña baixo ningún concepto por ámbitos que como vostedes refiren ou queren referir, gáñao porque ten un proxecto e hai unhas realidades sociais, proxectos entre eles culturais, urbanísticos e sociais, e polo tanto, por iso gaña as eleccións porque realmente hai un recoñecemento da cidadanía a eses valores da cultura, exemplos o impulso dende a Tenencia de Alcaldía da Sra. Silva da arte con maiúsculas, da cultura e da rúa, co Programa de Medianeras que iso mellora o estilo de vida dos cidadáns, a cultura e por suposto o benestar da xente.

A programación case diaria e de éxito do Auditorio Municipal no compromiso de artes escénicas de cine, o apoio á investigación histórica a través do Instituto de Estudos Vigueses, a solución inapropiada dos gastos de mantemento da biblioteca Juan Compañel que debe corresponderlle exclusivamente á Xunta de Galicia como noutras cidade, a consecución recente da colección Colmeiro, o compromiso coas letras galegas a través do apoio aos premios da crítica e a presenza e apoios as Funcións Penzol, Fernández del Riego e Casares, a incorporación do Auditorio do Palacio de Congresos Mar de Vigo feito durante o primeiro goberno do Sr. Caballero que supuxo un logro cultural de primeiro orde e neste senso ao igual que fan tódalas auditorías de España, apoiamos e seguiremos apoiando unha programación rica e variedada de acordo coas necesidades da maioría social e sen cuxo apoio non sería posible. O apoio e desenvolvemento como nunca das escolas de música, das diferentes parroquias, así como as bandas e corais, as denostadas bandas e corais por moitos de vostedes que teñen unhas posicións elitistas, corais

e bandas de música que máis alá do seu inmenso valor musical supoñen a mellor política de desenvolvemento das parroquias e a mellor política de cohesión, ocio e política social.

E que dicir do momento histórico que vive a música clásica a través dos apoios ás dúas orquestras sinfónicas de Vigo e concretamente Son de Seu e ademais o festival de opera que por fin Vigo recuperou.

Os certos representantes do Partido Popular e Marea de Vigo é evidente que a vostedes non lles interesa en absoluto o Marco nin o mundo da cultura nesta cidade, a vostede o que lles interesa de verdade é a utilización política deste temas que ao igual que outros co único fin de intentar tapar as vergoñas do goberno do Sr. Feijóo con esta cidade e intentar desgastar en vano o goberno do Sr. Abel Caballero, por todo iso imos votar en contra da moción presentada. Cando a Xunta de Galicia cumpra coas súas obrigas nós tomaremos conta desta proposta.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr. Rodríguez Escudero, a verdade é que ningunha soa palabra da Escola Municipal de Danza e Música Tradicional, nin unha soa palabra, pero vai nesta moción, entón ese é o respecto que vostedes teñen e a xestión municipal porque aquí vostede fala moito da Xunta de Galicia, nós de momento non pertencemos a Xunta de Galicia e vostede fala dos investimentos da Xunta de Galicia e non está a falar do tema municipal e hoxe traemos aquí dous temas importantes municipais e fala vostede de elitista, hai espazo para todos e vostede, insisto, nin sequera nomean e ningunean á Escola Municipal de Danza e Tradicional que o único que queren facer é pechala, subirlles o prezo a ese nivel non ten ningunha explicación posible, e despois fala vostede aquí de financiamento só, non, é que aquí hai unha actitude, un desprezo absoluto, aquí non se recibiu á asociación de Amigos do Marco, os artistas da cidade que non son do Partido Popular, Sr. Rodríguez Escudero, están denunciando permanentemente a actitude deste Alcalde, que ningún Alcalde doutra cor política, ningún concelleiro doutra cor política desprezounos desta maneira, teño que dicir así porque é a auténtica realidade e vostedes ata hai tres anos estaban a gobernar co Bloque Nacionalista Galego, polo tanto, tiñan que estar coa balanza máis ou menos controlando o que facían, pero agora que teñen maioría absoluta e que desvelouse totalmente como son, e o Marco non é un espazo soamente na rúa do Príncipe, un museo, o Marco é

un proxecto que xurdiu cun obxectivo concreto, unha referencia a nivel nacional e hai que respectar a súa esencia, se hai problemas de financiamento habería que revisalos pero o que está claro é que o que hai aquí é unha falla absoluta de apoio á cultura de Vigo.

Fala vostede do orzamento, lee todo o Orzamento pero fálolle da execución do Orzamento no premio do Blanco Amor, de Fernández del Riego, na actividade museística, na Pinacoteca, no arquivo Pacheco, Foros culturais, eventos, cero de execución Sr. Rodríguez Escudero en orzamento cultural polo tanto nin unha cousa nin a outra, nós instamos aquí ao proxecto cultural, por suposto imos aceptar a emenda de Marea de Vigo porque cremos que un Consello da Cultura achegaría polo menos pluralidade á cultura nesta cidade, e o que queremos é pluralidade para que se respecten as manifestacións culturais que non son manifestacións culturais do Partido Popular, son dos artistas, nin do Partido Socialista, é que vostedes só queren aquí monólogos do Sr. Abel Caballero, e que el dirixa a cultura desta cidade, non, é que el é un político, é o Alcalde non é o que ten que dirimir e dirixir as manifestacións culturais da cidade.

Respecto ao Marco, redución nas tarefas da Escola Municipal de Danza, como se fixo na historia desta cidade, como sempre, e por suposto un proxecto á altura das circunstancias e desta cidade.

Imos admitir a emenda de Marea polo tanto, votariámolo acordo da moción do Partido Popular coa inclusión do Consello Municipal da Cultura ao abeiro dos artigos 43 e 44, porque cremos que un Consello Municipal da Cultura achegaría tamén a esta cidade unha grandeza e unha riqueza e polo menos respetaría a riqueza que xa existe nesta cidade.

PRESIDENCIA: Antes de ditaminar a moción e unha vez aceptada polo grupo propoñente a emenda pasamos a ditaminar a emenda.

Asesorados polo secretario nos di que se pode ditaminar todo xunto e así imos proceder.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal de Marea, Sr. Jácome Enríquez, presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Engadir no acordo 1:

-Instar ao goberno municipal a elaborar e desenvolver un Plan Estratéxico Cultural para Vigo

-Instar ao goberno municipal a creación dun Consello Municipal de Cultura ao abeiro dos artigos 43 e 44 do Regulamento de Participación Cidadá e o código de boas prácticas da FEMP, co obxectivo de elaborar e desenvolver un Plan Estratéxico e Cultural para Vigo.”

*A relatora da moción, Sra. Egerique Mosquera, acepta a anterior emenda.*

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do seu titular)*

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.02.2018 (Rex. Nº 1717/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**15(31).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO A CLUB DE FÚTBOL GRAN PEÑA.**

SRA. GAGO BUGARÍN: O Fútbol Club Gran Peña tivo que entrenar nos últimos meses nun campo de aluguer de Guixar en Mos, mentres se estaban a facer as obras de remodelación do campo de herba sintética, iso lles supuxo un desempeño de 4.500 euros de fondos propios que agora mesmo para eles é unha situación económica bastante complicada o asumir 4.500 euros. O que rogo ao goberno local é que lle ceda e lle conceda 4.500 euros de fondos propios do Concello aos fondos propios do Club de Fútbol.

PRESIDENCIA: Queda recollida o seu rogo.

**16(32).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO CONFLICTO DUNHA CONCESIONARIA COS TRABALLADORES.**

SR. PÉREZ CORREA: Nos rogamos que se faga unha mediación máis proactiva no conflito que está a ter unha concesionaria con 30 traballadores que son o servizo de recadación executiva pola actitude da empresa de descolgarse do convenio de empresa e levar aos traballadores ao convenio, polo tanto que se medie porque é un servizo importante e cremos que está a xogar un papel bastante nefasto a empresa concesionada.

PRESIDENCIA: Queda recollida o seu rogo.

**17(33).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, SRA. ABELARIAS RODRÍGUEZ, RELATIVO ÁS ACUSACIÓN DA SRA. GONZÁLEZ DICINDO QUE VARIAS PERSOAS SEN TEITO MORRERAN NA RÚA.**

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Prégolle ao Sr. Presidente que lle esixa á Sra.



González do Partido Popular que se desculpe coa cidade polas graves acusacións que fixo dicindo que varias persoas sen teito morreran na rúa, que resultaron ser falsas como ben sabe, ningún xuíz, nin a Policía, ninguén sabe destes falecementos polo que resultada unha auténtica falsidade. Esixímoslle á Sra. González que lle pida perdón á cidade por crear alarma social, especialmente que teñan en conta que vostede sinalou unha zona da cidade de Vigo onde hai un colexio de educación primaria e un colexio de educación secundaria. Pídlle que pida desculpas por crear esa alarma social e díganos onde quedaron eses cadáveres.

PRESIDENCIA: Queda recollido o rogo.

#### **FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

#### **18(34).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA RELATIVO Á APERTURA DA BIBLIOTECA DE NAVIA.**

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Quería preguntarlle á concelleira de Educación ou de Cultura, non sei onde entra isto, cando van abrir por fin a biblioteca ou sala de lectura de Navia tan demandada e que tantas veces preguntamos xa neste Pleno, que nos dean un data xa, por favor.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

#### **19(35).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO A EXPULSIÓN DE VARIOS VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL E A ELECCIÓN DUNHA NOVA DIRECTIVA.**

SR. PÉREZ CORREA: Non está o concelleiro que ten as funcións, pero cando se vai

a facer algo por parte do Concello de solucionar o problema de Protección Civil en canto á expulsión de varios voluntario e a celebración de eleccións para dotar dunha nova directiva a Protección Civil.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito.

PRESIDENCIA: Moitas grazas, feliz día a todos, queda finalizado este Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.